Conservatorio Profesional de Música de Carballo

Programación Didáctica de Acordeón

Curso 2026/2027

Índice

1 Introdución 5
1.1 Marco legal 6

2 Obxectivos xerais das ensinanzas musicais 6
2.1 Grao elemental 6
2.2 Grao profesional 7

3 Obxectivos específicos das ensinanzas musicais 7

4 Metodoloxía 8
4.1 Organización do tempo e do espazo 8
4.2 Principios metodolóxicos 8
4.3 Métodos didácticos 9
4.4 Profesorado 10

5 Atención á diversidade 10

6 Temas transversais 11
6.1 Educación en valores 12
6.2 Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC´s) 12

7 Actividades culturais e de promoción das ensinanzas 13
7.1 Audicións 13
7.2 Actos institucionais 13
7.3 Cursos, clases maxistrais e conferencias 13
7.4 Outros 14

8 Secuenciación do curso 14
8.1 Curso: 1º Grao Elemental 14
8.1.1 Obxectivos 14
8.1.2 Contidos 15
8.1.3 Avaliación 16
8.1.4 Medidas de recuperación 22
8.1.5 Recursos didácticos 23
8.2 Curso: 2º Grao Elemental 24
8.2.1 Obxectivos 24
8.2.2 Contidos 25
8.2.3 Avaliación 26
8.2.4 Medidas de recuperación 32
8.2.5 Recursos didácticos 33
8.3 Curso: 3º Grao Elemental 33
8.3.1 Obxectivos 33
8.3.2 Contidos 35

8.3.3 Avaliación 36
8.3.4 Medidas de recuperación 42
8.3.5 Recursos didácticos 44
8.4 Curso: 4º Grao Elemental 44
8.4.1 Obxectivos 44
8.4.2 Contidos 45
8.4.3 Avaliación 47
8.4.4 Medidas de recuperación 53
8.4.5 Recursos didácticos 54
8.5 Curso: 1º Grao Profesional 55
8.5.1 Obxectivos 55
8.5.2 Contidos 56
8.5.3 Avaliación 57
8.5.4 Medidas de recuperación 64
8.5.5 Recursos didácticos 65
8.6 Curso: 2º Grao Profesional 65
8.6.1 Obxectivos 65
8.6.2 Contidos 67
8.6.3 Avaliación 68
8.6.4 Medidas de recuperación 75
8.6.5 Recursos didácticos 76
8.7 Curso: 3º Grao Profesional 76
8.7.1 Obxectivos 76
8.7.2 Contidos 77
8.7.3 Avaliación 79
8.7.4 Medidas de recuperación 86
8.7.5 Recursos didácticos 87
8.8 Curso: 4º Grao Profesional 87
8.8.1 Obxectivos 87
8.8.2 Contidos 88
8.8.3 Avaliación 90
8.8.4 Medidas de recuperación 96
8.8.5 Recursos didácticos 97
8.9 Curso: 5º Grao Profesional 98
8.9.1 Obxectivos 98
8.9.2 Contidos 99
8.9.3 Avaliación 100
8.9.4 Medidas de recuperación 107
8.9.5 Recursos didácticos 108
8.10 Curso: 6º Grao Profesional 109
8.10.1 Obxectivos 109
8.10.2 Contidos 110
8.10.3 Avaliación 112

8.10.4 Medidas de recuperación 118
8.10.5 Recursos didácticos 119

9 Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica 120

10 Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento..... 120

11 Anexos..... 121
11.1 Probas de acceso a 1º de Grao Profesional..... 121
11.2 Probas de acceso a outros cursos 123
11.2.1 Proba de acceso a 2º de Grao Elemental 123
11.2.2 Proba de acceso a 3º de Grao Elemental 126
11.2.3 Proba de acceso a 4º de Grao Elemental 128
11.2.4 Proba de acceso a 2º de Grao Profesional 131
11.2.5 Proba de acceso a 3º de Grao Profesional 134
11.2.6 Proba de acceso a 4º de Grao Profesional 137
11.2.7 Proba de acceso a 5º de Grao Profesional 140
11.2.8 Proba de acceso a 6º de Grao Profesional 143
11.3 Criterios para a obtención dos premios fin de grao..... 146

1 Introdución

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, establece no seu artigo 45 que as ensinanzas artísticas teñen como finalidade proporcionarlle ao alumnado unha formación artística de calidade e garantir a cualificación dos futuros profesionais da música.

Dita Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, no artigo 48, preceptúa que as ensinanzas elementais de música terán as características e a organización que as administracións educativas determinen. Estas características veñen ditadas para a Comunidade Autónoma de Galicia no Decreto 198/2007, do 27 de setembro, polo que se establece a ordenación do grao elemental das ensinanzas de réxime especial de música.

O Decreto 198/2007, do 27 de setembro establece no artigo 2º do Capítulo I que a finalidade do grao elemental das ensinanzas de réxime especial de música é promover a autonomía do alumnado para que a súa capacidade de expresión musical adquira a calidade artística necesaria que permita acceder ao grao profesional.

De igual modo, A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, establece no seu artigo 6.2º que o Goberno fixará, en relación cos obxectivos, as competencias básicas, os contidos e os criterios de avaliación, os aspectos básicos do currículo que constitúen as ensinanzas mínimas. Ademais, no capítulo VI do título I, a citada Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio fixa as características básicas das ensinanzas profesionais de música, dentro das ensinanzas artísticas. Neste marco, o Real decreto 1577/2006, do 22 de decembro, polo que se fixan os aspectos básicos do currículo das ensinanzas profesionais de música reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, estableceu os aspectos básicos do currículo das ensinanzas profesionais de música. Para a Comunidade Autónoma de Galicia, estes aspectos básicos veñen ditados no Decreto 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música.

O Decreto 203/2007, do 27 de setembro establece que as ensinanzas profesionais de música teñen como finalidade proporcionarlle ao alumnado unha formación artística de calidade e garantir a cualificación dos futuros profesionais da música. Ademais, a finalidade das ensinanzas profesionais de música ordénase en catro funcións básicas: formativa, orientadora, profesionalizadora e preparatoria para estudos posteriores.

A presente Programación Didáctica baséase na secuenciación dos obxectivos, contidos e criterios de avaliación, realizada a partir do currículo oficial vixente para a materia de Acordeón dentro dos graos elemental e profesional. Nesta programación inclúense os obxectivos e contidos, o enfoque metodolóxico, a avaliación (criterios de avaliación, mínimos esixibles, procedementos e instrumentos de avaliación da aprendizaxe do alumnado, criterios de cualificación), materiais e recursos didácticos que se van empregar, e as medidas de atención á diversidade. Engadíronse, ademais, outros apartados considerados de interese e necesidade para levar a cabo o proceso de ensinanza-aprendizaxe.

Esta programación didáctica non pretende presentar unha planificación pechada e definitiva, senón que debe ser entendida coma un instrumento flexible que permita adaptarse ás circunstancias concretas do alumnado en cada momento do seu proceso de aprendizaxe, sirva de marco de referencia para dar forma á nosa ensinanza e garanta que aqueles alumnos e alumnas dun mesmo nivel poidan acceder a unha ensinanza que propicie a consecución dunhas competencias mínimas equiparables.

1.1 Marco legal

Para a elaboración desta programación didáctica tívose en conta a seguinte normativa, clasificada de menor a maior antigüidade atendendo á súa data de publicación:

- → **DECRETO 229/2011, do 7 de decembro**, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- → **DECRETO 223/2010, do 30 de decembro**, polo que se establece o Regulamento orgánico dos conservatorios elementais e profesionais de música e de danza da Comunidade Autónoma de Galicia.
- → **ORDE do 28 de xullo de 2008**, pola que se regulan as probas de acceso ás ensinanzas profesionais de música dispostas no Decreto 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música.
- → **CIRCULAR 21/2008** da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, pola que se regula a avaliación e cualificación dos alumnos e das alumnas que cursan as ensinanzas elementais de música e danza dispostas nos decretos 196/2007, do 20 de setembro e 198/2007, do 27 de setembro, polos que se establece a ordenación das ensinanzas de grao elemental de danza e de música, respectivamente.
- → **ORDE do 8 de febreiro de 2008**, pola que se regula a avaliación e cualificación do alumnado que cursa as ensinanzas profesionais de música que se establecen na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- → **DECRETO 198/2007, do 27 de setembro**, polo que se establece a ordenación do grao elemental das ensinanzas de réxime especial de música.
- → **DECRETO 203/2007, do 27 de setembro**, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música.

2 Obxectivos xerais das ensinanzas musicais

2.1 Grao elemental

O artigo 3º do Capítulo I do Decreto 198/2007, do 27 de setembro, polo que se establece a ordenación do grao elemental das ensinanzas de réxime especial de música, recolle que o grao elemental das ensinanzas de música ha contribuír a desenvolver no alumnado as seguintes capacidades:

a. Apreciar a importancia da música como linguaxe artística e medio de expresión cultural dos pobos e das persoas.
b. Expresarse con sensibilidade musical e estética para interpretar a música de diferentes épocas e estilos, gozar con ela e enriquecer as propias posibilidades de comunicación e de realización persoal
c. Coñecer e valorar a importancia da respiración e do dominio do propio corpo no desenvolvemento da técnica instrumental, da calidade do son e da interpretación.
d. Relacionar os coñecementos musicais coas características da escritura e da literatura do instrumento da especialidade, coa finalidade de adquirir as bases que permitan desenvolver a interpretación artística.
e. Interpretar en público, coa necesaria seguridade en si mesmo, para vivir a música como medio de comunicación.

f. Interpretar música en grupo habituándose a escoitar outras voces ou instrumentos, e adaptarse armonicamente ao conxunto.
g. Ser consciente da importancia do traballo individual e adquirir a capacidade de escoitarse e ser crítico consigo mesmo.
h. Valorar o silencio como elemento indispensable para o desenvolvemento da concentración, a audición interna e o pensamento musical.
i. Ser consciente da importancia dunha escoita activa como base imprescindible na formación de futuros profesionais.
j. Fomentar a utilización do patrimonio musical en xeral, e a do galego en particular, como medio indispensable no enriquecemento da persoa e da súa formación musical.

2.2 Grao profesional

O artigo 3º do Capítulo I do Decreto 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música establece que as ensinanzas profesionais de música teñen como obxectivo contribuír a desenvolver no alumnado as capacidades xerais e os valores cívicos propios do sistema educativo e, ademais, as capacidades seguintes:

a. Habituarse a escoitar música e establecer un concepto estético que permita fundamentar e desenvolver os propios criterios interpretativos.
b. Desenvolver a sensibilidade artística e o criterio estético como fonte de formación e enriquecemento persoal.
c. Analizar e valorar a calidade da música.
d. Coñecer os valores da música e optar polos aspectos xurdidos dela máis axeitados para o desenvolvemento persoal.
e. Participar en actividades de animación musical e cultural que permitan vivir a experiencia de transmitir o gozo da música.
f. Coñecer e empregar con precisión o vocabulario específico relativo aos conceptos científicos da música.
g. Coñecer e valorar o patrimonio musical como parte integrante do patrimonio histórico e cultural.
h. Tomar conciencia da importancia dunha escoita activa como base imprescindible na formación de futuros profesionais.
i. Fomentar a utilización do patrimonio musical en xeral, e a do galego en particular, como medio indispensábel no enriquecemento da persoa e da súa formación musical.

3 Obxectivos específicos das ensinanzas musicais

A diferencia do Decreto 198/2007, do 27 de setembro, polo que se establece a ordenación do grao elemental das ensinanzas de réxime especial de música, o Decreto 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música recolle, no artigo 6º, os obxectivos específicos destas últimas. Dito artigo sinala que as ensinanzas profesionais de música deberán contribuír a que o alumnado adquira as capacidades seguintes:

a. Superar con dominio e capacidade crítica os contidos e os obxectivos formulados nas materias que compoñen o currículo da especialidade elixida.
b. Coñecer os elementos básicos das linguaxes musicais, as súas características, as funcións e as transformacións nos contextos históricos.

c. Utilizar o oído interno como base da afinación, da audición harmónica e da interpretación musical.
d. Formar unha imaxe axustada das posibilidades e das características musicais de cada un, tanto a nivel individual como en relación co grupo, coa disposición necesaria para saber integrarse como un membro máis del ou para actuar como responsable do conxunto.
e. Compartir vivencias musicais de grupo na aula e fóra dela que permitan enriquecer a relación afectiva coa música, a través do canto e da participación instrumental en grupo.
f. Valorar o corpo e a mente para utilizar con seguridade a técnica e poder concentrarse na audición e na interpretación.
g. Relacionar e aplicar os coñecementos adquiridos en todas as materias que compoñen o currículo, nas vivencias e nas experiencias propias para acadar unha interpretación artística de calidade.
h. Coñecer e aplicar as técnicas do instrumento ou da voz de acordo coas exixencias das obras.
i. Adquirir e demostrar os reflexos necesarios para resolver eventualidades que xurdan na interpretación.
j. Cultivar a improvisación e a transposición como elementos inherentes á creatividade musical.
k. Interpretar individualmente ou dentro da agrupación correspondente obras escritas en todas as linguaxes musicais, afondando no coñecemento dos estilos e das épocas, así como nos recursos interpretativos de cada un destes.
l. Actuar en público con autocontrol, dominio da memoria e capacidade comunicativa.

4 Metodoloxía

O alumnado é o centro e a razón de ser da educación. A aprendizaxe ten como finalidade formar persoas autónomas, críticas e con pensamento propio. É por iso que a atención se centrará na procura e recoñecemento do talento que posúe cada alumno, así como traballar en potencialo. A metodoloxía estará orientada a situar ao alumno no centro do proceso de ensino-aprendizaxe, outorgando un papel fundamental á práctica e á vivencia íntegra do feito musical.

4.1 Organización do tempo e do espazo

En canto á división temporal, cada sesión estará dividida en tres partes (inicial, central e final), onde as primeiras actividades presentarán uns niveis de dificultade e intensidade moderados que irán aumentando ata alcanzar os seus índices máis altos cara ao último cuarto da sesión. O final da clase centrarase no repaso da tarefa realizada, co obxectivo de fixar os coñecementos adquiridos e retornar á calma.

4.2 Principios metodolóxicos

→ **Actividade**: o carácter instrumental da materia de Acordeón require da práctica, polo que o principio de que as cousas se aprenden facéndoas —base da aprendizaxe significativa e construtivista— vai implícito na nosa ensinanza.
→ **Creatividade**: ao tratarse dunha ensinanza artística, toda actividade que realicemos tratará de estimular o pensamento e a imaxinación do alumnado.
→ **Autonomía**: cada alumno e alumna será orientado nas clases, ensinándolle a traballar de forma independente e a tomar decisións por si mesmo.

→ **Atención personalizada**: dada a dedicación exclusiva que comporta a clase individual de Acordeón, en cada sesión terase en conta a dimensión persoal e afectivo-social de cada alumno e alumna.
→ **Interdisciplinariedade**: relacionaranse os contidos da materia de Acordeón cos contidos das outras materias do currículo, dotándoos dunha maior significación.
→ **Globalización**: teranse en conta os coñecementos previos do alumnado, tanto os que aprende nos estudos de réxime xeral coma no seu quefacer cotián.
→ **Socialización** e **convivencia**: promoverase o traballo en equipo e un clima de cordialidade e respecto entre o alumnado.
→ **Significación**: o que se aprende presentarase como algo de utilidade noutras situacións, que terá aplicacións reais.
→ **Flexibilidade** e **diversidade de estratexias didácticas**: co fin de acadar os obxectivos propostos, poderanse realizar as adecuacións que fosen precisas na temporalización dos contidos.

4.3 Métodos didácticos

Por método didáctico entendemos todas aquelas decisións técnicas e estratéxicas que responden á pregunta de cómo ensinar. Por tanto, procederemos de forma ordenada, planificada e dirixida á consecución duns fins.

→ **Aprendizaxe por descubrimento**: Con este método, o alumnado extrae as súas propias conclusións a partir da observación e o rexistro de información, construíndo, desta forma, a súa propia aprendizaxe. A información ofrecida será premeditadamente incompleta, pero presumiblemente suficiente para que o alumnado pense, investigue, relacione, induza e deduza en función do que xa sabía conectado á nova información.
→ **Método por recepción activa**: esta metodoloxía céntrase na transmisión maxistral dun contido de aprendizaxe pechado e acabado. Para que este proceso de ensinanza-aprendizaxe produza no alumnado unha aprendizaxe de calidade, o profesor xerará interese polo contido de aprendizaxe (motivavción), o contido estará estruturado e secuenciado de forma que poida ser comprendido pola súa lóxica interna (significación lóxica) e activaranse os coñecementos previos do alumnado en relación co novo contido (significación psicolóxica).

Atendendo ao uso de metodoloxías específicas, servirémosnos das seguintes:

→ **Aprendizaxe baseada en proxectos**: mediante o pensamento crítico, a resolución de problemas, a colaboración e diversas formas de comunicación, permite ao alumnado adquirir coñecementos involucrándoo en proxectos que dan resposta a problemas da vida real. Para iso, os estudantes necesitan utilizar capacidades intelectuais de orde superior para facerse preguntas, buscar información e obter conclusións.
→ **Contrato de aprendizaxe**: esta metodoloxía céntrase na firma dun acordo entre profesor e alumno onde se definen os obxectivos de aprendizaxe, recursos e estratexias a empregar, temporalización, evidencias a presentar e a metodoloxía de avaliación. Esta forma de proceder implica o desenvolvemento dun proceso educativo centrado no estudante, promove a autoaprendizaxe e garda relación co ámbito profesional. A implementación desta metodoloxía é moi común que se produza no ámbito dos Ensinos Superiores, polo que nos serviremos dela, principalmente, nos últimos cursos do Grao Profesional.

→ **Uso das TIC**: O desenvolvemento tecnolóxico modificou a forma de crear, producir, distribuír, escoitar e consumir música. É por isto que nos serviremos dos recursos tecnolóxicos na clase, sendo o seu uso xustificado e adecuado.

4.4 Profesorado

Entre as estratexias básicas a empregar polo docente, sinalamos:

→ Incentivar a participación activa do alumnado na clase no referente á realización das actividades propostas e á emisión das súas propias valoracións acerca destas.
→ Evitar as sancións negativas polo fracaso, así como a falta de recoñecemento persoal polo éxito. É necesario ter sempre presente a educación en valores, transmitindo uns principios de comportamento baseados no respecto e a tolerancia. Ao mesmo tempo, manterase unha actitude de respecto fronte as inseguridades, dúbidas ou fallos do alumnado.
→ Coidar a forma de presentar a información, sendo indispensable o emprego de diferentes recursos didácticos e/ou materiais.
→ Convidar ao alumnado a participar na avaliación da súa aprendizaxe, a través da autoavaliación.
→ Empregar estratexias que fagan revivir no alumnado os coñecementos previos para construír sobre eles a aprendizaxe dos novos.
→ Espertar e desenvolver a creatividade en todo momento.

5 Atención á diversidade

No marco do Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, enténdese por atención á diversidade o conxunto de medidas e accións que teñen como finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes características e necesidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado.

É un feito que os alumnos e alumnas que acceden a un conservatorio presentan diferenzas individuais e non todos aprenden ao mesmo ritmo nin posúen as mesmas capacidades, polo que será labor do profesorado adecuar a práctica docente ás necesidades e características de cada alumno.

Co propósito de satisfacer e dar resposta á atención diversidade, na materia de Acordeón teranse en conta as seguintes pautas:

→ Ter en conta as diferenzas individuais e de grupo que se detectan na avaliación inicial: os intereses do alumnado, as destrezas adquiridas, etc.
→ Traballar con materiais abertos e flexibles, que plantexen diversas estratexias para o logro dos obxectivos.
→ Respectar o ritmo de aprendizaxe de cada alumno.
→ Diversificar as actividades para lograr os obxectivos.
→ Plantexar actividades de diferente dificultade e integrar aos alumnos na máis apropiada ao seu nivel.

O Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, recolle, no seu artigo 32, que se entende por alumnado con necesidade específica de apoio educativo aquel que requira, de forma temporal ou permanente, apoios ou provisións educativas diferentes ás ordinarias por presentar necesidades educativas especiais, por dificultades específicas de aprendizaxe, por altas capacidades intelectuais, por incorporarse tardiamente ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar.

A identificación temperá das necesidades educativas do alumnado, a súa valoración e a resposta educativa procedente constituirán procesos necesarios para adecuar as medidas e recursos educativos apropiados.

As dificultades máis destacadas que pode presentar o alumnado con incorporación tardía ao sistema educativo veñen dadas pola comprensión do idioma, a diferenza de nivel educativo respecto ao resto do grupo e polos costumes propios da súa cultura. Promoverase que este alumnado participe cos seus compañeiros e compañeiras da materia de Acordeón, empregando metodoloxías baseadas na explotación de recursos didácticos relacionados coa práctica musical en grupo, véndose favorecida, así, a súa integración. Se por cuestións culturais, raciais e/ou de escolarización o alumnado inmigrante non recibiu a atención debida no seu país de orixe, procurarase empregar os seus coñecementos musicais nas actividades cotiás de clase.

No caso do alumnado con altas capacidades intelectuais, poderanse elaborar actividades de ampliación de contidos, actividades con maior dificultade da prevista nun primeiro momento para o seu curso, así como actividades que potencien tanto a súa motivación como a súa organización persoal. A capacidade intelectual deste tipo de alumnado demándalle continuamente a xustificación do porqué se realiza unha actividade. É por isto que se lle proporcionarán explicacións fundamentadas que lles permitan razoar e xustificar as actividades e os contidos.

No referente ao alumnado con necesidades educativas especiais, poderase precisar unha adaptación dos recursos materiais, así como da ubicación e colocación da aula e dos materiais. No caso de ser necesario, procederase á adecuación dos elementos do currículo reformulando os obxectivos e, en consecuencia, adaptando os contidos e os criterios de avaliación. Neste caso, realizarase unha programación adecuada ás posibilidades reais do alumno a partir da avaliación inicial —sempre en contacto co resto de profesionais docentes a través da titoría— e supervisado pola xefatura de estudos.

6 Temas transversais

A educación no ámbito musical non debe rematar no simple feito do desenvolvemento de destrezas técnicas e do desenrolo da sensibilidade musical. Para unha formación integral do alumnado tamén é importante o tratamento de contidos transversais.

Estes contidos que dan resposta á realidade da vida cotiá no ámbito social son esencialmente de carácter actitudinal, e representan uns elementos educativos básicos que deben incorporarse nas diferentes áreas co fin de conseguir unha plena integración do alumnado na sociedade actual. O tratamento destes contidos debe espertar no alumnado una especial sensibilidade cara á devandita realidade.

O carácter participativo e colaborador da práctica musical facilita a incorporación destes temas á aula, especialmente na práctica en conxunto.

6.1 Educación en valores

Á hora de abordar a educación en valores seguiranse as seguintes directrices:

- → A **educación ambiental** tratarase a través do coidado pola produción excesiva de sons, a concienciación sobre a contaminación acústica e a importancia do silencio como marco de calquera actividade musical.
- → A **educación para a saúde** abordarase a través da práctica corporal, aprendendo a apreciar e valorar o propio corpo e as súas posibilidades de movemento, facendo fincapé sobre a educación postural e a adquisición dun correcto ton muscular. Ademais, a música, polos seus compoñentes afectivos, fisiolóxicos e intelectuais, tamén incide de forma positiva no equilibrio persoal e anímico das persoas.
- → No referente á **educación para a igualdade de sexos**, a participación nas actividades da aula terá como base os principios de integración, colaboración e respecto mutuo entre os integrantes da clase, independentemente do sexo ao que pertenzan.
- → A **educación para a paz e a tolerancia** traballarase a partir da interpretación e coñecemento de pezas doutras culturas e das relacións que se establezan coas persoas da contorna.
- → A **educación para o lecer** traballarase a partir do concepto produtivo do ocio, a través da asistencia a concertos, audicións, recitais e outras actividades culturais, ademais de fomentar a escoita de música e a lectura de libros relacionados co traballado na clase.
- → En canto á **educación do consumidor** trataremos que o alumnado adquira unha actitude crítica ante o fenómeno musical, axudándolles a forxar un criterio á hora de decantarse por diferentes versións, e propiciando dese modo un aumento da súa capacidade de elección á hora de consumir música.
- → A **educación moral e cívica** abordarase ao ter presente o respecto ás normas e a necesidade da súa existencia tanto no transcurso das sesións como á hora de tocar en grupo.

6.2 Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC´s)

A irrupción das tecnoloxías da información e da comunicación na nosa vida cotiá é cada día máis patente e a súa utilización esténdese ata ámbitos insospeitados. O estudo da música nos conservatorios cínguese, na maioría dos casos, á práctica interpretativa empregando instrumentos tradicionais. Incluso nestas circunstancias que a priori poden parecer pouco dadas ao uso das TIC's, estas poden ser empregadas co fin de complementar e facilitar o proceso de ensino-aprendizaxe.

O uso de materiais audiovisuais relacionados coa materia xa non é novidade, especialmente dende a aparición de plataformas dixitais como YouTube, Vimeo, Spotify, etc. Estas plataformas vinculadas á compartición masiva de material audiovisual poden ser empregadas na aula para a exemplificación das posibilidades sonoras e técnicas dos instrumentos e a exploración de diferentes posibilidades interpretativas ante un mesmo texto musical. Por outro lado, a facilidade de xerar dito material con ferramentas cada vez máis accesibles (videocámaras, grabadoras, tablets, teléfonos, etc) permite analizar na aula as propias actuacións ou interpretacións, e así aportar un maior grado de obxectividade á percepción de si mesmo do alumno.

O material en formato electrónico (partituras, textos, etc.) tamén será útil no desenvolvemento das diferentes actividades da materia xa que facilita a rápida distribución do mesmo entre o alumnado, así

como o seu rápido acceso na aula no caso de dispoñer dos dispositivos correspondentes. As plataformas de almacenamento como Dropbox o GoogleDrive permiten a creación de espazos de compartición de material electrónico para os alumnos que poden ser controlados polo profesor.

Os motores de busca tamén serán de gran utilidade especialmente á hora de recompilar información referente ao propio instrumento, obras, compositores, etc.

O uso de todos os materiais relacionados coas TIC's empregados na aula debe respectar en todo momento as leis de distribución e da propiedade intelectual dos mesmos.

7 Actividades culturais e de promoción das ensinanzas

O alumnado da materia de Acordeón terá o dereito de asistir —aínda que non a obriga— ás actividades culturais e de promoción das ensinanzas que se organicen desde o Departamento de Tecla; agás nas audicións, onde si deberán participar.

7.1 Audicións

Desde a materia de Acordeón programaranse, como mínimo, tres audicións ao longo do curso. Estas serán públicas e poderanse levar a cabo tanto na aula coma no salón de actos ou auditorio.

O alumnado deberá participar nas audicións como mostra do traballo realizado, interpretando as obras que o seu profesor lle asigne, sexa en grupo ou como solista. Ademais de como intérprete, o alumnado deberá participar nas audicións en calidade de público, valorando o traballo dos seus compañeiros e desenvolvendo o seu espírito crítico.

7.2 Actos institucionais

O Conservatorio Profesional de Música de Carballo programa unha serie de concertos que cada curso adoitan formar parte da programación estable do centro. A participación do alumnado de Acordeón nestes concertos podería darse nos seguintes actos:

- → Concerto de apertura do curso académico
- → Semana Musical de Concertos de Nadal
- → Semana Musical de Concertos de Primavera
- → Ciclo de Novos Intérpretes
- → Recitais de Fin de Grao Profesional
- → Concerto de Graduación (alumnado que remata os estudos do 4º curso do Grao Elemental e o 6º curso do Grao Profesional).

7.3 Cursos, clases maxistrais e conferencias

No caso de que o Departamento de Tecla teña algunha proposta e se dean as condicións para levala a cabo, poderanse organizar cursos, clases maxistrais ou conferencias que terán lugar no 3º trimestre.

Tamén se animará ao alumnado a asistir a clases maxistrais, conferencias ou cursos especializados impartidos fóra do centro, así como a outros actos (concertos, exposicións, talleres, etc.) que poida beneficiar ao alumnado no seu desenvolvemento.

7.4 Outros

O Conservatorio Profesional de Música de Carballo colabora con entidades públicas e privadas participando en eventos organizados por estes, como poden ser o *Novembro con Música* organizado polo departamento de cultura do concello de Carballo, o ciclo de concertos *Cmus en ruta* celebrado nos centros sociais das parroquias de Carballo, o certame literario *Contos de Primavera* organizado por *La Voz de Galicia* coa colaboración de *Empresas Calvo* ou os concertos pedagóxicos para colexios. O alumnado de Acordeón podería ser proposto para participar neste tipo de actos.

8 Secuenciación do curso

8.1 Curso: 1º Grao Elemental

8.1.1 Obxectivos

- → Coñecer e aplicar os procedementos adecuados para o manexo e transporte do acordeón, así como os coidados necesarios para o mantemento técnico do instrumento, para evitar danos tanto no corpo do alumno coma no instrumento.
- → Observar e reproducir, por imitación ao profesorado, unha posición corporal que permita o funcionamento sen esforzo dos elementos anatómico-funcionais e non entorpeza a colocación do instrumento.
- → Coñecer o principio sonoro do acordeón, así como os seus elementos constitutivos e as súas funcións básicas.
- → Identificar diferentes sons que se poden orixinar nun acordeón, para incentivar a reflexión persoal do seu uso en pequenas composicións propias ou alleas a través da exploración do instrumento.
- → Iniciarse na coordinación dos movementos das extremidades superiores que interveñen na execución instrumental, para interpretar repertorio dun nivel moi elemental a través de rítmicas moi fáciles e movementos de dedos dentro de patróns de cinco notas.
- → Darlle forma ao sentido individual do ritmo para atopar un pulso estable, a través de actividades fundamentadas no emprego de repertorio cunha linguaxe musical sinxela, accesible e alcanzable.
- → Iniciarse, por imitación ao profesor, no dominio do fol a través do control postural, a apertura-peche en forma de abanico e os cambios de fol sen esforzo.
- → Iniciarse no coñecemento e aplicación dos diferentes tipos de articulación dixital a través da observación atenta e a imitación das indicacións do profesor.
- → Iniciarse no coñecemento e aplicación da técnica de fol adecuada para a execución dos matices dinámicos básicos a través do desenvolvemento da sensibilidade auditiva e a exploración co instrumento.
- → Interpretar un repertorio de pequenos fragmentos musicais, cancións sinxelas e pezas didácticas en MI, MII e MIII como solista e como membro dun grupo, para fomentar unha boa relación coa música a través do acordeón.
- → Coñecer as grafías básicas propias da linguaxe acordeonística a través dun repertorio adecuado ao nivel do curso en MI, MII e MIII.
- → Comezar a apreciar que a música ten forma, para poder entender o traballo interpretativo individual de xeito consciente, a través de pequenas estruturas sinxelas.
- → Iniciarse no uso de formas musicais moi básicas, para facilitar o traballo da memoria, a través dun repertorio elemental.

- → Ser consciente da necesidade de organizar un espazo e un tempo semanal adicado ao estudo do acordeón, para adquirir as destrezas necesarias, a través da percepción do progreso correspondente.
- → Iniciarse na formación dun método de traballo persoal, a través da observación atenta e a imitación das indicacións do profesor que vaian dirixidas a cómo estudar, para empezar a aprender a aprender por si mesmo.
- → Iniciarse no aproveitamento das facultades memorísticas para aplicalas á aprendizaxe de pequenos fragmentos musicais, cancións e pezas sinxelas, por medio do oído, vista e tacto.
- → Comezar a ler e tocar a primeira vista pezas breves de nivel moi sinxelo, para iniciar o proceso de adquisición da habilidade correspondente, empregando un repertorio adecuado.
- → Experimentar a comunicación dunha pequena mensaxe musical a un público, a través da interpretación ao acordeón dalgunha peza sinxela, para ter un primeiro contacto co feito de ser partícipe —como transmisor— da cadea de interpretación musical que vai dun compositor a un ou varios oíntes.
- → Comezar a participar en actividades de audición musical consciente, a través da escoita nas clases, da asistencia a audicións e concertos, ou da escoita de música axeitada ao nivel, para ir conformando o gusto persoal e alimentar o oído interno, seguindo as normas de conducta correspondentes e amosando actitude de respeto.

8.1.2 Contidos

- → Coñecemento e aplicación dos procedementos adecuados para o transporte e manexo do acordeón.
- → Coñecemento e aplicación dos coidados necesarios para o mantemento técnico do instrumento.
- → Coñecemento e reprodución dunha adecuada posición corporal.
- → Colocación adecuada do instrumento.
- → Coñecemento dos elementos constitutivos e as súas funcións a nivel moi básico.
- → Coñecemento do principio sonoro do acordeón e da maneira de producir o son.
- → Iniciación ao desenvolvemento da coordinación, independencia, simultaneidade e sincronización dos diferentes elementos articulatorios que interveñen na execución instrumental.
- → Desenvolvemento paralelo de ambas as mans en MI-MII e MI-MIII.
- → Iniciación ao uso dun pulso regular.
- → Iniciación ao dominio do fol a través do control postural, a apertura-peche en forma de abanico e os cambios de fol sen esforzo.
- → Iniciación ao estudo de articulacións dixitais nos diferentes manuais.
- → Iniciación ao estudo da dinámica e a súa relación co fol.
- → Interpretación de pequenos fragmentos musicais, cancións sinxelas e pezas didácticas en MI, MII e MIII como solista e como membro dun grupo.
- → Interpretación dun repertorio en MI, MII e MIII que inclúa textura monofónica, homofónica e melodía acompañada.
- → Aplicación e reflexión da dixitación proposta polo profesor.
- → Emprego da respiración ao comezar a execución da frase nos comezos con e sen anacruse, nas interpretacións como solista e como membro dun grupo.
- → Estudo dos sistemas de escritura e das grafías propias do instrumento.
- → Emprego da escritura musical para comunicar as ideas compositivas.

- → Coñecemento e uso de elementos da linguaxe musical.
- → Coñecemento básico de formas e estruturas musicais.
- → Desenvolvemento de estratexias e hábitos de estudo correctos.
- → Iniciación ao adestramento da memoria visual, auditiva e muscular.
- → Práctica da lectura á vista de fragmentos musicais cunha soa man e pequenas pezas nas que interveñan as dúas mans por separado en MI, MII e MIII.
- → Iniciación aos hábitos de anticipar e non interromper a lectura, así coma o hábito de recoñecer as indicacións musicais que non só sexan as notas.
- → Improvisación fundamentada en patróns rítmicos simples.
- → Participación e asistencia a audicións e outras actuacións públicas.
- → Coñecemento básico e aplicación do protocolo de concerto nas audicións, tanto de intérprete coma de público.
- → Fomento da escoita atenta e consciente do son durante a interpretación.
- → Fomento da escoita consciente do silencio, ao principio, nas pausas intermedias e ao final da peza.
- → Entrenamento auditivo a través da busca de cancións fáciles de oído e a execución instrumental simultánea ao canto.
- → Iniciación ao hábito de escoitar música con certa frecuencia.

8.1.3 Avaliación

A avaliación é un proceso sistemático de indagación e comprensión da realidade educativa que pretende emitir un xuízo de valor orientado á toma de decisións e á mellora. Tal e como recolle o Decreto 198/2007, do 27 de setembro, polo que se establece a ordenación do grao elemental das ensinanzas de réxime especial de música, levarase a cabo tendo en conta os obxectivos e os criterios de avaliación establecidos no currículo e será continua, cualitativa e integradora. Así mesmo, servirá para a mellora tanto dos procesos de ensino como da propia práctica docente.

Asemade, de acordo coa Circular 21/2008 da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, pola que se regula a avaliación e cualificación do alumnado que cursa as ensinanzas elementais de música e danza, na avaliación do proceso de aprendizaxe consideraranse as características propias do alumnado e o contexto sociocultural do centro. O alumnado ten dereito a ser avaliado conforme a criterios de plena obxectividade e a coñecer os resultados das súas aprendizaxes. Tamén poderá solicitar aclaracións ao profesorado responsable da materia sobre as avaliacións realizadas, exercendo os pais, nais ou titores legais este dereito a través do profesor titor. Así mesmo, terá dereito a coñecer os procedementos formais de avaliación, a súa natureza, aplicación e criterios de corrección.

Criterios de avaliación

Os criterios de avaliación concretan as aprendizaxes que se valorarán ao longo do curso. Cada criterio desenvólvese mediante varios indicadores de logro, que permiten observar e valorar de maneira máis precisa o grao de adquisición das aprendizaxes correspondentes.

Cada indicador será valorado mediante unha rúbrica organizada en cinco franxas de cualificación: **1–2, 3–4, 5–6, 7–8 e 9–10**. Asignarase a franxa máis alta cuxo descritor quede suficientemente demos-

trado polas evidencias dispoñibles. Dentro de cada franxa, o valor inferior corresponderá a un desempeño máis irregular ou menos consistente, e o superior ao mesmo nivel de logro manifestado con maior estabilidade e consistencia.

A ponderación indicada para cada indicador expresa a súa importancia relativa dentro do criterio de avaliación ao que pertence.

CE1. Adoptar, coa orientación do profesorado, unha posición corporal e instrumental equilibrada que permita unha colocación estable do acordeón e a realización dos movementos básicos sen tensión innecesaria.

Indicadores de logro
IL1.1. Adopta, coa orientación do profesorado, unha posición corporal estable e equilibrada para tocar o acordeón.
IL1.2. Coloca o acordeón de maneira estable, empregando adecuadamente os puntos básicos de apoio.
IL1.3. Realiza os movementos instrumentais básicos con suficiente liberdade e sen tensións innecesarias que dificulten a execución.
IL1.4. Corrixe os desaxustes básicos da posición corporal ou instrumental cando lle son sinalados polo profesorado.

CE2. Identificar os elementos básicos do acordeón e as súas funcións, comprender de maneira elemental como se produce o son e aplicar os procedementos básicos de manexo, transporte e coidado do instrumento.

Indicadores de logro
IL2.1. Identifica os principais elementos do acordeón e indica a súa función básica.
IL2.2. Explica de maneira elemental como se produce o son no acordeón.
IL2.3. Manexa, transporta e garda o instrumento aplicando os coidados básicos necesarios.
IL2.4. Recoñece os cambios sonoros básicos producidos polo emprego dos diferentes manuais e rexistros traballados.

CE3. Coordinar os movementos básicos das dúas mans e aplicar os recursos técnicos elementais dos manuais necesarios para interpretar o repertorio do curso.

Indicadores de logro
IL3.1. Coordina os movementos das dúas mans nas tarefas e no repertorio correspondentes ao nivel.
IL3.2. Realiza con independencia suficiente os movementos básicos de cada manual.
IL3.3. Realiza os cambios de posición e desprazamentos básicos requiridos polo repertorio.
IL3.4. Emprega as dixitacións indicadas de maneira funcional durante a interpretación.

CE4. Controlar o fol e a articulación para iniciar, manter e finalizar o son e realizar os contrastes dinámicos básicos propios do nivel.

Indicadores de logro
IL4.1. Controla os movementos básicos de apertura e peche do fol e realiza os cambios de fol indicados.
IL4.2. Produce e mantén un son suficientemente estable e controlado.
IL4.3. Realiza de maneira diferenciada os ataques e as extincións do son traballados.

IL4.4. Aplica as articulacións dixitais básicas indicadas no repertorio.
IL4.5. Realiza os contrastes dinámicos básicos mediante o control do fol.

CE5. Manter un pulso regular, realizar os elementos rítmicos básicos e conservar a continuidade nas interpretacións correspondentes ao nivel.

Indicadores de logro
IL5.1. Mantén un pulso suficientemente regular durante a interpretación.
IL5.2. Realiza con suficiente precisión os elementos rítmicos traballados.
IL5.3. Mantén a continuidade da interpretación ante pequenas dificultades ou desaxustes.

CE6. Interpretar o repertorio do curso atendendo á estrutura básica das pezas e aplicando de maneira elemental o fraseo, o carácter e a rexistración correspondentes.

Indicadores de logro
IL6.1. Reflicte na interpretación as estruturas musicais básicas traballadas.
IL6.2. Organiza as frases musicais de maneira perceptible durante a interpretación.
IL6.3. Adapta a interpretación ao carácter básico da peza.
IL6.4. Emprega os rexistros indicados de acordo coas necesidades básicas da peza.

CE7. Ler e interpretar a notación musical e acordeonística correspondente ao nivel, aplicando estratexias básicas de observación previa e lectura a primeira vista.

Indicadores de logro
IL7.1. Recoñece e aplica as grafías musicais e acordeonísticas traballadas no curso.
IL7.2. Observa previamente os elementos básicos da partitura antes de iniciar a lectura.
IL7.3. Mantén a continuidade na lectura a primeira vista de fragmentos adecuados ao nivel.
IL7.4. Integra durante a lectura as indicacións básicas da partitura, ademais das notas e do ritmo.

CE8. Memorizar e interpretar pezas ou fragmentos breves do repertorio mediante estratexias básicas de memoria visual, auditiva e motora.

Indicadores de logro
IL8.1. Interpreta de memoria a peza ou fragmento traballado sen depender da partitura.
IL8.2. Mantén unha continuidade suficiente na interpretación de memoria e retómaa ante pequenas interrupcións.
IL8.3. Emprega, coa orientación do profesorado, estratexias básicas para memorizar o repertorio.

CE9. Organizar, coa orientación do profesorado, o estudo persoal e aplicar estratexias básicas para afrontar as dificultades do traballo instrumental.

Indicadores de logro
IL9.1. Organiza, coa orientación do profesorado, un tempo e unha secuencia básica de estudo.
IL9.2. Identifica, coa axuda do profesorado, as principais dificultades do traballo realizado.
IL9.3. Aplica as estratexias de estudo propostas para resolver as dificultades detectadas.
IL9.4. Comproba, coa orientación do profesorado, o resultado do traballo e introduce os axustes indicados.

CE10. Desenvolver unha escoita atenta da propia interpretación e doutras músicas, e reproducir de oído fragmentos melódicos breves adecuados ao nivel.

Indicadores de logro
IL10.1. Escoita a propia interpretación e recoñece aspectos sonoros básicos cando lle son sinalados.
IL10.2. Reproduce de oído fragmentos melódicos breves adecuados ao nivel.
IL10.3. Escoita, describe e compara aspectos musicais básicos en exemplos adecuados ao nivel.

CE11. Participar en interpretacións públicas aplicando, coa orientación do profesorado, o protocolo básico de concerto e mantendo un control suficiente da actuación.

Indicadores de logro
IL11.1. Aplica, coa orientación do profesorado, o protocolo básico correspondente á entrada, preparación e finalización dunha actuación.
IL11.2. Mantén un control suficiente para iniciar, desenvolver e finalizar a interpretación ante o público.

CE12. Participar na interpretación de conxunto mantendo a propia parte e iniciándose na escoita e adaptación aos demais intérpretes.

Indicadores de logro
IL12.1. Mantén a súa parte durante a interpretación de conxunto.
IL12.2. Escoita os demais intérpretes e realiza adaptacións básicas en función do conxunto.
IL12.3. Mantén a coordinación temporal co grupo nas entradas e ao longo da interpretación.
IL12.4. Adapta os contrastes dinámicos básicos ás necesidades do grupo.

Mínimos esixibles
Para superar a materia será necesario, ademais de obter unha cualificación global ponderada igual ou superior a 5, alcanzar como mínimo a franxa 5–6 en todos os indicadores establecidos como mínimos de logro e cumprir os mínimos de realización do curso.

Mínimos de logro

Establécense como mínimos de logro os seguintes indicadores:

IL1.3. Realiza os movementos instrumentais básicos con suficiente liberdade e sen tensións innecesarias que dificulten a execución.
IL3.1. Coordina os movementos das dúas mans nas tarefas e no repertorio correspondentes ao nivel.
IL4.2. Produce e mantén un son suficientemente estable e controlado.
IL5.1. Mantén un pulso suficientemente regular durante a interpretación.
IL5.2. Realiza con suficiente precisión os elementos rítmicos traballados.
IL7.1. Recoñece e aplica as grafías musicais e acordeonísticas traballadas no curso.

Para considerar alcanzado cada un destes mínimos será necesario obter como mínimo unha valoración correspondente á franxa 5–6 da súa rúbrica.

Mínimos de realización

O alumnado deberá cumprir, ademais, os seguintes mínimos de realización:

→ Traballar e interpretar ao longo do curso un repertorio formado por un mínimo de 10 pezas adecuadas ao nivel de 1º de Grao Elemental.

→ Interpretar de memoria, como mínimo, unha peza do repertorio traballado durante o curso.
→ Participar como intérprete en polo menos dúas das audicións públicas organizadas polo centro ao longo do curso, salvo causa xustificada ou imposibilidade organizativa allea ao alumnado.

Procedementos e instrumentos de avaliación

Entre os procedementos de avaliación teranse en conta os seguintes:

→ Observación sistemática, diaria e directa do traballo e das interpretacións realizadas na aula.
→ Observación e análise das interpretacións realizadas en audicións e outras actividades públicas.
→ Análise das producións e traballos realizados polo alumnado, incluídas, cando proceda, gravacións ou outras evidencias que permitan valorar a súa evolución.

Como instrumentos de avaliación empregaranse:

→ Caderno de aula do profesor.
→ Rúbricas de avaliación.
→ Listas de cotexo.

Os diferentes procedementos e instrumentos utilizaranse en función dos criterios de avaliación e dos indicadores de logro que se pretendan valorar.

Temporalización da avaliación

Segundo o momento no que se recolla a información, a avaliación será:

→ **Inicial:** permitirá coñecer a situación de partida do alumnado e orientar a planificación do proceso de ensino-aprendizaxe. Realizarase ao comezo do curso e, cando resulte necesario, ao iniciar novos procesos de aprendizaxe, mediante a observación e actividades de carácter práctico ou oral.
→ **Continua:** permitirá identificar os logros e as dificultades que vaian aparecendo ao longo do curso, realizar un seguimento da evolución do alumnado e introducir as medidas necesarias para favorecer a súa aprendizaxe. A información recollerase de maneira sistemática mediante os procedementos e instrumentos de avaliación establecidos.
→ **Final:** permitirá valorar, ao remate do proceso, o grao de adquisición das aprendizaxes previstas para o curso a partir do conxunto das evidencias recollidas durante a avaliación continua.

Para garantir unha avaliación continua e obxectiva será necesaria a recollida de evidencias suficientes ao longo do curso. Cando, como consecuencia dunha asistencia insuficiente ou por outras circunstancias, non se dispoña de evidencias suficientes para valorar un ou varios criterios de avaliación ou indicadores de logro, realizaranse as actividades ou probas específicas necesarias para obter esas evidencias. En todo caso, as evidencias así obtidas valoraranse de acordo cos mesmos criterios de avaliación, indicadores de logro e rúbricas establecidos para o curso, sen alterar os mínimos esixibles nin os criterios de cualificación.

Criterios de cualificación

A cualificación obterase a partir da valoración dos criterios de avaliación e dos seus indicadores de logro.

Cada indicador será valorado nunha escala de 1 a 10 mediante a rúbrica correspondente. A cualificación de cada criterio calcularase aplicando a ponderación establecida para os seus indicadores e, posteriormente, aplicaranse as porcentaxes asignadas aos distintos criterios para obter a cualificación global.

En **1º de Grao Elemental**, os criterios de avaliación terán a seguinte ponderación:

Criterio de avaliación	Ponderación
CE1	5 %
CE2	5 %
CE3	15 %
CE4	15 %
CE5	15 %
CE6	10 %
CE7	10 %
CE8	5 %
CE9	5 %
CE10	5 %
CE11	5 %
CE12	5 %
Total	**100 %**

As cualificacións trimestrais reflectirán o nivel de logro alcanzado polo alumnado no momento de cada avaliación. Cando nun trimestre aínda non se dispoña de evidencias suficientes para valorar algún criterio ou indicador, a cualificación calcularase proporcionalmente a partir dos que puideron ser avaliados.

A cualificación final reflectirá o grao de logro alcanzado ao remate do curso nos diferentes criterios de avaliación e indicadores de logro, tendo en conta o conxunto das evidencias recollidas durante o proceso de avaliación continua. Para determinar este nivel considerarase o desempeño que o alumnado mostre de maneira representativa e suficientemente estable, polo que un resultado puntual de nivel superior non determinará por si só a cualificación final.

De acordo coa Circular 21/2008 da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, a cualificación final será consecuencia da valoración das aprendizaxes específicas da materia e da madureza académica acadada polo alumnado en relación cos obxectivos do curso, no marco do proceso de avaliación continua.

Para superar a materia será necesario cumprir simultaneamente os seguintes requisitos:

- → obter unha cualificación global ponderada igual ou superior a 5;
- → alcanzar, como mínimo, a franxa 5–6 en todos os indicadores establecidos como mínimos de logro;
- → cumprir os mínimos de realización establecidos para o curso.

O cumprimento dos mínimos de realización comprobarase na avaliación final.

Cando a cualificación global ponderada sexa igual ou superior a 5 pero non se cumpra algún dos mínimos de logro ou de realización establecidos para o curso, a cualificación final será 4.

O resultado da avaliación final expresarase mediante unha escala numérica de 1 a 10, sen decimais. Para obter unha cualificación positiva será necesario alcanzar unha cualificación global ponderada

igual ou superior a 5 antes de expresala sen decimais; unha cualificación inferior a 5 non poderá converterse en positiva por efecto do redondeo.

Para o alumnado con avaliación negativa, o profesor da materia elaborará un informe sobre os obxectivos e contidos non acadados, indicando tamén os criterios de avaliación e indicadores de logro que requiran recuperación e propoñendo as actividades necesarias para a súa superación.

Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

Como recolle o artigo 11º do Decreto 198/2007, do 27 de setembro, polo que se establece a ordenación do grao elemental das ensinanzas de réxime especial de música, é competencia do consello escolar de cada centro autorizar, con carácter excepcional, a ampliación de matrícula ao curso seguinte do alumnado que, tras a orientación do profesorado, así o solicite, sempre que o informe da totalidade do profesorado do alumno ou da alumna asegure a súa adecuada capacidade de aprendizaxe do curso actual e daquel ao que aspire a acceder.

Na materia de Acordeón, a valoración desta capacidade terá en conta o grao de adquisición dos criterios de avaliación e indicadores de logro do curso actual, así como a evolución, autonomía e capacidade do alumnado para afrontar as aprendizaxes do curso seguinte. Cando se considere necesario completar as evidencias dispoñibles, poderá realizarse unha proba ou actividade específica de avaliación.

8.1.4 Medidas de recuperación

Procedementos de recuperación ordinarios

Dado o carácter continuo da avaliación, a recuperación das aprendizaxes non acadadas desenvolverase ao longo do propio proceso de ensino-aprendizaxe. O profesor identificará os criterios de avaliación e indicadores de logro nos que o alumnado presente dificultades e proporá as actividades de reforzo, revisión ou estudo que resulten necesarias.

A recuperación poderá realizarse mediante a revisión do repertorio e dos exercicios traballados, a realización de novas actividades, a adaptación das estratexias de estudo ou outras tarefas que permitan superar as dificultades detectadas. Cando sexa necesario, recolleranse novas evidencias para comprobar o grao de logro alcanzado.

Poderán empregarse tamén, cando estean dispoñibles e se consideren adecuados, outros recursos de apoio ou reforzo organizados polo centro.

Probas extraordinarias

O alumnado que non obteña unha avaliación positiva na materia de Acordeón poderá presentarse á proba extraordinaria que o centro organice nas datas establecidas para tal efecto.

A proba deseñarase de maneira que permita obter evidencias suficientes dos criterios de avaliación e indicadores de logro establecidos para o curso, mediante a interpretación de repertorio, a lectura a primeira vista e, cando resulte necesario, outras tarefas prácticas ou orais.

O alumnado deberá presentar un repertorio formado por 10 pezas adecuadas ao nivel de 1º de Grao Elemental e acordadas previamente co profesor, e estar preparado para interpretar calquera delas. Durante a proba interpretaranse catro pezas: unha elixida polo alumnado e as tres restantes polo profesor. Polo menos unha delas deberá interpretarse de memoria.

Unha parte da interpretación realizarase en condicións formais de actuación, co fin de obter evidencias dos aspectos relacionados coa interpretación pública. Así mesmo, realizaranse as tarefas complementarias necesarias para valorar os criterios ou indicadores que non poidan ser suficientemente observados mediante o repertorio e a lectura a primeira vista, incluída unha breve actividade de práctica de conxunto, coa participación do profesor ou doutro intérprete cando resulte necesario, para obter evidencias do CE12.

A proba avaliarase aplicando os mesmos criterios de avaliación, indicadores de logro, rúbricas e ponderacións establecidos para o curso.

Para superar a materia na avaliación extraordinaria será necesario cumprir simultaneamente os seguintes requisitos:

→ obter unha cualificación global ponderada igual ou superior a 5;
→ alcanzar, como mínimo, a franxa 5–6 en todos os indicadores establecidos como mínimos de logro;
→ cumprir os mínimos de realización adaptados á proba extraordinaria.

Para os efectos desta proba, considerararanse mínimos de realización:

→ presentar as 10 pezas establecidas para o curso;
→ interpretar de memoria, como mínimo, unha das pezas;
→ realizar a interpretación prevista en condicións formais de actuación, como forma equivalente de acreditar os aspectos asociados á participación en audicións públicas.

Cando a cualificación global ponderada sexa igual ou superior a 5 pero non se cumpra algún dos mínimos establecidos, a cualificación final será 4.

O resultado expresarase mediante unha escala numérica de 1 a 10, sen decimais. Para obter unha cualificación positiva será necesario alcanzar unha cualificación global ponderada igual ou superior a 5 antes de expresala sen decimais; unha cualificación inferior a 5 non poderá converterse en positiva por efecto do redondeo.

Se, tras a avaliación extraordinaria, a materia continúa pendente e o alumnado promociona ao curso seguinte, a súa recuperación realizarase na clase do curso seguinte, de acordo co establecido no artigo 13.2 do Decreto 198/2007, do 27 de setembro.

8.1.5 Recursos didácticos

- Bloch, Waldemar: *35 Miniaturen für Akkordeon*. Ed. Hohner Verlag Trossingen.
- Didas Flory, Angelika: *Ferdinand maus und seine Freunde*. Ed. Wunn.
- Garbatini, Sandro: *Simple Songs*. Ed. Bèrben.
- Harris, Eddie: *Preparatory Studies for Beginners*. Ed. Waterloo.
- Jacomucci, Claudio: *Tecnica I per Fisarmonica a Bottoni*. Ed. Bèrben.
- Llanos, Ricardo: *Acordeón divertido*. Ed. Antza.
- Noth, Hugo: *Zwanzig Spielstücke*. Ed. Musikverlag Heinz Oettinger.
- Saira, Ari-Matti: *The Little Accordion Player's Toy Box*. Ed. AMS Production.

8.2 Curso: 2º Grao Elemental

8.2.1 Obxectivos

→ Asimilar e aplicar os procedementos adecuados para o manexo e transporte do acordeón, así como os coidados necesarios para o mantemento técnico do instrumento, para evitar danos tanto no corpo do alumno coma no instrumento.
→ Aproximarse, partindo da imitación ao profesorado, á posición corporal precisa que permita a interpretación sen esforzo e non entorpeza a colocación do instrumento, facilitando o control dos elemetos anatómico-funcionais que interveñen na relación do conxunto corpo-instrumento.
→ Profundar no coñecemento dos elementos constitutivos do acordeón e as súas funcións.
→ Progresar no coñecemento e utilización das posibilidades sonoras do acordeón, mediante a interpretación dun repertorio adecuado, para poder combinalas en favor dun resultado sonoro consciente.
→ Avanzar na coordinación de movementos entre brazos, antebrazos, pulsos e dedos que interveñen na execución instrumental.
→ Fortalecer o sentido do ritmo, a través da reflexión persoal sobre as interpretacións propias, para ser capaz de manter un pulso estable.
→ Desenvolver o dominio consciente do fol a través do control postural, a asimilación do movemento de apertura-peche en forma de abanico e a ausencia de esforzo innecesario.
→ Coñecer os diferentes tipos de produción e cese do son.
→ Ampliar o coñecemento e aplicación dos diferentes tipos de articulación dixital, aproximándose a unha execución controlada a través da observación atenta e a imitación das indicacións do profesor.
→ Ampliar e progresar na execución da técnica de fol adecuada para a execución dos matices dinámicos a través do desenvolvemento da sensibilidade auditiva e a exploración co instrumento.
→ Iniciarse na técnica de acentuación de fol a través da observación atenta e por imitación ao profesor.
→ Interpretar un amplo repertorio de pequenas pezas musicais en MI, MII e MII como solista e como membro dun grupo, que permita afondar nunha boa relación coa música a través do acordeón.
→ Profundar no coñecemento das grafías propias da linguaxe acordeonística a través dun repertorio adecuado ao nivel do curso en MI, MII e MIII.
→ Avanzar na comprensión da idea de forma musical, para apreciar mellor a música como linguaxe, a través da escoita e interpretación de pezas de nivel elemental.
→ Progresar no coñecemento de formas musicais, para aplicalas nas interpretacións propias, a través do emprego de repertorio adecuado.
→ Considerar a importancia de dispor dun espazo e un tempo semanal dedicado ao estudo do acordeón, para avanzar no nivel acordeonístico persoal, a través da percepción do propio progreso.
→ Avanzar na formación dun método de traballo persoal, a través da observación atenta da obra a estudar, dos razoamentos lóxicos individuais e das indicacións do profesor, para mellorar a competencia de aprender a aprender.
→ Avanzar no uso da memoria aplicada á aprendizaxe de pequenas pezas do repertorio acordeonístico, por medio do oído, vista e tacto.
→ Interpretar a primeira vista pezas breves moi fáciles, para continuar o proceso de adquisición desta habilidade, a través do emprego dun repertorio adecuado.

→ Experimentar a comunicación dunha pequena mensaxe musical a un público, a través da interpretación ao acordeón dalgunha peza sinxela, para avanzar no contacto co feito de ser partícipe —como transmisor— da cadea de interpretación musical que vai dun compositor a un ou varios oíntes.
→ Participar en actividades de audición musical de maneira consciente, para fomentar o gusto pola música, a través da escoita nas clases, da asistencia a audicións e concertos, ou da escoita de música axeitada ao nivel, seguindo as normas de conducta correspondentes e amosando actitude de respeto.

8.2.2 Contidos

→ Asimilación dos procedementos adecuados para o transporte e manexo do acordeón.
→ Asimilación dos coidados necesarios para o mantemento técnico do instrumento.
→ Aproximación a unha posición corporal precisa.
→ Afianzamento dunha adecuada colocación do instrumento.
→ Profundamento no coñecemento dos elementos constitutivos do acordeón e as súas funcións, iniciación ao coñecemento do funcionamento dos seus mecanismos a nivel moi básico.
→ Desenvolvemento da coordinación, independencia, simultaneidade e sincronización dos diferentes elementos articulatorios que interveñen na execución instrumental.
→ Desenvolvemento paralelo de ambas as mans en MI-MII e MI-MIII.
→ Desenvolvemento do uso dun pulso regular e definido.
→ Desenvolvemento do dominio consciente do fol.
→ Coñecemento e iniciación á execución dos diferentes tipos de ataque e extinción do son.
→ Ampliación e aumento do control de articulacións dixitais nos diferentes manuais.
→ Estudo da dinámica e a súa relación co fol.
→ Iniciación á técnica de acentuación de fol.
→ Interpretación dun amplo repertorio de pequenas pezas musicais e exercicios de técnica en MI, MII e MII como solista e como membro dun grupo.
→ Interpretación dun repertorio en MI, MII e MIII que inclúa textura monofónica, homofónica e melodía acompañada.
→ Aplicación e reflexión da dixitación proposta polo profesor.
→ Iniciación á dixitación de pasaxes e pezas musicais do nivel.
→ Interiorización do uso da respiración ao comezar a execución da frase nos comezos con e sen anacruse, nas interpretacións como solista e como membro dun grupo.
→ Estudo dos sistemas de escritura e das grafías propias do instrumento.
→ Emprego da escritura musical para comunicar as ideas compositivas.
→ Coñecemento e uso de elementos da linguaxe musical.
→ Coñecemento básico de formas e estruturas musicais.
→ Desenvolvemento de estratexias e hábitos de estudo correctos.
→ Adestramento da memoria visual, auditiva e muscular.
→ Memorización de pequenas pezas enteiras para ser interpretadas en público.
→ Práctica da lectura á vista de fragmentos musicais cunha soa man, pezas nas que interveñan as dúas mans por separado e pequenas pezas sinxelas a dúas mans en MI, MII e MIII.

- → Desenvolvemento da habilidade de anticipar e non interromper a lectura e o hábito de recoñecer as indicacións musicais que non só sexan as notas.
- → Improvisación fundamentada en patróns rítmicos simples, mantemento do pulso, tonalidades ata unha alteración, cluster e percusión cos diferentes elementos constitutivos do acordeón.
- → Participación e asistencia a audicións e outras actuacións públicas.
- → Coñecemento e aplicación do protocolo de concerto nas audicións, tanto de intérprete coma de público.
- → Fomento do hábito de acadar unha boa calidade do son a través da escoita atenta e consciente durante a interpretación. Iniciación ao desenvolvemento do hábito de escoitar outras voces e instrumentos adaptándose ao grupo na práctica musical en conxunto.
- → Escoita consciente do silencio, ao principio, nas pausas intermedias e ao final da peza.
- → Entrenamento auditivo a través da busca de cancións fáciles de oído e a execución instrumental simultánea ao canto.
- → Fomento do hábito de escoitar música con frecuencia.

8.2.3 Avaliación

A avaliación é un proceso sistemático de indagación e comprensión da realidade educativa que pretende emitir un xuízo de valor orientado á toma de decisións e á mellora. Tal e como recolle o Decreto 198/2007, do 27 de setembro, polo que se establece a ordenación do grao elemental das ensinanzas de réxime especial de música, levarase a cabo tendo en conta os obxectivos e os criterios de avaliación establecidos no currículo e será continua, cualitativa e integradora. Así mesmo, servirá para a mellora tanto dos procesos de ensino como da propia práctica docente.

Asemade, de acordo coa Circular 21/2008 da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, pola que se regula a avaliación e cualificación do alumnado que cursa as ensinanzas elementais de música e danza, na avaliación do proceso de aprendizaxe considerararanse as características propias do alumnado e o contexto sociocultural do centro. O alumnado ten dereito a ser avaliado conforme a criterios de plena obxectividade e a coñecer os resultados das súas aprendizaxes. Tamén poderá solicitar aclaracións ao profesorado responsable da materia sobre as avaliacións realizadas, exercendo os pais, nais ou titores legais este dereito a través do profesor titor. Así mesmo, terá dereito a coñecer os procedementos formais de avaliación, a súa natureza, aplicación e criterios de corrección.

Criterios de avaliación

Os criterios de avaliación concretan as aprendizaxes que se valorarán ao longo do curso. Cada criterio desenvólvese mediante varios indicadores de logro, que permiten observar e valorar de maneira máis precisa o grao de adquisición das aprendizaxes correspondentes.

Cada indicador será valorado mediante unha rúbrica organizada en cinco franxas de cualificación: **1–2, 3–4, 5–6, 7–8 e 9–10**. Asignarase a franxa máis alta cuxo descritor quede suficientemente demostrado polas evidencias dispoñibles. Dentro de cada franxa, o valor inferior corresponderá a un desempeño máis irregular ou menos consistente, e o superior ao mesmo nivel de logro manifestado con maior estabilidade e consistencia.

A ponderación indicada para cada indicador expresa a súa importancia relativa dentro do criterio de avaliación ao que pertence.

CE1. Manter unha posición corporal e instrumental adecuada durante a interpretación, corrixindo coa orientación do profesorado os principais desaxustes que dificulten o movemento.

Indicadores de logro

IL1.1. Mantén unha posición corporal estable e equilibrada durante a interpretación.
IL1.2. Mantén unha colocación estable do acordeón durante a execución, conservando os apoios adecuados.
IL1.3. Realiza os movementos necesarios para a interpretación con liberdade suficiente e sen tensións innecesarias que os dificulten.
IL1.4. Corrixe, coa orientación do profesorado, os principais desaxustes da posición corporal ou instrumental que aparecen durante a interpretación.

CE2. Coñecer a función dos principais elementos do acordeón, empregar adecuadamente as súas posibilidades básicas e aplicar de maneira habitual os procedementos de manexo e coidado do instrumento.

Indicadores de logro

IL2.1. Identifica os principais elementos e mecanismos do acordeón e explica a súa función básica.
IL2.2. Describe de maneira básica como actúan os principais mecanismos na produción do son.
IL2.3. Manexa e coida o instrumento de maneira adecuada e habitual.
IL2.4. Relaciona o uso dos manuais e dos rexistros dispoñibles coas principais posibilidades sonoras que ofrecen.

CE3. Coordinar os movementos de brazos, mans e dedos con crecente precisión, realizando cambios de posición sinxelos e desenvolvendo a independencia básica entre os manuais.

Indicadores de logro

IL3.1. Coordina con crecente precisión a acción das dúas mans nas pasaxes correspondentes ao nivel.
IL3.2. Mantén unha independencia básica entre os manuais cando realizan funcións ou movementos diferentes.
IL3.3. Realiza cambios de posición e desprazamentos sinxelos con continuidade suficiente.
IL3.4. Aplica de maneira funcional as dixitacións propostas nas pasaxes correspondentes ao nivel.

CE4. Controlar o movemento e os cambios de dirección do fol, o ataque e a extinción do son, as articulacións traballadas e os recursos dinámicos básicos con crecente regularidade.

Indicadores de logro

IL4.1. Mantén un movemento regular do fol en forma de abanico e realiza os cambios de dirección con crecente control.
IL4.2. Mantén un son estable e continuo nas pasaxes sinxelas do repertorio.
IL4.3. Realiza os tipos básicos de ataque e extinción traballados con crecente control.
IL4.4. Diferencia e executa con control suficiente as articulacións dixitais básicas traballadas.
IL4.5. Realiza con crecente control os matices dinámicos e as acentuacións básicas de fol traballadas.

CE5. Manter un pulso estable, realizar con precisión suficiente os elementos rítmicos traballados e conservar a continuidade da interpretación.

Indicadores de logro

IL5.1. Mantén un pulso definido e estable durante a interpretación.
IL5.2. Executa con precisión suficiente os elementos rítmicos correspondentes ao nivel.

IL5.3. Mantén a continuidade da interpretación ante pequenas dificultades ou erros puntuais.

CE6. Interpretar o repertorio relacionando de maneira básica a estrutura, o fraseo e o carácter das pezas co resultado musical.

Indicadores de logro

IL6.1. Identifica as principais frases ou seccións das pezas e utilízaas para organizar a interpretación.
IL6.2. Dá unha dirección musical básica ás frases ao longo da interpretación.
IL6.3. Mantén de maneira suficientemente clara o carácter das pezas traballadas.
IL6.4. Emprega correctamente a rexistración indicada e realiza os cambios de rexistro sinxelos que requiran as pezas traballadas.

CE7. Comprender e aplicar as grafías correspondentes ao nivel e realizar a primeira vista fragmentos e pequenas pezas sinxelas cunha lectura suficientemente continua.

Indicadores de logro

IL7.1. Recoñece e aplica correctamente as grafías musicais e acordeonísticas correspondentes ao nivel.
IL7.2. Identifica antes da lectura algúns elementos relevantes da partitura, como compás, tesitura, alteracións ou indicacións básicas.
IL7.3. Realiza a primeira vista fragmentos e pequenas pezas sinxelas anticipando a lectura e mantendo unha continuidade suficiente.
IL7.4. Incorpora á lectura as principais indicacións musicais da partitura.

CE8. Interpretar de memoria pezas breves completas cunha estabilidade suficiente, empregando diferentes estratexias básicas de memorización.

Indicadores de logro

IL8.1. Interpreta de memoria pezas breves completas sen depender da partitura.
IL8.2. Mantén de maneira suficientemente estable a secuencia da peza memorizada e continúa a interpretación ante pequenos esquecementos.
IL8.3. Emprega de maneira guiada diferentes estratexias visuais, auditivas e motoras para consolidar a memoria.

CE9. Organizar con regularidade o traballo persoal e aplicar as estratexias indicadas polo profesorado para resolver dificultades sinxelas.

Indicadores de logro

IL9.1. Organiza o traballo persoal seguindo as tarefas e prioridades establecidas co profesorado.
IL9.2. Identifica, coa orientación do profesorado, dificultades sinxelas presentes nas pezas ou exercicios traballados.
IL9.3. Aplica de maneira adecuada as estratexias de estudo indicadas para resolver dificultades concretas.
IL9.4. Comproba o resultado das estratexias aplicadas e recoñece, coa orientación necesaria, se a dificultade mellorou.

CE10. Empregar a escoita para percibir aspectos básicos da propia interpretación, reproducir de oído pequenas melodías e identificar elementos musicais básicos nas audicións.

Indicadores de logro

IL10.1. Identifica aspectos básicos do propio resultado sonoro mediante unha escoita consciente.
IL10.2. Reproduce de oído pequenas melodías sinxelas cunha fidelidade suficiente.

IL10.3. Identifica elementos musicais básicos e trazos evidentes nas obras ou fragmentos escoitados.

CE11. Interpretar en público pezas adecuadas ao nivel con preparación e seguridade básicas, aplicando correctamente o protocolo elemental de concerto.

Indicadores de logro

IL11.1. Aplica correctamente o protocolo básico de concerto durante a actuación pública.
IL11.2. Mantén un control básico da situación escénica e continúa a actuación ante pequenas incidencias.

CE12. Manter a propia parte dentro do grupo e realizar axustes básicos de pulso e dinámica atendendo ás indicacións e á escoita dos demais.

Indicadores de logro

IL12.1. Mantén a propia parte con suficiente continuidade dentro da interpretación colectiva.
IL12.2. Escoita as outras voces durante a interpretación e recoñece a súa relación coa propia.
IL12.3. Coordina as entradas e o pulso da propia parte co grupo seguindo as indicacións correspondentes.
IL12.4. Axusta o nivel dinámico da propia parte ao equilibrio sonoro básico do conxunto.

Mínimos esixibles

Para superar a materia será necesario, ademais de obter unha cualificación global ponderada igual ou superior a 5, alcanzar como mínimo a franxa 5–6 en todos os indicadores establecidos como mínimos de logro e cumprir os mínimos de realización do curso.

Mínimos de logro

IL1.3. Realiza os movementos necesarios para a interpretación con liberdade suficiente e sen tensións innecesarias que os dificulten.
IL3.1. Coordina con crecente precisión a acción das dúas mans nas pasaxes correspondentes ao nivel.
IL4.2. Mantén un son estable e continuo nas pasaxes sinxelas do repertorio.
IL5.1. Mantén un pulso definido e estable durante a interpretación.
IL5.2. Executa con precisión suficiente os elementos rítmicos correspondentes ao nivel.
IL7.1. Recoñece e aplica correctamente as grafías musicais e acordeonísticas correspondentes ao nivel.

Para considerar alcanzado cada un destes mínimos será necesario obter como mínimo unha valoración correspondente á franxa 5–6 da súa rúbrica.

Mínimos de realización

O alumnado deberá cumprir, ademais, os seguintes mínimos de realización:

- → Traballar e interpretar ao longo do curso un repertorio formado por un mínimo de 10 pezas adecuadas ao nivel de 2º de Grao Elemental.
- → Interpretar de memoria, como mínimo, unha peza do repertorio traballado durante o curso.
- → Participar como intérprete en polo menos dúas das audicións públicas organizadas polo centro ao longo do curso, salvo causa xustificada ou imposibilidade organizativa allea ao alumnado.

Procedementos e instrumentos de avaliación

Entre os procedementos de avaliación teranse en conta os seguintes:

- → Observación sistemática, diaria e directa do traballo e das interpretacións realizadas na aula.
- → Observación e análise das interpretacións realizadas en audicións e outras actividades públicas.
- → Análise das producións e traballos realizados polo alumnado, incluídas, cando proceda, gravacións ou outras evidencias que permitan valorar a súa evolución.

Como instrumentos de avaliación empregaranse:

- → Caderno de aula do profesor.
- → Rúbricas de avaliación.
- → Listas de cotexo.

Os diferentes procedementos e instrumentos utilizaranse en función dos criterios de avaliación e dos indicadores de logro que se pretendan valorar.

Temporalización da avaliación

Segundo o momento no que se recolla a información, a avaliación será:

- → **Inicial:** permitirá coñecer a situación de partida do alumnado e orientar a planificación do proceso de ensino-aprendizaxe. Realizarase ao comezo do curso e, cando resulte necesario, ao iniciar novos procesos de aprendizaxe, mediante a observación e actividades de carácter práctico ou oral.
- → **Continua:** permitirá identificar os logros e as dificultades que vaian aparecendo ao longo do curso, realizar un seguimento da evolución do alumnado e introducir as medidas necesarias para favorecer a súa aprendizaxe. A información recollerase de maneira sistemática mediante os procedementos e instrumentos de avaliación establecidos.
- → **Final:** permitirá valorar, ao remate do proceso, o grao de adquisición das aprendizaxes previstas para o curso a partir do conxunto das evidencias recollidas durante a avaliación continua.

Para garantir unha avaliación continua e obxectiva será necesaria a recollida de evidencias suficientes ao longo do curso. Cando, como consecuencia dunha asistencia insuficiente ou por outras circunstancias, non se dispoña de evidencias suficientes para valorar un ou varios criterios de avaliación ou indicadores de logro, realizaranse as actividades ou probas específicas necesarias para obter esas evidencias. En todo caso, as evidencias así obtidas valoraranse de acordo cos mesmos criterios de avaliación, indicadores de logro e rúbricas establecidos para o curso, sen alterar os mínimos esixibles nin os criterios de cualificación.

Criterios de cualificación

A cualificación obterase a partir da valoración dos criterios de avaliación e dos seus indicadores de logro.

Cada indicador será valorado nunha escala de 1 a 10 mediante a rúbrica correspondente. A cualificación de cada criterio calcularase aplicando a ponderación establecida para os seus indicadores e, posteriormente, aplicaranse as porcentaxes asignadas aos distintos criterios para obter a cualificación global.

En **2º de Grao Elemental**, os criterios de avaliación terán a seguinte ponderación:

Criterio de avaliación	Ponderación

CE1	5 %
CE2	5 %
CE3	15 %
CE4	15 %
CE5	15 %
CE6	10 %
CE7	10 %
CE8	5 %
CE9	5 %
CE10	5 %
CE11	5 %
CE12	5 %
Total	**100 %**

As cualificacións trimestrais reflectirán o nivel de logro alcanzado polo alumnado no momento de cada avaliación. Cando nun trimestre aínda non se dispoña de evidencias suficientes para valorar algún criterio ou indicador, a cualificación calcularase proporcionalmente a partir dos que puideron ser avaliados.

A cualificación final reflectirá o grao de logro alcanzado ao remate do curso nos diferentes criterios de avaliación e indicadores de logro, tendo en conta o conxunto das evidencias recollidas durante o proceso de avaliación continua. Para determinar este nivel considerarase o desempeño que o alumnado mostre de maneira representativa e suficientemente estable, polo que un resultado puntual de nivel superior non determinará por si só a cualificación final.

De acordo coa Circular 21/2008 da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, a cualificación final será consecuencia da valoración das aprendizaxes específicas da materia e da madureza académica acadada polo alumnado en relación cos obxectivos do curso, no marco do proceso de avaliación continua.

Para superar a materia será necesario cumprir simultaneamente os seguintes requisitos:

- → obter unha cualificación global ponderada igual ou superior a 5;
- → alcanzar, como mínimo, a franxa 5–6 en todos os indicadores establecidos como mínimos de logro;
- → cumprir os mínimos de realización establecidos para o curso.

O cumprimento dos mínimos de realización comprobarase na avaliación final.

Cando a cualificación global ponderada sexa igual ou superior a 5 pero non se cumpra algún dos mínimos de logro ou de realización establecidos para o curso, a cualificación final será 4.

O resultado da avaliación final expresarase mediante unha escala numérica de 1 a 10, sen decimais. Para obter unha cualificación positiva será necesario alcanzar unha cualificación global ponderada igual ou superior a 5 antes de expresala sen decimais; unha cualificación inferior a 5 non poderá converterse en positiva por efecto do redondeo.

Para o alumnado con avaliación negativa, o profesor da materia elaborará un informe sobre os obxectivos e contidos non acadados, indicando tamén os criterios de avaliación e indicadores de logro que requiran recuperación e propoñendo as actividades necesarias para a súa superación.

Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

Como recolle o artigo 11º do Decreto 198/2007, do 27 de setembro, polo que se establece a ordenación do grao elemental das ensinanzas de réxime especial de música, é competencia do consello escolar de cada centro autorizar, con carácter excepcional, a ampliación de matrícula ao curso seguinte do alumnado que, tras a orientación do profesorado, así o solicite, sempre que o informe da totalidade do profesorado do alumno ou da alumna asegure a súa adecuada capacidade de aprendizaxe do curso actual e daquel ao que aspire a acceder.

Na materia de Acordeón, a valoración desta capacidade terá en conta o grao de adquisición dos criterios de avaliación e indicadores de logro do curso actual, así como a evolución, autonomía e capacidade do alumnado para afrontar as aprendizaxes do curso seguinte. Cando se considere necesario completar as evidencias dispoñibles, poderá realizarse unha proba ou actividade específica de avaliación.

8.2.4 Medidas de recuperación

Procedementos de recuperación ordinarios

Dado o carácter continuo da avaliación, a recuperación das aprendizaxes non acadadas desenvolverase ao longo do propio proceso de ensino-aprendizaxe. O profesor identificará os criterios de avaliación e indicadores de logro nos que o alumnado presente dificultades e proporá as actividades de reforzo, revisión ou estudo que resulten necesarias.

A recuperación poderá realizarse mediante a revisión do repertorio e dos exercicios traballados, a realización de novas actividades, a adaptación das estratexias de estudo ou outras tarefas que permitan superar as dificultades detectadas. Cando sexa necesario, recolleranse novas evidencias para comprobar o grao de logro alcanzado.

Poderán empregarse tamén, cando estean dispoñibles e se consideren adecuados, outros recursos de apoio ou reforzo organizados polo centro.

Probas extraordinarias

O alumnado que non obteña unha avaliación positiva na materia de Acordeón poderá presentarse á proba extraordinaria que o centro organice nas datas establecidas para tal efecto.

A proba deseñarase de maneira que permita obter evidencias suficientes dos criterios de avaliación e indicadores de logro establecidos para o curso, mediante a interpretación de repertorio, a lectura a primeira vista e, cando resulte necesario, outras tarefas prácticas ou orais.

O alumnado deberá presentar un repertorio formado por 10 pezas adecuadas ao nivel de 2º de Grao Elemental e acordadas previamente co profesor, e estar preparado para interpretar calquera delas. Durante a proba interpretaranse catro pezas: unha elixida polo alumnado e as tres restantes polo profesor. Polo menos unha delas deberá interpretarse de memoria.

Unha parte da interpretación realizarase en condicións formais de actuación, co fin de obter evidencias dos aspectos relacionados coa interpretación pública. Así mesmo, realizaranse as tarefas complementarias necesarias para valorar os criterios ou indicadores que non poidan ser suficientemente observados mediante o repertorio e a lectura a primeira vista, incluída unha breve actividade de práctica de conxunto, coa participación do profesor ou doutro intérprete cando resulte necesario, para obter evidencias do CE12.

A proba avaliarase aplicando os mesmos criterios de avaliación, indicadores de logro, rúbricas e ponderacións establecidos para o curso.

Para superar a materia na avaliación extraordinaria será necesario cumprir simultaneamente os seguintes requisitos:

→ obter unha cualificación global ponderada igual ou superior a 5;
→ alcanzar, como mínimo, a franxa 5–6 en todos os indicadores establecidos como mínimos de logro;
→ cumprir os mínimos de realización adaptados á proba extraordinaria.

Para os efectos desta proba, considerararanse mínimos de realización:

→ presentar as 10 pezas establecidas para o curso;
→ interpretar de memoria, como mínimo, unha das pezas;
→ realizar a interpretación prevista en condicións formais de actuación, como forma equivalente de acreditar os aspectos asociados á participación en audicións públicas.

Cando a cualificación global ponderada sexa igual ou superior a 5 pero non se cumpra algún dos mínimos establecidos, a cualificación final será 4.

O resultado expresarase mediante unha escala numérica de 1 a 10, sen decimais. Para obter unha cualificación positiva será necesario alcanzar unha cualificación global ponderada igual ou superior a 5 antes de expresala sen decimais; unha cualificación inferior a 5 non poderá converterse en positiva por efecto do redondeo.

Se, tras a avaliación extraordinaria, a materia continúa pendente e o alumnado promociona ao curso seguinte, a súa recuperación realizarase na clase do curso seguinte, de acordo co establecido no artigo 13.2 do Decreto 198/2007, do 27 de setembro.

8.2.5 Recursos didácticos

- Abbott, Alain: *Pour fabrice*. Ed. Gérard Billaudot.
- Bloch, Waldemar: *35 Miniaturen für Akkordeon*. Ed. Hohner Verlag Trossingen.
- Garbatini, Sandro: *Tre Studietti Facili*. Ed. Bèrben.
- Jacomucci, Claudio: *Tecnica I per Fisarmonica a Bottoni*. Ed. Bèrben.
- Llanos, Ricardo: *Acordeón divertido*. Ed. Antza.
- Lundquist, Torbjörn: *Allerlei*. Ed. Hohner Verlag Trossingen.
- Ravasio, Luigi: *Ricreazioni*. Ed. Bèrben.
- Takács, Jenö: *Von Fernen Küsten*. Universal Editions.

8.3 Curso: 3º Grao Elemental

8.3.1 Obxectivos

→ Asumir e interiorizar unha posición axeitada para a correcta colocación do instrumento que permita o control dos elementos anatómico-funcionais que interveñen na relación do conxunto corpo-instrumento.

- → Ampliar o coñecemento das posibilidades sonoras do acordeón, para poder empregalas de maneira xustificada na interpretación acordeonística a través dun repertorio axeitado.
- → Progresar na coordinación de movementos entre brazos, antebrazos, pulsos e dedos que interveñen na execución instrumental, para poder interpretar un repertorio acorde ao nivel do curso.
- → Interiorizar a estabilidade do pulso empregado, a través da observación e percepción dela, para comprender que é un elemento básico da música.
- → Aumentar o dominio do manexo do fol aproximándose a unha execución controlada e precisa baseada no control postural, na asimilación do movemento de apertura-peche en forma de abanico e na ausencia de esforzo innecesario.
- → Iniciarse na aplicación consciente dos diferentes tipos de produción e cese do son, incentivando a reflexión persoal do seu uso a través experimentación co instrumento e a imitación ao profesor.
- → Asimilar e interiorizar a execución de diferentes tipos de articulación dixital, para acadar un control na produción e calidade do son adecuado ao nivel.
- → Progresar no dominio da técnica de fol adecuada para a execución dos matices e gradacións dinámicas.
- → Automatizar a técnica de acentuación de fol.
- → Interpretar un nutrido repertorio de pezas breves en MI, MII e MIII como solista e como membro dun grupo, dando comezo ao coñecemento das diferentes épocas e estilos a través de músicas de diversa procedencia.
- → Expandir o coñecemento das grafías propias da linguaxe acordeonística a través dun repertorio adecuado ao nivel do curso en MI, MII e MIII.
- → Iniciarse na aplicación dos criterios básicos de interpretación propios dos estilos aos que pertenzan as pezas do repertorio traballado.
- → Identificar algunhas formas musicais sinxelas a través do estudo e utilización na interpretación de repertorio de nivel elemental, para entendelas como un elemento da linguaxe musical presente na composición e na execución instrumental.
- → Valorar o alcance da organización dun espazo e un tempo diario dedicado ao estudo do acordeón, para avanzar con garantías no nivel acordeonístico persoal, a través da observación do propio progreso.
- → Progresar na formación dun método de traballo persoal para continuar coa mellora da competencia de aprender a aprender.
- → Aproximarse ao hábito do uso da memoria na interpretación musical.
- → Interpretar pezas do repertorio do curso de memoria, para orientarse cara a unha independencia musical, a través dunha selección coidada con dito propósito.
- → Interpretar a primeira vista pezas breves moi sinxelas, para ser capaz de captar en pouco tempo as características máis destacadas dunha obra adecuada a esta actividade.
- → Intervir en concertos organizados polo centro con pezas adecuadas ao nivel, para experimentar a comunicación dunha idea musical, seguindo as normas de conducta correspondentes e amosando actitude de respeto.
- → Aproximarse ao hábito de escoitar música con atención, para ampliar os coñecementos individuais de forma non sistemática, a través da asistencia a recitais e concertos, ou da escoita de música en formatos físicos e/ou dixitais.

8.3.2 Contidos

→ Interiorización e asunción dunha axeitada posición corporal que permita a correcta colocación do instrumento.
→ Profundamento na función dos elementos constitutivos do acordeón e coñecemento do funcionamento dos seus mecanismos a nivel básico.
→ Ampliación das posibilidades sonoras do acordeón.
→ Desenvolvemento da coordinación, independencia, simultaneidade e sincronización dos diferentes elementos articulatorios que interveñen na execución instrumental.
→ Desenvolvemento paralelo de ambas as mans en MI-MII e MI-MIII.
→ Desenvolvemento e interiorización do uso dun pulso regular e definido. Adecuación do tempo ao carácter da peza.
→ Aproximación a unha execución controlada e precisa do manexo do fol.
→ Aplicación consciente dos diferentes tipos de ataque e extinción do son. Reflexión persoal do seu uso.
→ Asimilación e aumento do control de articulacións dixitais nos diferentes manuais.
→ Estudo da dinámica e a súa relación co fol.
→ Automatización da técnica de acentuación do fol.
→ Interpretación dun nutrido repertorio de pezas breves, estudos e exercicios de técnica en MI, MII e MIII como solista e como membro dun grupo.
→ Iniciación á aplicación dos criterios básicos de interpretación propios dos estilos aos que pertenzan as pezas do repertorio traballado.
→ Interpretación dun repertorio en MI, MII e MIII que inclúa textura monofónica, homofónica, polifónica a dúas e tres voces, melodía acompañada e contrapunto a dúas voces.
→ Aplicación e reflexión argumentada da dixitación proposta polo profesor.
→ Dixitación de pasaxes e pezas musicais do nivel.
→ Adopción do uso da respiración ao comezar a execución da frase nos comezos con e sen anacruse, nas interpretacións como solista e como membro dun grupo.
→ Estudo dos sistemas de escritura e das grafías propias do instrumento.
→ Emprego da escritura musical para comunicar as ideas compositivas.
→ Coñecemento e uso de elementos da linguaxe musical.
→ Coñecemento de formas e estruturas musicais.
→ Desenvolvemento de estratexias e hábitos de estudo correctos.
→ Adestramento da memoria visual, auditiva, muscular e analítica.
→ Memorización de pequenas pezas enteiras en MI-MII e MI-MIII para ser interpretadas en público.
→ Práctica da lectura á vista de pezas sinxelas e accesibles nas que interveñan as dúas mans por separado, así coma a dúas mans en MI, MII e MIII.
→ Adquisición da habilidade de anticipar e non interromper a lectura.
→ Iniciación ao hábito de ler a primeira vista co acordeón con frecuencia.
→ Improvisación fundamentada en patróns melódico-rítmicos simples, mantemento do pulso, tonalidades ata dúas alteracións, cluster, glissando, válvula de aire e percusión cos diferentes elementos constitutivos do acordeón.
→ Participación e asistencia a audicións e outras actuacións públicas.
→ Asimilación do protocolo de concerto nas audicións, tanto de intérprete coma de público.

→ Fomento do hábito de acadar unha boa calidade do son a través da escoita atenta e consciente durante a interpretación. Desenvolvemento do hábito de escoitar outras voces e instrumentos adaptándose ao grupo na práctica musical en conxunto.
→ Escoita consciente do silencio, ao principio, nas pausas intermedias e ao final da peza.
→ Entrenamento auditivo a través da busca e interpretación de oído de melodías e cancións adecuadas ao nivel e a execución instrumental simultánea ao canto.
→ Fomento do hábito de escoitar música —tanto gravada coma en directo— de forma atenta con frecuencia.

8.3.3 Avaliación

A avaliación é un proceso sistemático de indagación e comprensión da realidade educativa que pretende emitir un xuízo de valor orientado á toma de decisións e á mellora. Tal e como recolle o Decreto 198/2007, do 27 de setembro, polo que se establece a ordenación do grao elemental das ensinanzas de réxime especial de música, levarase a cabo tendo en conta os obxectivos e os criterios de avaliación establecidos no currículo e será continua, cualitativa e integradora. Así mesmo, servirá para a mellora tanto dos procesos de ensino como da propia práctica docente.

Asemade, de acordo coa Circular 21/2008 da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, pola que se regula a avaliación e cualificación do alumnado que cursa as ensinanzas elementais de música e danza, na avaliación do proceso de aprendizaxe considerararanse as características propias do alumnado e o contexto sociocultural do centro. O alumnado ten dereito a ser avaliado conforme a criterios de plena obxectividade e a coñecer os resultados das súas aprendizaxes. Tamén poderá solicitar aclaracións ao profesorado responsable da materia sobre as avaliacións realizadas, exercendo os pais, nais ou titores legais este dereito a través do profesor titor. Así mesmo, terá dereito a coñecer os procedementos formais de avaliación, a súa natureza, aplicación e criterios de corrección.

Criterios de avaliación
Os criterios de avaliación concretan as aprendizaxes que se valorarán ao longo do curso. Cada criterio desenvólvese mediante varios indicadores de logro, que permiten observar e valorar de maneira máis precisa o grao de adquisición das aprendizaxes correspondentes.

Cada indicador será valorado mediante unha rúbrica organizada en cinco franxas de cualificación: **1–2, 3–4, 5–6, 7–8 e 9–10**. Asignarase a franxa máis alta cuxo descritor quede suficientemente demostrado polas evidencias dispoñibles. Dentro de cada franxa, o valor inferior corresponderá a un desempeño máis irregular ou menos consistente, e o superior ao mesmo nivel de logro manifestado con maior estabilidade e consistencia.

A ponderación indicada para cada indicador expresa a súa importancia relativa dentro do criterio de avaliación ao que pertence.

CE1. Manter de maneira estable unha posición corporal e instrumental equilibrada, recoñecendo e corrixindo con crecente autonomía os desaxustes básicos que interfiran na execución.

Indicadores de logro
IL1.1. Mantén de maneira estable unha posición corporal equilibrada durante a interpretación.

IL1.2. Mantén unha colocación estable e funcional do acordeón durante os movementos requiridos pola execución.
IL1.3. Realiza os movementos instrumentais con liberdade e economía suficientes, evitando tensións innecesarias.
IL1.4. Recoñece e corrixe, con crecente autonomía, desaxustes básicos da posición corporal ou instrumental.

CE2. Comprender a función e o funcionamento básico dos principais mecanismos do acordeón e relacionar a súa utilización co resultado sonoro obtido.

Indicadores de logro
IL2.1. Explica a función e o funcionamento básico dos principais elementos e mecanismos do acordeón.
IL2.2. Relaciona os manuais, rexistros e mecanismos dispoñibles coas posibilidades sonoras que permiten obter.
IL2.3. Emprega correctamente os rexistros e demais mecanismos básicos presentes no seu instrumento segundo a función solicitada.

CE3. Coordinar con precisión suficiente os movementos necesarios para os cambios de posición, a dixitación e a independencia entre manuais nas texturas correspondentes ao curso.

Indicadores de logro
IL3.1. Coordina con precisión suficiente a acción das dúas mans nas texturas e pasaxes correspondentes ao curso.
IL3.2. Mantén a independencia entre os manuais cando realizan funcións diferenciadas.
IL3.3. Realiza cambios de posición e desprazamentos con suficiente seguridade e continuidade.
IL3.4. Aplica dixitacións adecuadas ás características das pasaxes, coa orientación do profesorado cando sexa necesaria.

CE4. Aplicar de maneira consciente o control do fol e da articulación para manter a estabilidade sonora, diferenciar os ataques e extincións traballados e realizar os matices, gradacións dinámicas e acentuacións de fol propias do nivel.

Indicadores de logro
IL4.1. Controla con precisión suficiente o movemento do fol e os cambios de dirección nas pasaxes correspondentes ao nivel.
IL4.2. Mantén un son estable e controlado ao longo das pasaxes correspondentes ao nivel.
IL4.3. Diferencia e executa con control suficiente os diferentes tipos de ataque e extinción traballados.
IL4.4. Mantén con suficiente precisión a diferenciación das articulacións dixitais nas pasaxes correspondentes ao nivel.
IL4.5. Realiza con control suficiente os matices, as gradacións dinámicas e as acentuacións de fol correspondentes ao nivel.

CE5. Controlar con suficiente estabilidade o pulso, a precisión rítmica, a continuidade e o tempo nas pezas correspondentes ao nivel.

Indicadores de logro
IL5.1. Mantén un pulso estable ao longo da interpretación.

IL5.2. Executa con precisión os elementos e combinacións rítmicas correspondentes ao curso.
IL5.3. Mantén a continuidade temporal e restablece con rapidez o fluxo da interpretación ante pequenos desaxustes rítmicos.
IL5.4. Mantén de maneira suficientemente estable o tempo establecido para a peza.

CE6. Interpretar o repertorio aplicando de maneira consciente criterios básicos de estrutura, fraseo, carácter, tempo e estilo correspondentes ás pezas traballadas.

Indicadores de logro
IL6.1. Relaciona a estrutura básica da peza coa organización da súa interpretación.
IL6.2. Realiza un fraseo claro e coherente coas características das pezas traballadas.
IL6.3. Mantén e diferencia adecuadamente o carácter das pezas interpretadas.
IL6.4. Emprega un tempo adecuado ao carácter da peza, dentro das posibilidades técnicas propias do nivel.
IL6.5. Aplica criterios básicos de interpretación propios do estilo das pezas traballadas.
IL6.6. Emprega unha rexistración adecuada ás pezas traballadas, seguindo as orientacións do profesorado cando sexa necesario.

CE7. Comprender e aplicar a notación correspondente ao nivel e realizar a primeira vista pezas sinxelas mediante unha observación previa básica, anticipando a información relevante e mantendo a continuidade.

Indicadores de logro
IL7.1. Comprende e aplica con seguridade suficiente as grafías musicais e acordeonísticas correspondentes ao curso.
IL7.2. Identifica antes da lectura os principais elementos que poden condicionar a execución e anticipa as dificultades máis evidentes.
IL7.3. Realiza a primeira vista pezas sinxelas mantendo a continuidade ante pequenas dificultades.
IL7.4. Integra na lectura as principais indicacións musicais da partitura correspondentes ao nivel.

CE8. Interpretar de memoria pezas do repertorio con suficiente estabilidade, combinando diferentes estratexias de memorización para consolidar e recuperar a información musical.

Indicadores de logro
IL8.1. Interpreta de memoria pezas do repertorio correspondente ao nivel sen depender da partitura.
IL8.2. Mantén de maneira estable a secuencia memorizada e recupera a interpretación ante pequenos fallos de memoria.
IL8.3. Combina estratexias visuais, auditivas, motoras e analíticas para memorizar e reforzar os puntos menos seguros.

CE9. Planificar o estudo, identificar dificultades básicas e aplicar, coa orientación necesaria, estratexias adecuadas para resolvelas e comprobar os resultados.

Indicadores de logro
IL9.1. Planifica de maneira básica as tarefas e prioridades do estudo persoal.
IL9.2. Identifica dificultades técnicas ou musicais concretas que requiren traballo específico.
IL9.3. Selecciona e aplica, coa orientación necesaria, estratexias adecuadas para traballar as dificultades identificadas.

IL9.4. Comproba os resultados obtidos e modifica o procedemento cando a estratexia empregada non resulta suficientemente eficaz.

CE10. Empregar a escoita para identificar aspectos relevantes das interpretacións propias e alleas, reproducir de oído melodías adecuadas ao nivel e describir trazos básicos das músicas escoitadas.

Indicadores de logro
IL10.1. Identifica mediante a autoescoita aspectos concretos da propia interpretación susceptibles de mellora.
IL10.2. Reproduce de oído melodías adecuadas ao nivel con suficiente fidelidade.
IL10.3. Describe aspectos básicos das músicas e interpretacións escoitadas empregando os conceptos musicais correspondentes ao nivel.

CE11. Interpretar en público pezas adecuadas ao nivel con crecente seguridade e autocontrol, recuperándose de pequenos erros sen perder o control da situación.

Indicadores de logro
IL11.1. Aplica con autonomía suficiente o protocolo de concerto antes, durante e despois da interpretación.
IL11.2. Mantén o autocontrol durante a actuación e recupérase de pequenos erros ou incidencias sen perder o control da situación.

CE12. Coordinar a propia interpretación co grupo, adaptando con crecente autonomía o pulso, as entradas, a dinámica e a continuidade ao resultado colectivo.

Indicadores de logro
IL12.1. Mantén de maneira estable a propia parte dentro da interpretación colectiva.
IL12.2. Escoita activamente as outras voces e identifica a función da propia parte dentro do conxunto.
IL12.3. Coordina con suficiente precisión as entradas, o pulso e a continuidade da propia parte co grupo.
IL12.4. Adapta a dinámica da propia parte ás necesidades de equilibrio do conxunto.

Mínimos esixibles
Para superar a materia será necesario, ademais de obter unha cualificación global ponderada igual ou superior a 5, alcanzar como mínimo a franxa 5–6 en todos os indicadores establecidos como mínimos de logro e cumprir os mínimos de realización do curso.

Mínimos de logro

IL1.3. Realiza os movementos instrumentais con liberdade e economía suficientes, evitando tensións innecesarias.
IL3.1. Coordina con precisión suficiente a acción das dúas mans nas texturas e pasaxes correspondentes ao curso.
IL4.2. Mantén un son estable e controlado ao longo das pasaxes correspondentes ao nivel.
IL5.1. Mantén un pulso estable ao longo da interpretación.
IL5.2. Executa con precisión os elementos e combinacións rítmicas correspondentes ao curso.
IL7.1. Comprende e aplica con seguridade suficiente as grafías musicais e acordeonísticas correspondentes ao curso.

Para considerar alcanzado cada un destes mínimos será necesario obter como mínimo unha valoración correspondente á franxa 5–6 da súa rúbrica.

Mínimos de realización

O alumnado deberá cumprir, ademais, os seguintes mínimos de realización:

→ Traballar e interpretar ao longo do curso un repertorio formado por un mínimo de 8 pezas adecuadas ao nivel de 3º de Grao Elemental. Cando unha obra estea formada por varios movementos, estes poderán contabilizarse separadamente sempre que teñan entidade musical e dificultade suficientes para o nivel.
→ Interpretar de memoria, como mínimo, unha peza do repertorio traballado durante o curso.
→ Participar como intérprete en polo menos dúas das audicións públicas organizadas polo centro ao longo do curso, salvo causa xustificada ou imposibilidade organizativa allea ao alumnado.

Procedementos e instrumentos de avaliación

Entre os procedementos de avaliación teranse en conta os seguintes:

→ Observación sistemática, diaria e directa do traballo e das interpretacións realizadas na aula.
→ Observación e análise das interpretacións realizadas en audicións e outras actividades públicas.
→ Análise das producións e traballos realizados polo alumnado, incluídas, cando proceda, gravacións ou outras evidencias que permitan valorar a súa evolución.

Como instrumentos de avaliación empregaranse:

→ Caderno de aula do profesor.
→ Rúbricas de avaliación.
→ Listas de cotexo.

Os diferentes procedementos e instrumentos utilizaranse en función dos criterios de avaliación e dos indicadores de logro que se pretendan valorar.

Temporalización da avaliación

Segundo o momento no que se recolla a información, a avaliación será:

→ **Inicial:** permitirá coñecer a situación de partida do alumnado e orientar a planificación do proceso de ensino-aprendizaxe. Realizarase ao comezo do curso e, cando resulte necesario, ao iniciar novos procesos de aprendizaxe, mediante a observación e actividades de carácter práctico ou oral.
→ **Continua:** permitirá identificar os logros e as dificultades que vaian aparecendo ao longo do curso, realizar un seguimento da evolución do alumnado e introducir as medidas necesarias para favorecer a súa aprendizaxe. A información recollerase de maneira sistemática mediante os procedementos e instrumentos de avaliación establecidos.
→ **Final:** permitirá valorar, ao remate do proceso, o grao de adquisición das aprendizaxes previstas para o curso a partir do conxunto das evidencias recollidas durante a avaliación continua.

Para garantir unha avaliación continua e obxectiva será necesaria a recollida de evidencias suficientes ao longo do curso. Cando, como consecuencia dunha asistencia insuficiente ou por outras circunstancias, non se dispoña de evidencias suficientes para valorar un ou varios criterios de avaliación ou indicadores de logro, realizaranse as actividades ou probas específicas necesarias para obter esas evi-

dencias. En todo caso, as evidencias así obtidas valoraranse de acordo cos mesmos criterios de avaliación, indicadores de logro e rúbricas establecidos para o curso, sen alterar os mínimos esixibles nin os criterios de cualificación.

Criterios de cualificación

A cualificación obterase a partir da valoración dos criterios de avaliación e dos seus indicadores de logro.

Cada indicador será valorado nunha escala de 1 a 10 mediante a rúbrica correspondente. A cualificación de cada criterio calcularase aplicando a ponderación establecida para os seus indicadores e, posteriormente, aplicaranse as porcentaxes asignadas aos distintos criterios para obter a cualificación global.

En **3º de Grao Elemental**, os criterios de avaliación terán a seguinte ponderación:

Criterio de avaliación	Ponderación
CE1	5 %
CE2	5 %
CE3	15 %
CE4	15 %
CE5	10 %
CE6	15 %
CE7	5 %
CE8	5 %
CE9	5 %
CE10	5 %
CE11	10 %
CE12	5 %
Total	**100 %**

As cualificacións trimestrais reflectirán o nivel de logro alcanzado polo alumnado no momento de cada avaliación. Cando nun trimestre aínda non se dispoña de evidencias suficientes para valorar algún criterio ou indicador, a cualificación calcularase proporcionalmente a partir dos que puideron ser avaliados.

A cualificación final reflectirá o grao de logro alcanzado ao remate do curso nos diferentes criterios de avaliación e indicadores de logro, tendo en conta o conxunto das evidencias recollidas durante o proceso de avaliación continua. Para determinar este nivel considerarase o desempeño que o alumnado mostre de maneira representativa e suficientemente estable, polo que un resultado puntual de nivel superior non determinará por si só a cualificación final.

De acordo coa Circular 21/2008 da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, a cualificación final será consecuencia da valoración das aprendizaxes específicas da materia e da madureza académica acadada polo alumnado en relación cos obxectivos do curso, no marco do proceso de avaliación continua.

Para superar a materia será necesario cumprir simultaneamente os seguintes requisitos:

→ obter unha cualificación global ponderada igual ou superior a 5;

→ alcanzar, como mínimo, a franxa 5–6 en todos os indicadores establecidos como mínimos de logro;
→ cumprir os mínimos de realización establecidos para o curso.

O cumprimento dos mínimos de realización comprobarase na avaliación final.

Cando a cualificación global ponderada sexa igual ou superior a 5 pero non se cumpra algún dos mínimos de logro ou de realización establecidos para o curso, a cualificación final será 4.

O resultado da avaliación final expresarase mediante unha escala numérica de 1 a 10, sen decimais. Para obter unha cualificación positiva será necesario alcanzar unha cualificación global ponderada igual ou superior a 5 antes de expresala sen decimais; unha cualificación inferior a 5 non poderá converterse en positiva por efecto do redondeo.

Para o alumnado con avaliación negativa, o profesor da materia elaborará un informe sobre os obxectivos e contidos non acadados, indicando tamén os criterios de avaliación e indicadores de logro que requiran recuperación e propoñendo as actividades necesarias para a súa superación.

Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

Como recolle o artigo 11º do Decreto 198/2007, do 27 de setembro, polo que se establece a ordenación do grao elemental das ensinanzas de réxime especial de música, é competencia do consello escolar de cada centro autorizar, con carácter excepcional, a ampliación de matrícula ao curso seguinte do alumnado que, tras a orientación do profesorado, así o solicite, sempre que o informe da totalidade do profesorado do alumno ou da alumna asegure a súa adecuada capacidade de aprendizaxe do curso actual e daquel ao que aspire a acceder.

Na materia de Acordeón, a valoración desta capacidade terá en conta o grao de adquisición dos criterios de avaliación e indicadores de logro do curso actual, así como a evolución, autonomía e capacidade do alumnado para afrontar as aprendizaxes do curso seguinte. Cando se considere necesario completar as evidencias dispoñibles, poderá realizarse unha proba ou actividade específica de avaliación.

8.3.4 Medidas de recuperación

Procedementos de recuperación ordinarios

Dado o carácter continuo da avaliación, a recuperación das aprendizaxes non acadadas desenvolverase ao longo do propio proceso de ensino-aprendizaxe. O profesor identificará os criterios de avaliación e indicadores de logro nos que o alumnado presente dificultades e proporá as actividades de reforzo, revisión ou estudo que resulten necesarias.

A recuperación poderá realizarse mediante a revisión do repertorio e dos exercicios traballados, a realización de novas actividades, a adaptación das estratexias de estudo ou outras tarefas que permitan superar as dificultades detectadas. Cando sexa necesario, recolleranse novas evidencias para comprobar o grao de logro alcanzado.

Poderán empregarse tamén, cando estean dispoñibles e se consideren adecuados, outros recursos de apoio ou reforzo organizados polo centro.

Probas extraordinarias

O alumnado que non obteña unha avaliación positiva na materia de Acordeón poderá presentarse á proba extraordinaria que o centro organice nas datas establecidas para tal efecto.

A proba deseñarase de maneira que permita obter evidencias suficientes dos criterios de avaliación e indicadores de logro establecidos para o curso, mediante a interpretación de repertorio, a lectura a primeira vista e, cando resulte necesario, outras tarefas prácticas ou orais.

O alumnado deberá presentar un repertorio formado por 8 pezas adecuadas ao nivel de 3º de Grao Elemental e acordadas previamente co profesor, e estar preparado para interpretar calquera delas. Cando unha obra estea formada por varios movementos, estes poderán contabilizarse separadamente sempre que teñan entidade musical e dificultade suficientes para o nivel. Durante a proba interpretaranse catro pezas: unha elixida polo alumnado e as tres restantes polo profesor. Polo menos unha delas deberá interpretarse de memoria.

Unha parte da interpretación realizarase en condicións formais de actuación, co fin de obter evidencias dos aspectos relacionados coa interpretación pública. Así mesmo, realizaranse as tarefas complementarias necesarias para valorar os criterios ou indicadores que non poidan ser suficientemente observados mediante o repertorio e a lectura a primeira vista, incluída unha breve actividade de práctica de conxunto, coa participación do profesor ou doutro intérprete cando resulte necesario, para obter evidencias do CE12.

A proba avaliarase aplicando os mesmos criterios de avaliación, indicadores de logro, rúbricas e ponderacións establecidos para o curso.

Para superar a materia na avaliación extraordinaria será necesario cumprir simultaneamente os seguintes requisitos:

→ obter unha cualificación global ponderada igual ou superior a 5;
→ alcanzar, como mínimo, a franxa 5–6 en todos os indicadores establecidos como mínimos de logro;
→ cumprir os mínimos de realización adaptados á proba extraordinaria.

Para os efectos desta proba, consideraranse mínimos de realización:

→ presentar as 8 pezas establecidas para o curso;
→ interpretar de memoria, como mínimo, unha das pezas;
→ realizar a interpretación prevista en condicións formais de actuación, como forma equivalente de acreditar os aspectos asociados á participación en audicións públicas.

Cando a cualificación global ponderada sexa igual ou superior a 5 pero non se cumpra algún dos mínimos establecidos, a cualificación final será 4.

O resultado expresarase mediante unha escala numérica de 1 a 10, sen decimais. Para obter unha cualificación positiva será necesario alcanzar unha cualificación global ponderada igual ou superior a 5 antes de expresala sen decimais; unha cualificación inferior a 5 non poderá converterse en positiva por efecto do redondeo.

Se, tras a avaliación extraordinaria, a materia continúa pendente e o alumnado promociona ao curso seguinte, a súa recuperación realizarase na clase do curso seguinte, de acordo co establecido no artigo 13.2 do Decreto 198/2007, do 27 de setembro.

8.3.5 Recursos didácticos

- Fleming, Robert: *Puppet pantomime*. Ed. Waterloo.
- Fraga, Fernando: *A man lixeira*. Ed. Dos Acordes.
- Gurbindo, Fermín: *Saludo a Larri*. Ed. Real Musical.
- Lundquist, Torbjörn: *Allerlei*. Ed. Hohner Verlag Trossingen.
- Newy, Wolfgang: *Kleine Suite für Akkordeon*. Ed. VEB Deutscher Verlag für Musik.
- Przybylski, Bronislaw Kazimierz: *The four seasons*. Ed. PWM.
- Schwaen, Kurt: *Weiter Landschaft*. Ed. VEB Deutscher Verlag für Musik.
- VV. AA.: *Álbum para Anna Magdalena Bach*. Ed. Boileau.

8.4 Curso: 4º Grao Elemental

8.4.1 Obxectivos

→ Adoptar e manter no tempo unha posición axeitada para a correcta colocación do instrumento que permita o control dos elementos anatómico-funcionais que interveñen na relación do conxunto corpo-instrumento.

→ Coñecer as características e as posibilidades sonoras do instrumento e sabelas empregar dentro das exixencias do nivel.

→ Coordinar cada un dos elementos articulatorios que interveñen na práctica instrumental dun repertorio de nivel elemental, acadando unha adecuada independencia entre manuais.

→ Adoptar o uso dun pulso definido, a través da determinación persoal e autovixiancia, para a preparación e interpretación das pezas musicais.

→ Demostrar dominio e control no manexo do fol acadando un preciso control postural, fluidez no movemento de apertura-peche en forma de abanico e ausencia de esforzo.

→ Adquirir unha técnica de fol axeitada que permita a execución dos diferentes tipos de produción e cese do son.

→ Adoptar unha técnica correcta para a execución de diferentes tipos de articulación dixital que permita un control consciente na produción e calidade do son.

→ Demostrar un dominio da técnica de fol acorde ao nivel que permita a execución dos matices e gradacións dinámicas, valorando a relación existente entre os diversos elementos funcionais, instrumentais e musicais que interveñen na súa realización.

→ Acadar unha técnica adecuada de acentuación de fol, logrando un ataque sonoro claro e definido a través da coordinación precisa entre a acción do fol e o movemento dos dedos.

→ Asimilar o concepto de fraseo dinámico, realizando nas interpretacións instrumentais diversas acentuacións e flutuacións dinámicas básicas.

→ Interpretar un repertorio de pezas de nivel adecuado e diferentes estilos en MI, MII e MIII, para profundar na comprensión da música como fenómeno diverso a través do acordeón.

→ Coñecer as grafías propias da linguaxe acordeonística a través dun repertorio adecuado ao nivel do curso en MI, MII e MIII.

→ Adoptar os criterios de estilo básicos correspondentes na interpretación de pezas históricas, de forma que se mostre a comprensión da música como fenómeno que evoluciona no tempo.

→ Examinar e comprender a forma musical correspondente ás pezas do repertorio que se traballa, a través da súa análise sinxela e aplicación da mesma á interpretación, para conseguir unha perspectiva xeral de cada obra.
→ Responsabilizarse da organización dun espazo e un tempo diario adicado ao estudo do acordeón, a través da programación dun horario individual, para desenvolver a iniciativa persoal no ámbito da aprendizaxe acordeonística.
→ Mellorar a configuración do método de estudo persoal, a través da actividade individual sobre a obra a traballar, orientada polo profesor, para elevar o nivel da competencia de aprender a aprender.
→ Desenvolver a utilización da memoria no estudo persoal e na interpretación musical, a través do coñecemento de procesos musicais que teñen lugar nas pezas que se traballen.
→ Interpretar de memoria unha parte do repertorio do curso, para progresar na independencia musical propia, a través do estudo específico do mesmo.
→ Tocar a primeira vista pezas fáciles, para aproximarse a poder captar a información necesaria e interpretar dunha ollada unha partitura adecuada, a través da adquisición de hábitos de traballo correspondentes.
→ Interpretar un pequeno repertorio en público, a través de pezas adecuadas ao nivel, para experimentar a relación coa música que ten lugar ao comunicalo a outros.
→ Demostrar un control básico na interpretación musical, a través da observación dos factores que interveñen na mesma, para conseguir un apropiado resultado final.
→ Adquirir o hábito de escoitar música conscientemente, a través da asistencia a recitais e concertos ou da escoita de música en formatos físicos e/ou dixitais, para aumentar a cultura propia e entender a función e o valor da música dun xeito básico.
→ Asistir a recitais ou concertos organizados no propio conservatorio, para aproximarse á comprensión da función do músico e apoiar e valorar o traballo doutros compañeiros do centro, participando a través da escoita activa, con actitude de respeto e seguindo as normas de conduta correspondentes.

8.4.2 Contidos

→ Adopción e mantemento dunha axeitada posición corporal que permita a correcta colocación do instrumento.
→ Coñecemento dos elementos constitutivos do acordeón, a súa función e o funcionamento dos seus mecanismos a nivel básico.
→ Ampliación e afianzamento das posibilidades sonoras do acordeón.
→ Desenvolvemento da coordinación, independencia, simultaneidade e sincronización dos diferentes elementos articulatorios que interveñen na execución instrumental.
→ Adopción do uso dun pulso regular e definido. Adecuación do tempo ao carácter da peza.
→ Desenvolvemento paralelo de ambas as mans en MI-MII e MI-MIII.
→ Dominio e control do manexo do fol.
→ Adquisición dunha técnica de fol axeitada que permita a execución dos diferentes tipos de ataque e extinción do son. Argumentación do seu uso.
→ Adopción dunha técnica correcta para a execución de diferentes tipos de articulación dixital nos diferentes manuais.

- → Dominio dunha técnica de fol que permita a execución diferenciada dos matices e gradacións dinámicas.
- → Adopción dunha adecuada técnica de acentuación de fol que permita un ataque sonoro claro e definido. Coordinación precisa entre a acción do fol e o movemento dos dedos.
- → Asimilación do concepto de fraseo dinámico. Emprego do fraseo como recurso expresivo.
- → Interpretación dun repertorio de obras orixinais e transcricións de diferentes estilos, estudos e exercicios de técnica adecuados ao nivel do curso en MI, MII e MIII como solista e como membro dun grupo.
- → Desenvolvemento e aplicación dos criterios básicos de interpretación propios dos estilos aos que pertenzan as pezas do repertorio traballado. Coñecemento básico de estilos musicais.
- → Interpretación dun repertorio en MI, MII e MIII que inclúa textura monofónica, homofónica, polifónica a dúas e tres voces, melodía acompañada, baixo de Alberti e contrapunto a dúas voces.
- → Aplicación e reflexión argumentada da dixitación proposta polo profesor.
- → Dixitación de pasaxes e pezas musicais do nivel.
- → Adopción do uso da respiración ao comezar a execución da frase nos comezos con e sen anacruse, nas interpretacións como solista e como membro dun grupo.
- → Estudo dos sistemas de escritura e das grafías propias do instrumento.
- → Emprego da escritura musical para comunicar as ideas compositivas.
- → Coñecemento e uso de elementos da linguaxe musical. Concienciación do respecto ás indicacións da partitura e a importancia da fidelidade á partitura.
- → Coñecemento e identificación de formas e estruturas musicais correspondentes ás pezas do repertorio traballado.
- → Desenvolvemento de estratexias e hábitos de estudo correctos.
- → Desenvolvemento da memoria visual, auditiva, muscular e analítica.
- → Memorización dunha parte do repertorio do curso para ser interpretado en público.
- → Práctica da lectura á vista de pezas a dúas mans en MI, MII e MIII.
- → Adopción da habilidade de anticipar e non interromper a lectura.
- → Desenvolvemento do hábito de ler a primeira vista co acordeón con frecuencia.
- → Improvisación fundamentada en patróns melódico-rítmicos simples, compases simples e compostos, mantemento do pulso e tonalidades ata dúas alteracións. Improvisación libre.
- → Interpretación dun pequeno repertorio en público.
- → Adopción do protocolo de concerto nas audicións, tanto de intérprete coma de público.
- → Desenvolvemento do hábito de acadar unha boa calidade do son a través da escoita atenta e consciente durante a interpretación. Desenvolvemento do hábito de escoitar outras voces e instrumentos adaptándose ao grupo na práctica musical en conxunto.
- → Escoita consciente do silencio, ao principio, nas pausas intermedias e ao final da peza.
- → Entrenamento auditivo a través da busca e interpretación de oído de melodías e cancións adecuadas ao nivel e a execución instrumental simultánea ao canto.
- → Fomento do hábito de escoitar diferentes tipos de música —tanto gravada coma en directo— de forma atenta con frecuencia. Xuízo crítico e racional do escoitado.

8.4.3 Avaliación

A avaliación é un proceso sistemático de indagación e comprensión da realidade educativa que pretende emitir un xuízo de valor orientado á toma de decisións e á mellora. Tal e como recolle o Decreto 198/2007, do 27 de setembro, polo que se establece a ordenación do grao elemental das ensinanzas de réxime especial de música, levarase a cabo tendo en conta os obxectivos e os criterios de avaliación establecidos no currículo e será continua, cualitativa e integradora. Así mesmo, servirá para a mellora tanto dos procesos de ensino como da propia práctica docente.

Asemade, de acordo coa Circular 21/2008 da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, pola que se regula a avaliación e cualificación do alumnado que cursa as ensinanzas elementais de música e danza, na avaliación do proceso de aprendizaxe considerararanse as características propias do alumnado e o contexto sociocultural do centro. O alumnado ten dereito a ser avaliado conforme a criterios de plena obxectividade e a coñecer os resultados das súas aprendizaxes. Tamén poderá solicitar aclaracións ao profesorado responsable da materia sobre as avaliacións realizadas, exercendo os pais, nais ou titores legais este dereito a través do profesor titor. Así mesmo, terá dereito a coñecer os procedementos formais de avaliación, a súa natureza, aplicación e criterios de corrección.

Criterios de avaliación

Os criterios de avaliación concretan as aprendizaxes que se valorarán ao longo do curso. Cada criterio desenvólvese mediante varios indicadores de logro, que permiten observar e valorar de maneira máis precisa o grao de adquisición das aprendizaxes correspondentes.

Cada indicador será valorado mediante unha rúbrica organizada en cinco franxas de cualificación: **1–2, 3–4, 5–6, 7–8 e 9–10**. Asignarase a franxa máis alta cuxo descritor quede suficientemente demostrado polas evidencias dispoñibles. Dentro de cada franxa, o valor inferior corresponderá a un desempeño máis irregular ou menos consistente, e o superior ao mesmo nivel de logro manifestado con maior estabilidade e consistencia.

A ponderación indicada para cada indicador expresa a súa importancia relativa dentro do criterio de avaliación ao que pertence.

CE1. Manter de maneira estable unha posición corporal e instrumental equilibrada e funcional, realizando as correccións básicas necesarias para preservar a liberdade de movemento e evitar tensións innecesarias.

Indicadores de logro

IL1.1. Mantén de maneira estable unha posición corporal equilibrada e funcional durante a interpretación.
IL1.2. Mantén unha colocación estable e funcional do acordeón sen limitar os movementos necesarios para a execución.
IL1.3. Realiza os movementos instrumentais con liberdade e economía, evitando tensións innecesarias que interfiran na execución.
IL1.4. Detecta e corrixe de maneira autónoma os desaxustes básicos da posición corporal ou instrumental que aparecen durante a interpretación.

CE2. Coñecer e empregar funcionalmente os principais elementos e mecanismos do acordeón, comprendendo a súa relación coas posibilidades sonoras do instrumento dentro das esixencias do grao.

Indicadores de logro

IL2.1. Explica con suficiente precisión a función e o funcionamento dos principais elementos e mecanismos do acordeón.

IL2.2. Relaciona de maneira consciente os manuais, rexistros e mecanismos do instrumento coas posibilidades sonoras que permiten obter.

IL2.3. Emprega con autonomía básica os rexistros e demais mecanismos do seu instrumento necesarios para a actividade realizada.

CE3. Aplicar de maneira estable e funcional a coordinación, a independencia entre manuais, os cambios de posición e a dixitación necesarios para interpretar o repertorio de nivel elemental.

Indicadores de logro

IL3.1. Coordina de maneira estable e precisa a acción das dúas mans nas texturas propias do nivel elemental.

IL3.2. Mantén con estabilidade a independencia entre os manuais cando realizan funcións diferenciadas.

IL3.3. Realiza cambios de posición e desprazamentos con seguridade, continuidade e control suficientes.

IL3.4. Emprega dixitacións funcionais e adecuadas ás características das pasaxes, realizando eleccións básicas con certa autonomía.

CE4. Controlar con precisión suficiente o fol e a articulación dixital para producir un son estable e de calidade adecuada ao nivel, realizar con fluidez os cambios de dirección e executar con claridade os ataques, extincións, articulacións e recursos dinámicos esixidos polo repertorio.

Indicadores de logro

IL4.1. Manexa o fol con fluidez e precisión suficientes, realizando de maneira controlada os cambios de dirección requiridos polo repertorio.

IL4.2. Mantén de maneira consistente un son estable e controlado nas diferentes esixencias do repertorio.

IL4.3. Executa con claridade e precisión suficientes os distintos tipos de ataque e extinción requiridos polo repertorio.

IL4.4. Executa con precisión e estabilidade as articulacións dixitais requiridas polo repertorio.

IL4.5. Controla con precisión suficiente os matices, as gradacións dinámicas e as acentuacións de fol requiridos polo repertorio.

CE5. Controlar de maneira estable o pulso, a precisión rítmica, a continuidade e o tempo nas diferentes esixencias do repertorio de nivel elemental.

Indicadores de logro

IL5.1. Mantén un pulso estable e controlado nas diferentes situacións rítmicas do repertorio.

IL5.2. Executa con precisión suficiente os elementos e combinacións rítmicas propios do nivel elemental.

IL5.3. Mantén a continuidade temporal e resolve pequenos desaxustes rítmicos sen interromper innecesariamente a execución.
IL5.4. Mantén con estabilidade o tempo establecido ao longo da peza.

CE6. Interpretar o repertorio integrando de maneira coherente a estrutura, o fraseo, o carácter, o tempo, os criterios estilísticos e os recursos acordeonísticos básicos propios do nivel.

Indicadores de logro
IL6.1. Emprega a comprensión da estrutura da peza para organizar de maneira coherente a interpretación.
IL6.2. Mantén un fraseo claro e coherente ao longo da interpretación.
IL6.3. Define e mantén con claridade o carácter das pezas interpretadas.
IL6.4. Emprega un tempo adecuado ao carácter e ás características da peza.
IL6.5. Aplica de maneira coherente os criterios estilísticos básicos correspondentes ao repertorio traballado.
IL6.6. Emprega unha rexistración adecuada á peza e realiza eleccións básicas coa orientación do profesorado cando sexa necesaria.

CE7. Comprender e aplicar con seguridade suficiente a notación musical e acordeonística do nivel e realizar a primeira vista pezas fáciles mediante unha observación previa básica e unha lectura autónoma e suficientemente continua.

Indicadores de logro
IL7.1. Comprende e aplica con seguridade as grafías musicais e acordeonísticas propias do nivel elemental.
IL7.2. Realiza unha observación previa da partitura, identificando a información relevante e as principais dificultades antes de iniciar a lectura.
IL7.3. Realiza a primeira vista pezas fáciles cunha lectura suficientemente fluída e continua, sen deter innecesariamente a execución.
IL7.4. Integra na lectura as principais indicacións musicais da partitura de maneira suficientemente autónoma.

CE8. Interpretar de memoria parte do repertorio do curso cunha memoria estable e funcional, empregando conscientemente diferentes estratexias de memorización e recuperación.

Indicadores de logro
IL8.1. Interpreta de memoria parte do repertorio do curso sen depender da partitura.
IL8.2. Mantén con estabilidade a secuencia memorizada e recupera a interpretación con autonomía ante pequenos fallos de memoria.
IL8.3. Selecciona e combina estratexias visuais, auditivas, motoras e analíticas adecuadas para consolidar e recuperar o material memorizado.

CE9. Organizar o estudo con autonomía básica, identificar os principais problemas técnicos e musicais, aplicar estratexias adecuadas e valorar os resultados para introducir as correccións necesarias.

Indicadores de logro
IL9.1. Organiza con autonomía básica as tarefas e prioridades do estudo persoal.

IL9.2. Identifica os principais problemas técnicos ou musicais que requiren traballo específico.
IL9.3. Selecciona e aplica estratexias adecuadas para traballar os problemas identificados.
IL9.4. Valora os resultados obtidos e modifica o procedemento cando este non resulta suficientemente eficaz.

CE10. Empregar de maneira consciente a autoescoita, a reprodución de oído e a análise auditiva para valorar aspectos da propia interpretación e describir e comparar trazos relevantes das músicas escoitadas.

Indicadores de logro
IL10.1. Emprega de maneira consciente a autoescoita para identificar aspectos da propia interpretación que requiren corrección ou mellora.
IL10.2. Reproduce de oído melodías adecuadas ao nivel con precisión e autonomía suficientes.
IL10.3. Describe e compara trazos relevantes de diferentes músicas ou interpretacións empregando criterios musicais adecuados ao nivel.

CE11. Interpretar en público pezas adecuadas ao nivel con seguridade, autocontrol e capacidade básica de comunicación musical.

Indicadores de logro
IL11.1. Aplica de maneira autónoma e natural o protocolo básico de concerto.
IL11.2. Mantén o control da situación escénica durante toda a actuación e resolve con autonomía pequenas incidencias que poidan producirse.
IL11.3. Mostra unha presenza escénica natural e orientada á comunicación musical co público.

CE12. Integrarse de maneira estable na interpretación de conxunto, escoitando aos demais e axustando a propia execución ás necesidades rítmicas, dinámicas e expresivas do grupo.

Indicadores de logro
IL12.1. Mantén con estabilidade e autonomía suficiente a propia parte dentro da interpretación colectiva.
IL12.2. Escoita activamente o conxunto e adapta a propia execución segundo a función que desempeña en cada momento.
IL12.3. Coordina con precisión suficiente as entradas, o pulso e a continuidade da propia parte co resto do grupo.
IL12.4. Axusta de maneira autónoma o nivel dinámico da propia parte ao equilibrio sonoro do conxunto.
IL12.5. Adapta con autonomía suficiente o fraseo da propia parte ao fraseo común do conxunto.

Mínimos esixibles
Para superar a materia será necesario, ademais de obter unha cualificación global ponderada igual ou superior a 5, alcanzar como mínimo a franxa 5–6 en todos os indicadores establecidos como mínimos de logro e cumprir os mínimos de realización do curso.

Mínimos de logro

IL1.3. Realiza os movementos instrumentais con liberdade e economía, evitando tensións innecesarias que interfiran na execución.
IL3.1. Coordina de maneira estable e precisa a acción das dúas mans nas texturas propias do nivel elemental.

IL4.2. Mantén de maneira consistente un son estable e controlado nas diferentes esixencias do repertorio.
IL5.1. Mantén un pulso estable e controlado nas diferentes situacións rítmicas do repertorio.
IL5.2. Executa con precisión suficiente os elementos e combinacións rítmicas propios do nivel elemental.
IL6.2. Mantén un fraseo claro e coherente ao longo da interpretación.
IL7.1. Comprende e aplica con seguridade as grafías musicais e acordeonísticas propias do nivel elemental.

Para considerar alcanzado cada un destes mínimos será necesario obter como mínimo unha valoración correspondente á franxa 5–6 da súa rúbrica.

Mínimos de realización

O alumnado deberá cumprir, ademais, os seguintes mínimos de realización:

- → Traballar e interpretar ao longo do curso un repertorio formado por un mínimo de 6 pezas adecuadas ao nivel de 4º de Grao Elemental. Cando unha obra estea formada por varios movementos, estes poderán contabilizarse separadamente sempre que teñan entidade musical e dificultade suficientes para o nivel.
- → Interpretar de memoria, como mínimo, unha peza do repertorio traballado durante o curso.
- → Participar como intérprete en polo menos dúas das audicións públicas organizadas polo centro ao longo do curso, salvo causa xustificada ou imposibilidade organizativa allea ao alumnado.

Procedementos e instrumentos de avaliación

Entre os procedementos de avaliación teranse en conta os seguintes:

- → Observación sistemática, diaria e directa do traballo e das interpretacións realizadas na aula.
- → Observación e análise das interpretacións realizadas en audicións e outras actividades públicas.
- → Análise das producións e traballos realizados polo alumnado, incluídas, cando proceda, gravacións ou outras evidencias que permitan valorar a súa evolución.

Como instrumentos de avaliación empregaranse:

- → Caderno de aula do profesor.
- → Rúbricas de avaliación.
- → Listas de cotexo.

Os diferentes procedementos e instrumentos utilizaranse en función dos criterios de avaliación e dos indicadores de logro que se pretendan valorar.

Temporalización da avaliación

Segundo o momento no que se recolla a información, a avaliación será:

- → **Inicial:** permitirá coñecer a situación de partida do alumnado e orientar a planificación do proceso de ensino-aprendizaxe. Realizarase ao comezo do curso e, cando resulte necesario, ao iniciar novos procesos de aprendizaxe, mediante a observación e actividades de carácter práctico ou oral.

→ **Continua:** permitirá identificar os logros e as dificultades que vaian aparecendo ao longo do curso, realizar un seguimento da evolución do alumnado e introducir as medidas necesarias para favorecer a súa aprendizaxe. A información recollerase de maneira sistemática mediante os procedementos e instrumentos de avaliación establecidos.

→ **Final:** permitirá valorar, ao remate do proceso, o grao de adquisición das aprendizaxes previstas para o curso a partir do conxunto das evidencias recollidas durante a avaliación continua.

Para garantir unha avaliación continua e obxectiva será necesaria a recollida de evidencias suficientes ao longo do curso. Cando, como consecuencia dunha asistencia insuficiente ou por outras circunstancias, non se dispoña de evidencias suficientes para valorar un ou varios criterios de avaliación ou indicadores de logro, realizaranse as actividades ou probas específicas necesarias para obter esas evidencias. En todo caso, as evidencias así obtidas valoraranse de acordo cos mesmos criterios de avaliación, indicadores de logro e rúbricas establecidos para o curso, sen alterar os mínimos esixibles nin os criterios de cualificación.

Criterios de cualificación

A cualificación obterase a partir da valoración dos criterios de avaliación e dos seus indicadores de logro.

Cada indicador será valorado nunha escala de 1 a 10 mediante a rúbrica correspondente. A cualificación de cada criterio calcularase aplicando a ponderación establecida para os seus indicadores e, posteriormente, aplicaranse as porcentaxes asignadas aos distintos criterios para obter a cualificación global.

En **4º de Grao Elemental**, os criterios de avaliación terán a seguinte ponderación:

Criterio de avaliación	Ponderación
CE1	5 %
CE2	5 %
CE3	15 %
CE4	15 %
CE5	10 %
CE6	15 %
CE7	5 %
CE8	5 %
CE9	5 %
CE10	5 %
CE11	10 %
CE12	5 %
Total	**100 %**

As cualificacións trimestrais reflectirán o nivel de logro alcanzado polo alumnado no momento de cada avaliación. Cando nun trimestre aínda non se dispoña de evidencias suficientes para valorar algún criterio ou indicador, a cualificación calcularase proporcionalmente a partir dos que puideron ser avaliados.

A cualificación final reflectirá o grao de logro alcanzado ao remate do curso nos diferentes criterios de avaliación e indicadores de logro, tendo en conta o conxunto das evidencias recollidas durante o proceso de avaliación continua. Para determinar este nivel considerarase o desempeño que o alumnado

mostre de maneira representativa e suficientemente estable, polo que un resultado puntual de nivel superior non determinará por si só a cualificación final.

De acordo coa Circular 21/2008 da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, a cualificación final será consecuencia da valoración das aprendizaxes específicas da materia e da madureza académica acadada polo alumnado en relación cos obxectivos do curso, no marco do proceso de avaliación continua.

Para superar a materia será necesario cumprir simultaneamente os seguintes requisitos:

→ obter unha cualificación global ponderada igual ou superior a 5;
→ alcanzar, como mínimo, a franxa 5–6 en todos os indicadores establecidos como mínimos de logro;
→ cumprir os mínimos de realización establecidos para o curso.

O cumprimento dos mínimos de realización comprobarase na avaliación final.

Cando a cualificación global ponderada sexa igual ou superior a 5 pero non se cumpra algún dos mínimos de logro ou de realización establecidos para o curso, a cualificación final será 4.

O resultado da avaliación final expresarase mediante unha escala numérica de 1 a 10, sen decimais. Para obter unha cualificación positiva será necesario alcanzar unha cualificación global ponderada igual ou superior a 5 antes de expresala sen decimais; unha cualificación inferior a 5 non poderá converterse en positiva por efecto do redondeo.

Para o alumnado con avaliación negativa, o profesor da materia elaborará un informe sobre os obxectivos e contidos non acadados, indicando tamén os criterios de avaliación e indicadores de logro que requiran recuperación e propoñendo as actividades necesarias para a súa superación.

8.4.4 Medidas de recuperación

Procedementos de recuperación ordinarios

Dado o carácter continuo da avaliación, a recuperación das aprendizaxes non acadadas desenvolverase ao longo do propio proceso de ensino-aprendizaxe. O profesor identificará os criterios de avaliación e indicadores de logro nos que o alumnado presente dificultades e proporá as actividades de reforzo, revisión ou estudo que resulten necesarias.

A recuperación poderá realizarse mediante a revisión do repertorio e dos exercicios traballados, a realización de novas actividades, a adaptación das estratexias de estudo ou outras tarefas que permitan superar as dificultades detectadas. Cando sexa necesario, recolleranse novas evidencias para comprobar o grao de logro alcanzado.

Poderán empregarse tamén, cando estean dispoñibles e se consideren adecuados, outros recursos de apoio ou reforzo organizados polo centro.

Probas extraordinarias

O alumnado que non supere a materia na avaliación ordinaria poderá realizar unha proba extraordinaria na que deberá demostrar o grao de adquisición dos criterios de avaliación e indicadores de logro establecidos para o curso.

Para a realización da proba, o alumnado deberá presentar un repertorio de 6 pezas adecuadas ao nivel de 4º de Grao Elemental. Cando unha obra estea formada por varios movementos, estes poderán contabilizarse separadamente sempre que teñan entidade musical e dificultade suficientes para o nivel.

Deste repertorio interpretaranse 4 pezas: unha será elixida polo alumnado e as outras tres polo profesorado. Polo menos unha das pezas deberá interpretarse de memoria.

A proba incluirá tamén unha actividade de lectura a primeira vista adecuada ao nivel e, cando sexa necesario, outras actividades prácticas ou orais que permitan obter evidencias dos criterios de avaliación ou indicadores de logro que non poidan valorarse suficientemente mediante a interpretación do repertorio.

A interpretación das pezas realizarase nunha situación formal de actuación que permita valorar os aspectos correspondentes á interpretación en público. Así mesmo, realizarase unha breve actividade de interpretación de conxunto, adaptada aos medios dispoñibles, que permita valorar os indicadores relativos á integración e á coordinación co grupo.

A avaliación da proba realizarase empregando os mesmos criterios de avaliación, indicadores de logro, rúbricas e ponderacións establecidos para o curso.

Para superar a proba será necesario cumprir simultaneamente os seguintes requisitos:

→ obter unha cualificación global ponderada igual ou superior a 5;
→ alcanzar, como mínimo, a franxa 5–6 en todos os indicadores establecidos como mínimos de logro;
→ cumprir os mínimos de realización adaptados á proba extraordinaria: presentar o repertorio esixido, interpretar as catro pezas establecidas e realizar polo menos unha delas de memoria.

Cando a cualificación global ponderada sexa igual ou superior a 5 pero non se cumpra algún destes requisitos, a cualificación da proba extraordinaria será 4.

O resultado expresarase mediante unha escala numérica de 1 a 10, sen decimais. Para obter unha cualificación positiva será necesario alcanzar unha cualificación global ponderada igual ou superior a 5 antes de expresala sen decimais; unha cualificación inferior a 5 non poderá converterse en positiva por efecto do redondeo.

8.4.5 Recursos didácticos

- Bach, Johann Sebastian: *Pequeños Preludios y Fugas*. Ed. Boileau.
- Fraga, Fernando: *A man lixeira*. Ed. Dos Acordes.
- Gurbindo, Fermín: *Pequeñas piezas*. Ed. Real Musical.
- Jacobi, Wolfgang: *10 polyphone Stücke nach spanischen Volksliedern*. Ed. Preissler.
- Lundquist, Torbjörn: *Neun zweistimmige Inventionen*. Ed. Hohner Verlag Trossingen.
- Makkonen, Petri: *The Dance of Four Virtuosos*. Ed. Finnish Accordion Institute.
- Pleyel, Ignace Joseph: *Rondo*. Editions Musicales André Astier.
- Przybylski, Bronislaw Kazimierz: *A Porcellain dancer*. Ed. Astra.

8.5 Curso: 1º Grao Profesional

8.5.1 Obxectivos

→ Adoptar e manter no tempo unha posición equilibrada do corpo que permita interpretar con naturalidade o repertorio do curso, a través da profundización no coñecemento do contacto co instrumento.

→ Coñecer as características e as posibilidades sonoras do instrumento e sabelas empregar dentro das exixencias do nivel, para poder combinalas en favor dun resultado sonoro consciente, a través da interpretación dun repertorio adecuado.

→ Adoptar unha maior coordinación, independencia e sincronización de movementos dos diferentes elementos articulatorios que interveñen na execución instrumental, que permita interpretar un repertorio dun nivel adecuado ao curso. Desenvolver a velocidade e flexibilidade dos dedos.

→ Demostrar o uso dun pulso definido e interiorizar o uso da respiración a través da reflexión e determinación individual.

→ Desenvolver as capacidades referentes ao control do fol que permitan acadar, cunha autonomía progresivamente maior, a consecución dunha adecuada calidade do son, a execución dos diferentes tipos de produción e cese do son, unha axeitada acentuación de fol e a realización dos diferentes efectos propios do instrumento.

→ Profundar no dominio dunha técnica axeitada para a execución de diferentes tipos de articulación dixital, para acadar unha adecuada calidade do son asociada ao estilo das diferentes obras do repertorio.

→ Desenvolver as capacidades técnico-interpretativas do alumnado para que, a través dos coñecementos adquiridos, poida aplicar con autonomía progresivamente maior os distintos criterios de dixitación, organización do fol, rexistración, dinámica e fraseo.

→ Interpretar un repertorio que inclúa obras representativas de diferentes épocas e estilos, de dificultade adecuada ao nivel do curso. Profundar no coñecemento de repertorio, compositores e intérpretes relacionados co instrumento.

→ Coñecer as diversas convencións interpretativas vixentes nos distintos períodos da historia da música instrumental, especialmente as referidas á escritura rítmica, á articulación, á ornamentación e as grafías contemporáneas.

→ Examinar e comprender a forma musical e a estrutura harmónica básica correspondente ás pezas do repertorio que se traballa, a través da súa análise e aplicación da mesma á interpretación, para conseguir unha perspectiva xeral de cada obra.

→ Responsabilizarse da organización dun espazo e un tempo diario adicado ao estudo do acordeón, a través da programación dun horario individual, para desenvolver a iniciativa persoal no ámbito da aprendizaxe acordeonística.

→ Desenvolver a utilización dos diferentes tipos de memoria no estudo persoal e na interpretación musical, a través do coñecemento de procesos musicais que teñen lugar nas pezas que se traballen.

→ Desenvolver a capacidade de ler a primeira vista e aplicar, con autonomía progresivamente maior, os aspectos, as técnicas e as estratexias necesarias para dito propósito.

→ Desenvolver de maneira continuada e progresiva a capacidade de improvisación co acordeón.

→ Desenvolver a capacidade artística participando nos recitais e audicións públicas programadas ao longo do curso con autocontrol, dominio da memoria e capacidade comunicativa.

→ Demostrar control na interpretación musical, a través da observación dos factores que interveñen na mesma, para conseguir un apropiado resultado final.
→ Adquirir o hábito de escoitar música conscientemente, a través da asistencia a recitais e concertos ou da escoita de música en formatos físicos e/ou dixitais, para aumentar a cultura propia e entender a función e o valor da música.
→ Asistir a recitais ou concertos organizados no propio conservatorio, para aproximarse á comprensión da función do músico e apoiar e valorar o traballo doutros compañeiros do centro, participando a través da escoita activa, con actitude de respeto e seguindo as normas de conduta correspondentes.

8.5.2 Contidos

→ Adopción e mantemento dunha axeitada posición corporal que permita a correcta colocación do instrumento.
→ Profundamento no coñecemento dos elementos constitutivos do acordeón, a súa función e o funcionamento dos seus mecanismos. Orixes, antecedentes e evolución do acordeón. Coñecemento da familia de instrumentos de lingüeta libre.
→ Desenvolvemento da coordinación, independencia, simultaneidade e sincronización dos diferentes elementos articulatorios que interveñen na execución instrumental. Toma de conciencia da relación e interacción das partes do corpo.
→ Uso e mantemento dun pulso estable no transcurso da interpretación. Control rítmico. Respecto polas indicacións de tempo, agóxica e carácter.
→ Desenvolvemento da técnica de fol: control da presión e da calidade do son; organización autónoma do fol, precisión nos cambios de fol; ataque, mantemento e cese do son; execución de efectos acústicos propios do instrumento: bellows shake, diferentes tipos de execución do vibrato.
→ Técnica de fol para o desenvolvemento da gama sonora. Dinámica, equilibrio dos niveis e calidade do son resultante.
→ Profundamento na técnica de acentuación de fol.
→ Afondamento no traballo de articulación nos diferentes manuais. Variedade de modos de ataque dixital.
→ Interpretación dun repertorio que inclúa obras representativas de diferentes épocas, estilos e escolas acordeonísticas. Práctica de conxunto.
→ Interpretación dun repertorio acorde ao nivel do curso que inclúa textura monofónica, homofónica, polifónica a dúas e tres voces, melodía acompañada e contrapunto a dúas voces.
→ Execución de estudos e exercicios técnicos orientados a traballar as dificultades do repertorio programado.
→ Coñecemento das características principais dos diferentes períodos e estilos musicais. Coñecemento básico e aplicación das súas convencións interpretativas.
→ Profundamento no coñecemento de repertorio, compositores e intérpretes relacionados co acordeón.
→ Dixitación de pasaxes musicais do nivel segundo as particularidades de cada alumno. Principios xerais e os factores que a condicionan. Hábito de dixitar sempre as obras. Realización da dixitación elixida.
→ Profundamento no estudo da rexistración. Cambios de rexistro durante a interpretación.
→ O fraseo e a súa adecuación aos diferentes estilos. Emprego do fraseo como recurso expresivo.

- → Estudo dos sistemas de escritura e das grafías propias do instrumento. Iniciación ao estudo das grafías da música contemporánea.
- → Respecto ás indicacións da partitura. Interpretación fiel ás características de estilo, estrutura e fraseo dunha obra musical.
- → Análise estilística e estrutural do repertorio en relación cos coñecementos de linguaxe musical deste nivel. Comprensión formal, rítmica e harmónica. Aplicación práctica na interpretación.
- → Desenvolvemento de estratexias e hábitos de estudo correctos.
- → Adestramento permanente e progresivo da memoria visual, auditiva, muscular e analítica.
- → Memorización dunha parte do repertorio do curso para ser interpretado en público.
- → Práctica da lectura a primeira vista de pezas a dúas mans en MI, MII e MIII. Aplicación dos aspectos, técnicas e estratexias.
- → Improvisación de pequenos fragmentos musicais fundamentada en patróns melódico-rítmicos simples, estruturas harmónicas e procesos cadenciais básicos, e textura monofónica e melodía acompañada.
- → Interpretación en público dun repertorio variado con dominio da memoria e capacidade comunicativa. Aplicación de mecanismos de concentración e autocontrol. Aplicación do protocolo de concerto, tanto de intérprete coma de público.
- → Desenvolvemento do hábito de acadar control interpretativo e unha boa calidade do son a través da escoita consciente e autocrítica durante a interpretación. Desenvolvemento do hábito de escoitar outras voces e instrumentos adaptándose ao grupo na práctica musical en conxunto.
- → Fomento do hábito de escoitar diferentes tipos de música —tanto gravada coma en directo— de forma consciente con frecuencia. Xuízo crítico e racional do escoitado.
- → Audicións comparadas de diferentes interpretacións dunha mesma obra por distintos intérpretes. Análise crítico das características das diferentes versións. Audición de gravacións das interpretacións realizadas polo alumnado e análise das mesmas.

8.5.3 Avaliación

A avaliación é un proceso sistemático de indagación e comprensión da realidade educativa que pretende emitir un xuízo de valor orientado á toma de decisións e á mellora. Tal e como recolle o Decreto 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música, levarase a cabo tendo en conta os obxectivos e os criterios de avaliación establecidos no currículo e será continua e integradora. Así mesmo, servirá para a mellora tanto dos procesos de ensino como da propia práctica docente.

Asemade, de acordo coa Orde do 8 de febreiro de 2008, pola que se regula a avaliación e cualificación do alumnado que cursa as ensinanzas profesionais de música, na avaliación do proceso de aprendizaxe consideraranse as características propias do alumnado e o contexto sociocultural do centro. O alumnado ten dereito a ser avaliado conforme a criterios de plena obxectividade e a coñecer os resultados das súas aprendizaxes, de xeito que a información obtida contribúa á mellora do seu proceso educativo. Tamén poderá solicitar ao profesorado responsable da materia aclaracións sobre as avaliacións realizadas. Así mesmo, terá dereito a coñecer os procedementos formais de avaliación, a súa natureza, aplicación e criterios de corrección.

Criterios de avaliación

Os criterios de avaliación concretan as aprendizaxes que se valorarán ao longo do curso. Cada criterio desenvólvese mediante varios indicadores de logro, que permiten observar e valorar de maneira máis precisa o grao de adquisición das aprendizaxes correspondentes.

Cada indicador será valorado mediante unha rúbrica organizada en cinco franxas de cualificación: **1–2, 3–4, 5–6, 7–8 e 9–10**. Asignarase a franxa máis alta cuxo descritor quede suficientemente demostrado polas evidencias dispoñibles. Dentro de cada franxa, o valor inferior corresponderá a un desempeño máis irregular ou menos consistente, e o superior ao mesmo nivel de logro manifestado con maior estabilidade e consistencia.

A ponderación indicada para cada indicador expresa a súa importancia relativa dentro do criterio de avaliación ao que pertence.

CE1. Manter unha relación corpo-instrumento estable e funcional, regulando a posición, o movemento, o esforzo muscular, a relaxación e a respiración de acordo coas esixencias da execución.

Indicadores de logro

IL1.1. Mantén unha relación corpo-instrumento estable e funcional durante a execución.
IL1.2. Realiza os movementos necesarios para a execución con liberdade.
IL1.3. Regula o esforzo muscular evitando tensións innecesarias.
IL1.4. Mantén unha respiración fluída durante a execución.
IL1.5. Corrixe os desaxustes corporais ou instrumentais que interfiren na execución.

CE2. Aplicar con precisión e continuidade a coordinación e a independencia entre manuais, os cambios de posición, os desprazamentos, a dixitación e a articulación dixital, mantendo unha mobilidade dos dedos adecuada ás esixencias do repertorio do curso.

Indicadores de logro

IL2.1. Coordina con precisión a acción dos dous manuais durante a execución.
IL2.2. Mantén a independencia entre os manuais cando realizan funcións diferenciadas.
IL2.3. Realiza os cambios de posición con seguridade e continuidade.
IL2.4. Realiza os desprazamentos con seguridade e continuidade.
IL2.5. Emprega dixitacións adecuadas ás características das pasaxes.
IL2.6. Executa con claridade a articulación dixital requirida polo repertorio.
IL2.7. Mantén unha mobilidade dixital adecuada ás esixencias técnicas do repertorio.

CE3. Controlar o fol e a produción sonora de acordo coas esixencias do repertorio do curso, mantendo un son estable e de calidade e realizando con control os cambios de dirección, os ataques e extincións, a dinámica, a acentuación, os rexistros e os recursos sonoros correspondentes ao nivel.

Indicadores de logro

IL3.1. Controla o movemento do fol durante a execución.
IL3.2. Realiza os cambios de dirección do fol sen interromper a continuidade sonora.
IL3.3. Mantén a estabilidade da produción sonora.
IL3.4. Obtén unha calidade sonora adecuada ás esixencias do repertorio.
IL3.5. Controla con claridade os ataques e as extincións do son.
IL3.6. Realiza as variacións dinámicas requiridas polo repertorio.

IL3.7. Realiza as acentuacións de fol requiridas polo repertorio.
IL3.8. Emprega correctamente os rexistros requiridos polo repertorio.
IL3.9. Executa con control os demais recursos e efectos sonoros correspondentes ao curso.

CE4. Controlar con estabilidade o pulso, a precisión rítmica, a continuidade e o tempo, realizando con control os cambios de tempo e as modificacións agóxicas requiridas polo repertorio do curso.

Indicadores de logro
IL4.1. Mantén un pulso estable durante a interpretación.
IL4.2. Executa con precisión os elementos e estruturas rítmicas do repertorio.
IL4.3. Mantén a continuidade temporal da interpretación.
IL4.4. Mantén con estabilidade o tempo establecido.
IL4.5. Realiza con control os cambios de tempo requiridos polo repertorio.
IL4.6. Realiza con control as modificacións agóxicas requiridas polo repertorio.

CE5. Interpretar obras completas do repertorio adecuado ao nivel do curso con continuidade e control global, integrando de maneira coherente os recursos técnicos e musicais.

Indicadores de logro
IL5.1. Mantén a continuidade ao longo da interpretación da obra.
IL5.2. Integra de maneira coherente os recursos técnicos e musicais durante a interpretación.
IL5.3. Mantén unha realización estable ao longo das diferentes seccións da obra.

CE6. Aplicar á interpretación a comprensión da estrutura, o carácter e o estilo das obras, as convencións interpretativas correspondentes e decisións interpretativas coherentes, coa orientación necesaria.

Indicadores de logro
IL6.1. Emprega a comprensión da estrutura da obra para organizar a interpretación.
IL6.2. Mantén un carácter coherente coas características da obra.
IL6.3. Aplica as convencións interpretativas correspondentes ao estilo e á época da obra.
IL6.4. Organiza o fraseo de maneira coherente coa obra.
IL6.5. Adopta, coa orientación necesaria, decisións interpretativas dentro das marxes de flexibilidade que ofrece o texto musical.

CE7. Ler a primeira vista textos adecuados ao nivel do curso mediante unha observación previa eficaz e a anticipación da información relevante, aplicando con seguridade a notación musical e acordeonística e mantendo unha lectura suficientemente continua e coherente.

Indicadores de logro
IL7.1. Realiza unha observación previa eficaz da partitura antes de iniciar a lectura.
IL7.2. Anticipa durante a lectura a información relevante para continuar a execución.
IL7.3. Descodifica con seguridade as alturas, o ritmo e a escritura acordeonística presentes no texto.
IL7.4. Mantén unha continuidade suficiente durante a lectura, evitando interrupcións innecesarias.
IL7.5. Integra na lectura as indicacións expresivas presentes na partitura.

CE8. Interpretar de memoria repertorio adecuado ao nivel do curso cunha memoria estable e recuperable, empregando conscientemente estratexias de memorización e recuperación adecuadas ás características das obras.

Indicadores de logro
IL8.1. Interpreta de memoria o repertorio establecido sen depender da partitura.
IL8.2. Mantén con estabilidade a información memorizada durante a interpretación.
IL8.3. Recupera a continuidade ante fallos de memoria.
IL8.4. Emprega conscientemente estratexias de memorización adecuadas ás características da obra.
IL8.5. Emprega conscientemente estratexias de recuperación ante posibles fallos de memoria.

CE9. Organizar o estudo persoal, identificar as dificultades técnicas e interpretativas, seleccionar e aplicar estratexias adecuadas e comprobar os resultados, recorrendo á orientación puntual do profesorado cando sexa necesaria.

Indicadores de logro
IL9.1. Organiza as tarefas e prioridades do estudo persoal.
IL9.2. Identifica as dificultades técnicas e interpretativas que requiren traballo específico.
IL9.3. Selecciona estratexias adecuadas ás dificultades identificadas, coa orientación puntual do profesorado cando sexa necesaria.
IL9.4. Aplica adecuadamente as estratexias de estudo seleccionadas.
IL9.5. Comproba os resultados obtidos mediante o estudo.
IL9.6. Modifica o procedemento cando os resultados non son satisfactorios.

CE10. Empregar conscientemente a escoita e a autoescoita para identificar e describir aspectos relevantes das interpretacións propias e alleas.

Indicadores de logro
IL10.1. Identifica mediante a autoescoita aspectos relevantes da propia interpretación.
IL10.2. Identifica aspectos relevantes nas interpretacións alleas.
IL10.3. Describe os aspectos percibidos empregando vocabulario musical adecuado ao nivel.

CE11. Improvisar pequenos fragmentos a partir de patróns melódico-rítmicos e estruturas harmónicas básicas, desenvolvendo os materiais propostos cunha organización musical coherente.

Indicadores de logro
IL11.1. Desenvolve musicalmente os materiais propostos durante a improvisación.
IL11.2. Emprega de maneira coherente o marco harmónico proposto.
IL11.3. Organiza o material improvisado en frases musicalmente comprensibles.
IL11.4. Mantén a continuidade do discurso improvisado.

CE12. Interpretar en público repertorio adecuado ao nivel do curso mantendo a concentración, o autocontrol e unha presenza escénica natural, comunicando musicalmente e xestionando adecuadamente as incidencias que poidan producirse.

Indicadores de logro
IL12.1. Mantén a concentración durante a actuación pública.
IL12.2. Mantén o autocontrol durante a actuación pública.
IL12.3. Mostra unha presenza escénica natural durante a actuación.
IL12.4. Comunica musicalmente durante a interpretación pública.
IL12.5. Xestiona adecuadamente as incidencias que xorden durante a actuación.

CE13. Integrarse con autonomía suficiente na interpretación de conxunto, escoitando activamente aos demais e adaptando a propia execución á coordinación temporal, ao equilibrio sonoro, ao fraseo, á articulación e á función desempeñada no grupo.

Indicadores de logro

IL13.1. Responde durante a interpretación ás referencias relevantes procedentes do conxunto.
IL13.2. Coordina temporalmente a propia execución co conxunto.
IL13.3. Axusta o nivel dinámico da propia parte ao equilibrio sonoro do conxunto.
IL13.4. Adapta o fraseo da propia parte ao fraseo común.
IL13.5. Adapta a articulación da propia parte á articulación común.
IL13.6. Adecua o grao de protagonismo da propia parte á función que desempeña no conxunto.

Mínimos esixibles

Para superar a materia será necesario, ademais de obter unha cualificación global ponderada igual ou superior a 5, alcanzar como mínimo a franxa 5–6 en todos os indicadores establecidos como mínimos de logro e cumprir os mínimos de realización do curso.

Mínimos de logro

IL1.3. Regula o esforzo muscular evitando tensións innecesarias.
IL2.1. Coordina con precisión a acción dos dous manuais durante a execución.
IL3.4. Obtén unha calidade sonora adecuada ás esixencias do repertorio.
IL4.1. Mantén un pulso estable durante a interpretación.
IL4.2. Executa con precisión os elementos e estruturas rítmicas do repertorio.
IL6.4. Organiza o fraseo de maneira coherente coa obra.

Para considerar alcanzado cada un destes mínimos será necesario obter como mínimo unha valoración correspondente á franxa 5–6 da súa rúbrica.

Mínimos de realización

O alumnado deberá cumprir, ademais, os seguintes mínimos de realización:

- → Traballar e interpretar ao longo do curso un repertorio formado por un mínimo de 6 pezas ou estudos adecuados ao nivel de 1º de Grao Profesional. Cando unha obra estea formada por varios movementos, estes poderán contabilizarse separadamente sempre que teñan entidade musical e dificultade suficientes para o nivel.
- → Interpretar de memoria, como mínimo, unha peza do repertorio traballado durante o curso.
- → Participar como intérprete en polo menos dúas das audicións públicas organizadas polo centro ao longo do curso, salvo causa xustificada ou imposibilidade organizativa allea ao alumnado.

Procedementos e instrumentos de avaliación

Entre os procedementos de avaliación teranse en conta os seguintes:

- → Observación sistemática, diaria e directa do traballo e das interpretacións realizadas na aula.
- → Observación e análise das interpretacións realizadas en audicións e outras actividades públicas.
- → Análise das producións e traballos realizados polo alumnado, incluídas, cando proceda, gravacións ou outras evidencias que permitan valorar a súa evolución.

Como instrumentos de avaliación empregaranse:

→ Caderno de aula do profesor.
→ Rúbricas de avaliación.
→ Listas de cotexo.

Os diferentes procedementos e instrumentos utilizaranse en función dos criterios de avaliación e dos indicadores de logro que se pretendan valorar.

Temporalización da avaliación

Segundo o momento no que se recolla a información, a avaliación será:

→ **Inicial:** permitirá coñecer a situación de partida do alumnado e orientar a planificación do proceso de ensino-aprendizaxe. Realizarase ao comezo do curso e, cando resulte necesario, ao iniciar novos procesos de aprendizaxe, mediante a observación e actividades de carácter práctico ou oral.
→ **Continua:** permitirá identificar os logros e as dificultades que vaian aparecendo ao longo do curso, realizar un seguimento da evolución do alumnado e introducir as medidas necesarias para favorecer a súa aprendizaxe. A información recollerase de maneira sistemática mediante os procedementos e instrumentos de avaliación establecidos.
→ **Final:** permitirá valorar, ao remate do proceso, o grao de adquisición das aprendizaxes previstas para o curso a partir do conxunto das evidencias recollidas durante a avaliación continua.

Para garantir unha avaliación continua e obxectiva será necesaria a recollida de evidencias suficientes ao longo do curso. Cando, como consecuencia dunha asistencia insuficiente ou por outras circunstancias, non se dispoña de evidencias suficientes para valorar un ou varios criterios de avaliación ou indicadores de logro, realizaranse as actividades ou probas específicas necesarias para obter esas evidencias. En todo caso, as evidencias así obtidas valoraranse de acordo cos mesmos criterios de avaliación, indicadores de logro e rúbricas establecidos para o curso, sen alterar os mínimos esixibles nin os criterios de cualificación.

Criterios de cualificación

A cualificación obterase a partir da valoración dos criterios de avaliación e dos seus indicadores de logro.

Cada indicador será valorado nunha escala de 1 a 10 mediante a rúbrica correspondente. A cualificación de cada criterio calcularase aplicando a ponderación establecida para os seus indicadores e, posteriormente, aplicaranse as porcentaxes asignadas aos distintos criterios para obter a cualificación global.

En **1º de Grao Profesional**, os criterios de avaliación terán a seguinte ponderación:

Criterio de avaliación	Ponderación
CE1	5 %
CE2	15 %
CE3	15 %
CE4	10 %
CE5	10 %
CE6	10 %
CE7	5 %
CE8	5 %

CE9	5 %
CE10	5 %
CE11	5 %
CE12	5 %
CE13	5 %
Total	**100 %**

As cualificacións trimestrais reflectirán o nivel de logro alcanzado polo alumnado no momento de cada avaliación. Cando nun trimestre aínda non se dispoña de evidencias suficientes para valorar algún criterio ou indicador, a cualificación calcularase proporcionalmente a partir dos que puideron ser avaliados.

A cualificación final reflectirá o grao de logro alcanzado ao remate do curso nos diferentes criterios de avaliación e indicadores de logro, tendo en conta o conxunto das evidencias recollidas durante o proceso de avaliación continua. Para determinar este nivel considerarase o desempeño que o alumnado mostre de maneira representativa e suficientemente estable, polo que un resultado puntual de nivel superior non determinará por si só a cualificación final.

De acordo coa Orde do 8 de febreiro de 2008, pola que se regula a avaliación e cualificación do alumnado que cursa as ensinanzas profesionais de música, a cualificación final será consecuencia da valoración das aprendizaxes específicas da materia e da madureza académica acadada polo alumnado en relación cos obxectivos xerais das ensinanzas de música, no marco do proceso de avaliación continua.

Para superar a materia será necesario cumprir simultaneamente os seguintes requisitos:

→ obter unha cualificación global ponderada igual ou superior a 5;
→ alcanzar, como mínimo, a franxa 5–6 en todos os indicadores establecidos como mínimos de logro;
→ cumprir os mínimos de realización establecidos para o curso.

O cumprimento dos mínimos de realización comprobarase na avaliación final.

Cando a cualificación global ponderada sexa igual ou superior a 5 pero non se cumpra algún dos mínimos de logro ou de realización establecidos para o curso, a cualificación final será 4.

O resultado da avaliación final expresarase mediante unha escala numérica de 1 a 10, sen decimais. Consideraranse positivas as cualificacións iguais ou superiores a 5 e negativas as inferiores a 5. Para obter unha cualificación positiva será necesario alcanzar unha cualificación global ponderada igual ou superior a 5 antes de expresala sen decimais; unha cualificación inferior a 5 non poderá converterse en positiva por efecto do redondeo.

Para o alumnado con avaliación negativa, o profesor da materia elaborará un informe sobre os obxectivos e contidos non acadados, indicando tamén os criterios de avaliación e indicadores de logro que requiran recuperación e propoñendo as actividades necesarias para a súa superación.

Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

Como recolle o artigo 15º do Decreto 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música, é competencia do consello escolar de cada centro autorizar, con carácter excepcional, a ampliación de matrícula ao curso seguinte do alumnado

que, logo da orientación do profesorado, así o solicite, sempre que o informe da totalidade do profesorado do alumno ou da alumna xustifique, conforme criterios obxectivos, a súa adecuada capacidade de aprendizaxe do curso actual e daquel ao cal aspire a acceder.

Na materia de Acordeón, a valoración desta capacidade terá en conta o grao de adquisición dos criterios de avaliación e indicadores de logro do curso actual, así como a evolución, autonomía e capacidade do alumnado para afrontar as aprendizaxes do curso seguinte. Cando se considere necesario completar as evidencias dispoñibles, poderá realizarse unha proba ou actividade específica de avaliación.

8.5.4 Medidas de recuperación

Procedementos de recuperación ordinarios

Dado o carácter continuo da avaliación, a recuperación das aprendizaxes non acadadas desenvolverase ao longo do propio proceso de ensino-aprendizaxe. O profesor identificará os criterios de avaliación e indicadores de logro nos que o alumnado presente dificultades e proporá as actividades de reforzo, revisión ou estudo que resulten necesarias.

A recuperación poderá realizarse mediante a revisión do repertorio e dos exercicios traballados, a realización de novas actividades, a adaptación das estratexias de estudo ou outras tarefas que permitan superar as dificultades detectadas. Cando sexa necesario, recolleranse novas evidencias para comprobar o grao de logro alcanzado.

Poderán empregarse tamén, cando estean dispoñibles e se consideren adecuados, outros recursos de apoio ou reforzo organizados polo centro.

Probas extraordinarias

O alumnado que non supere a materia na avaliación ordinaria poderá realizar unha proba extraordinaria na que deberá demostrar o grao de adquisición dos criterios de avaliación e indicadores de logro establecidos para o curso.

Para a realización da proba, o alumnado deberá presentar un repertorio de 6 pezas ou estudos adecuados ao nivel de 1º de Grao Profesional, previamente acordado co profesor da materia. Cando unha obra estea formada por varios movementos, estes poderán contabilizarse separadamente sempre que teñan entidade musical e dificultade suficientes para o nivel.

Deste repertorio interpretaranse 4 pezas ou estudos: unha será elixida polo alumnado e as outras tres polo profesor. Polo menos unha das pezas deberá interpretarse de memoria.

A proba incluirá tamén unha actividade de lectura a primeira vista adecuada ao nivel e unha actividade de improvisación a partir de materiais rítmicos, melódicos ou harmónicos adecuados ao curso.

Cando sexa necesario, realizaranse outras actividades prácticas ou orais que permitan obter evidencias dos criterios de avaliación ou indicadores de logro que non poidan valorarse suficientemente mediante as actividades anteriores.

A interpretación do repertorio realizarase nunha situación formal de actuación, sen necesidade de presenza de público, que permita valorar os aspectos correspondentes á interpretación pública. Así mesmo, realizarase unha breve actividade de interpretación de conxunto, adaptada aos medios dispoñibles, que permita valorar os indicadores relativos á escoita, integración e coordinación co grupo.

A avaliación da proba realizarase empregando os mesmos criterios de avaliación, indicadores de logro, rúbricas e ponderacións establecidos para o curso.

Para superar a proba será necesario cumprir simultaneamente os seguintes requisitos:

→ obter unha cualificación global ponderada igual ou superior a 5;
→ alcanzar, como mínimo, a franxa 5–6 en todos os indicadores establecidos como mínimos de logro;
→ cumprir os mínimos de realización adaptados á proba extraordinaria: presentar o repertorio esixido, interpretar as catro pezas ou estudos establecidos e realizar polo menos unha delas de memoria.

Cando a cualificación global ponderada sexa igual ou superior a 5 pero non se cumpra algún destes requisitos, a cualificación da proba extraordinaria será 4.

O resultado expresarase mediante unha escala numérica de 1 a 10, sen decimais. Para obter unha cualificación positiva será necesario alcanzar unha cualificación global ponderada igual ou superior a 5 antes de expresala sen decimais; unha cualificación inferior a 5 non poderá converterse en positiva por efecto do redondeo.

Se o alumno ou alumna non comparece á proba extraordinaria, consignarase como Non Presentado (NP), coa consideración que estableza a normativa aplicable.

8.5.5 Recursos didácticos

- Cárcamo, Juan Carlos: *Akelarre*. Ed. Bèrben.
- Feld, Jindrich: *Zweistimmige Partita*. Ed. Hohner Verlag Trossingen.
- Lundquist, Torbjörn: *Neun zweistimmige Inventionen*. Ed. Hohner Verlag Trossingen.
- Olczak, Krzysztof: *Suite para nenos nº3*. Ed. Fata.
- Rueda, Jesús: *Invenciones*. Ed. Acco-Music.
- Schwaen, Kurt: *Etüde*. Ed. VEB Deutscher Verlag für Musik.
- Valpola, Heikki: *Clowns*. Ed. Hohner Verlag Trossingen.
- Zolotaryov, Vladislav: *Kindersuite nº1*. Ed. Intermusik Smülling.

8.6 Curso: 2º Grao Profesional

8.6.1 Obxectivos

→ Adoptar e manter no tempo unha posición equilibrada do corpo que permita interpretar con naturalidade o repertorio do curso, a través da profundización no coñecemento do contacto co instrumento.
→ Coñecer as características e as posibilidades sonoras do instrumento e sabelas empregar dentro das exixencias do nivel, para poder combinalas en favor dun resultado sonoro consciente, a través da interpretación dun repertorio adecuado.
→ Adoptar unha maior coordinación, independencia e sincronización de movementos dos diferentes elementos articulatorios que interveñen na execución instrumental, que permita interpretar un repertorio dun nivel adecuado ao curso. Desenvolver a velocidade e flexibilidade dos dedos.

→ Demostrar o uso dun pulso definido e interiorizar o uso da respiración a través da reflexión e determinación individual.
→ Desenvolver as capacidades referentes ao control do fol que permitan acadar, cunha autonomía progresivamente maior, a consecución dunha adecuada calidade do son, a execución dos diferentes tipos de produción e cese do son, unha axeitada acentuación de fol e a realización dos diferentes efectos propios do instrumento.
→ Profundar no dominio dunha técnica axeitada para a execución de diferentes tipos de articulación dixital, para acadar unha adecuada calidade do son asociada ao estilo das diferentes obras do repertorio.
→ Desenvolver as capacidades técnico-interpretativas do alumnado para que, a través dos coñecementos adquiridos, poida aplicar con autonomía progresivamente maior os distintos criterios de dixitación, organización do fol, rexistración, dinámica e fraseo.
→ Interpretar un repertorio que inclúa obras representativas de diferentes épocas e estilos, de dificultade adecuada ao nivel do curso. Profundar no coñecemento de repertorio, compositores e intérpretes relacionados co instrumento.
→ Coñecer as diversas convencións interpretativas vixentes nos distintos períodos da historia da música instrumental, especialmente as referidas á escritura rítmica, á articulación, á ornamentación e as grafías contemporáneas.
→ Examinar e comprender a forma musical e a estrutura harmónica básica correspondente ás pezas do repertorio que se traballa, a través da súa análise e aplicación da mesma á interpretación, para conseguir unha perspectiva xeral de cada obra.
→ Responsabilizarse da organización dun espazo e un tempo diario adicado ao estudo do acordeón, a través da programación dun horario individual, para desenvolver a iniciativa persoal no ámbito da aprendizaxe acordeonística.
→ Desenvolver a utilización dos diferentes tipos de memoria no estudo persoal e na interpretación musical, a través do coñecemento de procesos musicais que teñen lugar nas pezas que se traballen.
→ Desenvolver a capacidade de ler a primeira vista e aplicar, con autonomía progresivamente maior, os aspectos, as técnicas e as estratexias necesarias para dito propósito.
→ Desenvolver de maneira continuada e progresiva a capacidade de improvisación co acordeón.
→ Desenvolver a capacidade artística participando nos recitais e audicións públicas programadas ao longo do curso con autocontrol, dominio da memoria e capacidade comunicativa.
→ Demostrar control na interpretación musical, a través da observación dos factores que interveñen na mesma, para conseguir un apropiado resultado final.
→ Adquirir o hábito de escoitar música conscientemente, a través da asistencia a recitais e concertos ou da escoita de música en formatos físicos e/ou dixitais, para aumentar a cultura propia e entender a función e o valor da música.
→ Asistir a recitais ou concertos organizados no propio conservatorio, para aproximarse á comprensión da función do músico e apoiar e valorar o traballo doutros compañeiros do centro, participando a través da escoita activa, con actitude de respeto e seguindo as normas de conduta correspondentes.

8.6.2 Contidos

→ Adopción e mantemento dunha axeitada posición corporal que permita a correcta colocación do instrumento. Toma de conciencia das posibles posturas incorrectas. Adaptación a un posible cambio de instrumento.
→ Profundamento no coñecemento dos elementos constitutivos do acordeón, a súa función e o funcionamento dos seus mecanismos. Orixes, antecedentes e evolución do acordeón. Coñecemento da familia de instrumentos de lingüeta libre.
→ Desenvolvemento da coordinación, independencia, simultaneidade e sincronización dos diferentes elementos articulatorios que interveñen na execución instrumental. Interacción das partes do corpo na execución.
→ Uso e mantemento dun pulso estable no transcurso da interpretación. Control rítmico. Respecto polas indicacións de tempo, agóxica e carácter.
→ Desenvolvemento da técnica de fol: control da presión e da calidade do son; organización autónoma do fol, precisión nos cambios de fol; ataque, mantemento e cese do son; execución de efectos acústicos propios do instrumento: bellows shake, diferentes tipos de execución do vibrato.
→ Técnica de fol para o desenvolvemento da gama sonora. Dinámica, equilibrio dos niveis e calidade do son resultante.
→ Profundamento na técnica de acentuación de fol.
→ Afondamento no traballo de articulación nos diferentes manuais. Variedade de modos de ataque dixital.
→ Interpretación dun repertorio que inclúa obras representativas de diferentes épocas, estilos e escolas acordeonísticas. Interpretación de música contemporánea. Práctica de conxunto.
→ Interpretación dun repertorio acorde ao nivel do curso que inclúa textura monofónica, homofónica, polifónica a dúas e tres voces, melodía acompañada e contrapunto a dúas voces.
→ Execución de estudos e exercicios técnicos orientados a traballar as dificultades do repertorio programado.
→ Coñecemento das características principais dos diferentes períodos e estilos musicais. Coñecemento básico e aplicación das súas convencións interpretativas.
→ Profundamento no coñecemento de repertorio, compositores e intérpretes relacionados co acordeón.
→ Dixitación de pasaxes musicais do nivel segundo as particularidades de cada alumno. Principios xerais e os factores que a condicionan. Hábito de dixitar sempre as obras. Realización da dixitación elixida.
→ Profundamento no estudo da rexistración. Cambios de rexistro durante a interpretación.
→ O fraseo e a súa adecuación aos diferentes estilos. Emprego do fraseo como recurso expresivo.
→ Estudo dos sistemas de escritura e das grafías propias do instrumento. Continuación do estudo das grafías da música contemporánea.
→ Respecto ás indicacións da partitura. Interpretación fiel ás características de estilo, estrutura e fraseo dunha obra musical.
→ Análise estilística e estrutural do repertorio en relación cos coñecementos de linguaxe musical deste nivel. Comprensión formal, rítmica e harmónica. Aplicación práctica na interpretación.
→ Desenvolvemento de estratexias e hábitos de estudo correctos.
→ Adestramento permanente e progresivo da memoria visual, auditiva, muscular e analítica.
→ Memorización dunha parte do repertorio do curso para ser interpretado en público.

→ Práctica da lectura a primeira vista de pezas a dúas mans en MI, MII e MIII. Aplicación dos aspectos, técnicas e estratexias destinadas a dito propósito.
→ Improvisación de pequenos fragmentos musicais fundamentada en patróns melódico-rítmicos simples, estruturas harmónicas e procesos cadenciais básicos, e textura monofónica e melodía acompañada.
→ Interpretación en público dun repertorio variado con dominio da memoria e capacidade comunicativa. Aplicación de mecanismos de concentración e autocontrol. Aplicación do protocolo de concerto, tanto de intérprete coma de público.
→ Desenvolvemento do hábito de acadar control interpretativo e unha boa calidade do son a través da escoita consciente e autocrítica durante a interpretación. Desenvolvemento do hábito de escoitar outras voces e instrumentos adaptándose ao grupo na práctica musical en conxunto.
→ Fomento do hábito de escoitar diferentes tipos de música —tanto gravada coma en directo— de forma consciente con frecuencia. Xuízo crítico e racional do escoitado.
→ Audicións comparadas de diferentes interpretacións dunha mesma obra por distintos intérpretes. Análise crítico das características das diferentes versións. Audición de gravacións das interpretacións realizadas polo alumnado e análise das mesmas.

8.6.3 Avaliación

A avaliación é un proceso sistemático de indagación e comprensión da realidade educativa que pretende emitir un xuízo de valor orientado á toma de decisións e á mellora. Tal e como recolle o Decreto 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música, levarase a cabo tendo en conta os obxectivos e os criterios de avaliación establecidos no currículo e será continua e integradora. Así mesmo, servirá para a mellora tanto dos procesos de ensino como da propia práctica docente.

Asemade, de acordo coa Orde do 8 de febreiro de 2008, pola que se regula a avaliación e cualificación do alumnado que cursa as ensinanzas profesionais de música, na avaliación do proceso de aprendizaxe consideraranse as características propias do alumnado e o contexto sociocultural do centro. O alumnado ten dereito a ser avaliado conforme a criterios de plena obxectividade e a coñecer os resultados das súas aprendizaxes, de xeito que a información obtida contribúa á mellora do seu proceso educativo. Tamén poderá solicitar ao profesorado responsable da materia aclaracións sobre as avaliacións realizadas. Así mesmo, terá dereito a coñecer os procedementos formais de avaliación, a súa natureza, aplicación e criterios de corrección.

Criterios de avaliación

Os criterios de avaliación concretan as aprendizaxes que se valorarán ao longo do curso. Cada criterio desenvólvese mediante varios indicadores de logro, que permiten observar e valorar de maneira máis precisa o grao de adquisición das aprendizaxes correspondentes.

Cada indicador será valorado mediante unha rúbrica organizada en cinco franxas de cualificación: **1–2, 3–4, 5–6, 7–8 e 9–10**. Asignarase a franxa máis alta cuxo descritor quede suficientemente demostrado polas evidencias dispoñibles. Dentro de cada franxa, o valor inferior corresponderá a un desempeño máis irregular ou menos consistente, e o superior ao mesmo nivel de logro manifestado con maior estabilidade e consistencia.

A ponderación indicada para cada indicador expresa a súa importancia relativa dentro do criterio de avaliación ao que pertence.

CE1. Manter unha relación corpo-instrumento estable e funcional, regulando con crecente autonomía a posición, o movemento, o esforzo muscular, a relaxación e a respiración de acordo coas esixencias da execución.

Indicadores de logro
IL1.1. Mantén unha relación corpo-instrumento estable e funcional durante a execución.
IL1.2. Realiza os movementos necesarios para a execución con liberdade.
IL1.3. Regula o esforzo muscular evitando tensións innecesarias.
IL1.4. Mantén unha respiración fluída durante a execución.
IL1.5. Corrixe os desaxustes corporais ou instrumentais que interfiren na execución.

CE2. Aplicar con precisión e continuidade a coordinación e a independencia entre manuais, os cambios de posición, os desprazamentos, a dixitación e a articulación dixital, mantendo unha mobilidade dos dedos adecuada ás esixencias do repertorio do curso.

Indicadores de logro
IL2.1. Coordina con precisión a acción dos dous manuais durante a execución.
IL2.2. Mantén a independencia entre os manuais cando realizan funcións diferenciadas.
IL2.3. Realiza os cambios de posición con seguridade e continuidade.
IL2.4. Realiza os desprazamentos con seguridade e continuidade.
IL2.5. Emprega dixitacións adecuadas ás características das pasaxes.
IL2.6. Executa con claridade a articulación dixital requirida polo repertorio.
IL2.7. Mantén unha mobilidade dixital adecuada ás esixencias técnicas do repertorio.

CE3. Controlar o fol e a produción sonora de acordo coas esixencias do repertorio do curso, mantendo un son estable e de calidade e realizando con control os cambios de dirección, os ataques e extincións, a dinámica, a acentuación, os rexistros e os recursos sonoros correspondentes ao nivel.

Indicadores de logro
IL3.1. Controla o movemento do fol durante a execución.
IL3.2. Realiza os cambios de dirección do fol sen interromper a continuidade sonora.
IL3.3. Mantén a estabilidade da produción sonora.
IL3.4. Obtén unha calidade sonora adecuada ás esixencias do repertorio.
IL3.5. Controla con claridade os ataques e as extincións do son.
IL3.6. Realiza as variacións dinámicas requiridas polo repertorio.
IL3.7. Realiza as acentuacións de fol requiridas polo repertorio.
IL3.8. Emprega correctamente os rexistros requiridos polo repertorio.
IL3.9. Executa con control os demais recursos e efectos sonoros correspondentes ao curso.

CE4. Controlar con estabilidade o pulso, a precisión rítmica, a continuidade e o tempo, realizando con control os cambios de tempo e as modificacións agóxicas requiridas polo repertorio do curso.

Indicadores de logro
IL4.1. Mantén un pulso estable durante a interpretación.
IL4.2. Executa con precisión os elementos e estruturas rítmicas do repertorio.

IL4.3. Mantén a continuidade temporal da interpretación.
IL4.4. Mantén con estabilidade o tempo establecido.
IL4.5. Realiza con control os cambios de tempo requiridos polo repertorio.
IL4.6. Realiza con control as modificacións agóxicas requiridas polo repertorio.

CE5. Interpretar obras completas do repertorio adecuado ao nivel do curso con continuidade e control global, integrando de maneira coherente os recursos técnicos e musicais.

Indicadores de logro
IL5.1. Mantén a continuidade ao longo da interpretación da obra.
IL5.2. Integra de maneira coherente os recursos técnicos e musicais durante a interpretación.
IL5.3. Mantén unha realización estable ao longo das diferentes seccións da obra.

CE6. Aplicar á interpretación, con crecente autonomía, a comprensión da estrutura, o carácter e o estilo das obras, as convencións interpretativas correspondentes e decisións interpretativas coherentes.

Indicadores de logro
IL6.1. Emprega a comprensión da estrutura da obra para organizar a interpretación.
IL6.2. Mantén un carácter coherente coas características da obra.
IL6.3. Aplica as convencións interpretativas correspondentes ao estilo e á época da obra.
IL6.4. Organiza o fraseo de maneira coherente coa obra.
IL6.5. Adopta con crecente autonomía decisións interpretativas dentro das marxes de flexibilidade que ofrece o texto musical.

CE7. Ler a primeira vista textos adecuados ao nivel do curso mediante unha observación previa eficaz e a anticipación da información relevante, aplicando con seguridade a notación musical e acordeonística e mantendo unha lectura continua e coherente.

Indicadores de logro
IL7.1. Realiza unha observación previa eficaz da partitura antes de iniciar a lectura.
IL7.2. Anticipa durante a lectura a información relevante para continuar a execución.
IL7.3. Descodifica con seguridade as alturas, o ritmo e a escritura acordeonística presentes no texto.
IL7.4. Mantén a continuidade da lectura, evitando interrupcións innecesarias.
IL7.5. Integra na lectura as indicacións expresivas presentes na partitura.

CE8. Interpretar de memoria repertorio adecuado ao nivel do curso cunha memoria estable e recuperable, seleccionando con crecente autonomía estratexias de memorización e recuperación adecuadas ás características das obras.

Indicadores de logro
IL8.1. Interpreta de memoria o repertorio establecido sen depender da partitura.
IL8.2. Mantén con estabilidade a información memorizada durante a interpretación.
IL8.3. Recupera a continuidade ante fallos de memoria.
IL8.4. Selecciona con crecente autonomía estratexias de memorización adecuadas ás características da obra.
IL8.5. Selecciona con crecente autonomía estratexias de recuperación adecuadas.

CE9. Planificar con crecente autonomía o estudo persoal, identificar as dificultades técnicas e interpretativas, seleccionar e aplicar estratexias adecuadas, avaliar a súa eficacia e modificar o procedemento cando sexa necesario.

Indicadores de logro
IL9.1. Planifica con crecente autonomía o estudo persoal.
IL9.2. Identifica as dificultades técnicas e interpretativas que requiren traballo específico.
IL9.3. Selecciona con crecente autonomía estratexias adecuadas ás dificultades identificadas.
IL9.4. Aplica adecuadamente as estratexias de estudo seleccionadas.
IL9.5. Avalía a eficacia das estratexias a partir dos resultados obtidos.
IL9.6. Modifica as estratexias cando non producen os resultados esperados.

CE10. Empregar conscientemente a escoita e a autoescoita para identificar, discriminar e comparar aspectos relevantes das interpretacións propias e alleas.

Indicadores de logro
IL10.1. Identifica mediante a autoescoita aspectos relevantes da propia interpretación.
IL10.2. Identifica aspectos relevantes nas interpretacións alleas.
IL10.3. Compara interpretacións atendendo ás diferenzas percibidas.
IL10.4. Describe as diferenzas observadas empregando vocabulario musical adecuado ao nivel.

CE11. Improvisar fragmentos adecuados ao nivel a partir de materiais rítmicos, melódicos e harmónicos dados, desenvolvéndoos cunha organización musical coherente.

Indicadores de logro
IL11.1. Desenvolve musicalmente os materiais propostos durante a improvisación.
IL11.2. Emprega de maneira coherente o marco harmónico proposto.
IL11.3. Organiza o material improvisado en frases coherentes.
IL11.4. Mantén a continuidade do discurso improvisado.

CE12. Interpretar en público repertorio adecuado ao nivel do curso mantendo a concentración, o autocontrol e unha presenza escénica natural, comunicando musicalmente e xestionando adecuadamente as incidencias que poidan producirse.

Indicadores de logro
IL12.1. Mantén a concentración durante a actuación pública.
IL12.2. Mantén o autocontrol durante a actuación pública.
IL12.3. Mostra unha presenza escénica natural durante a actuación.
IL12.4. Comunica musicalmente durante a interpretación pública.
IL12.5. Xestiona adecuadamente as incidencias que xorden durante a actuación.

CE13. Integrarse con autonomía suficiente na interpretación de conxunto, escoitando activamente aos demais e adaptando a propia execución á coordinación temporal, ao equilibrio sonoro, ao fraseo, á articulación e á función desempeñada no grupo.

Indicadores de logro
IL13.1. Responde durante a interpretación ás referencias relevantes procedentes do conxunto.
IL13.2. Coordina temporalmente a propia execución co conxunto.
IL13.3. Axusta o nivel dinámico da propia parte ao equilibrio sonoro do conxunto.

IL13.4. Adapta o fraseo da propia parte ao fraseo común.
IL13.5. Adapta a articulación da propia parte á articulación común.
IL13.6. Adecua o grao de protagonismo da propia parte á función que desempeña no conxunto.

Mínimos esixibles

Para superar a materia será necesario, ademais de obter unha cualificación global ponderada igual ou superior a 5, alcanzar como mínimo a franxa 5–6 en todos os indicadores establecidos como mínimos de logro e cumprir os mínimos de realización do curso.

Mínimos de logro

IL1.3. Regula o esforzo muscular evitando tensións innecesarias.
IL2.1. Coordina con precisión a acción dos dous manuais durante a execución.
IL3.4. Obtén unha calidade sonora adecuada ás esixencias do repertorio.
IL4.1. Mantén un pulso estable durante a interpretación.
IL4.2. Executa con precisión os elementos e estruturas rítmicas do repertorio.
IL6.4. Organiza o fraseo de maneira coherente coa obra.

Para considerar alcanzado cada un destes mínimos será necesario obter como mínimo unha valoración correspondente á franxa 5–6 da súa rúbrica.

Mínimos de realización

O alumnado deberá cumprir, ademais, os seguintes mínimos de realización:

- → Traballar e interpretar ao longo do curso un repertorio formado por un mínimo de 6 pezas ou estudos adecuados ao nivel de 2º de Grao Profesional. Cando unha obra estea formada por varios movementos, estes poderán contabilizarse separadamente sempre que teñan entidade musical e dificultade suficientes para o nivel.
- → Interpretar de memoria, como mínimo, unha peza do repertorio traballado durante o curso.
- → Participar como intérprete en polo menos dúas das audicións públicas organizadas polo centro ao longo do curso, salvo causa xustificada ou imposibilidade organizativa allea ao alumnado.

Procedementos e instrumentos de avaliación

Entre os procedementos de avaliación teranse en conta os seguintes:

- → Observación sistemática, diaria e directa do traballo e das interpretacións realizadas na aula.
- → Observación e análise das interpretacións realizadas en audicións e outras actividades públicas.
- → Análise das producións e traballos realizados polo alumnado, incluídas, cando proceda, gravacións ou outras evidencias que permitan valorar a súa evolución.

Como instrumentos de avaliación empregaranse:

- → Caderno de aula do profesor.
- → Rúbricas de avaliación.
- → Listas de cotexo.

Os diferentes procedementos e instrumentos utilizaranse en función dos criterios de avaliación e dos indicadores de logro que se pretendan valorar.

Temporalización da avaliación

Segundo o momento no que se recolla a información, a avaliación será:

→ **Inicial:** permitirá coñecer a situación de partida do alumnado e orientar a planificación do proceso de ensino-aprendizaxe. Realizarase ao comezo do curso e, cando resulte necesario, ao iniciar novos procesos de aprendizaxe, mediante a observación e actividades de carácter práctico ou oral.

→ **Continua:** permitirá identificar os logros e as dificultades que vaian aparecendo ao longo do curso, realizar un seguimento da evolución do alumnado e introducir as medidas necesarias para favorecer a súa aprendizaxe. A información recollerase de maneira sistemática mediante os procedementos e instrumentos de avaliación establecidos.

→ **Final:** permitirá valorar, ao remate do proceso, o grao de adquisición das aprendizaxes previstas para o curso a partir do conxunto das evidencias recollidas durante a avaliación continua.

Para garantir unha avaliación continua e obxectiva será necesaria a recollida de evidencias suficientes ao longo do curso. Cando, como consecuencia dunha asistencia insuficiente ou por outras circunstancias, non se dispoña de evidencias suficientes para valorar un ou varios criterios de avaliación ou indicadores de logro, realizaranse as actividades ou probas específicas necesarias para obter esas evidencias. En todo caso, as evidencias así obtidas valoraranse de acordo cos mesmos criterios de avaliación, indicadores de logro e rúbricas establecidos para o curso, sen alterar os mínimos esixibles nin os criterios de cualificación.

Criterios de cualificación

A cualificación obterase a partir da valoración dos criterios de avaliación e dos seus indicadores de logro.

Cada indicador será valorado nunha escala de 1 a 10 mediante a rúbrica correspondente. A cualificación de cada criterio calcularase aplicando a ponderación establecida para os seus indicadores e, posteriormente, aplicaranse as porcentaxes asignadas aos distintos criterios para obter a cualificación global.

En **2º de Grao Profesional**, os criterios de avaliación terán a seguinte ponderación:

Criterio de avaliación	Ponderación
CE1	5 %
CE2	15 %
CE3	15 %
CE4	10 %
CE5	10 %
CE6	10 %
CE7	5 %
CE8	5 %
CE9	5 %
CE10	5 %
CE11	5 %
CE12	5 %
CE13	5 %
Total	**100 %**

As cualificacións trimestrais reflectirán o nivel de logro alcanzado polo alumnado no momento de cada avaliación. Cando nun trimestre aínda non se dispoña de evidencias suficientes para valorar algún criterio ou indicador, a cualificación calcularase proporcionalmente a partir dos que puideron ser avaliados.

A cualificación final reflectirá o grao de logro alcanzado ao remate do curso nos diferentes criterios de avaliación e indicadores de logro, tendo en conta o conxunto das evidencias recollidas durante o proceso de avaliación continua. Para determinar este nivel considerarase o desempeño que o alumnado mostre de maneira representativa e suficientemente estable, polo que un resultado puntual de nivel superior non determinará por si só a cualificación final.

De acordo coa Orde do 8 de febreiro de 2008, pola que se regula a avaliación e cualificación do alumnado que cursa as ensinanzas profesionais de música, a cualificación final será consecuencia da valoración das aprendizaxes específicas da materia e da madureza académica acadada polo alumnado en relación cos obxectivos xerais das ensinanzas de música, no marco do proceso de avaliación continua.

Para superar a materia será necesario cumprir simultaneamente os seguintes requisitos:

→ obter unha cualificación global ponderada igual ou superior a 5;
→ alcanzar, como mínimo, a franxa 5–6 en todos os indicadores establecidos como mínimos de logro;
→ cumprir os mínimos de realización establecidos para o curso.

O cumprimento dos mínimos de realización comprobarase na avaliación final.

Cando a cualificación global ponderada sexa igual ou superior a 5 pero non se cumpra algún dos mínimos de logro ou de realización establecidos para o curso, a cualificación final será 4.

O resultado da avaliación final expresarase mediante unha escala numérica de 1 a 10, sen decimais. Consideraranse positivas as cualificacións iguais ou superiores a 5 e negativas as inferiores a 5. Para obter unha cualificación positiva será necesario alcanzar unha cualificación global ponderada igual ou superior a 5 antes de expresala sen decimais; unha cualificación inferior a 5 non poderá converterse en positiva por efecto do redondeo.

Para o alumnado con avaliación negativa, o profesor da materia elaborará un informe sobre os obxectivos e contidos non acadados, indicando tamén os criterios de avaliación e indicadores de logro que requiran recuperación e propoñendo as actividades necesarias para a súa superación.

Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

Como recolle o artigo 15º do Decreto 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música, é competencia do consello escolar de cada centro autorizar, con carácter excepcional, a ampliación de matrícula ao curso seguinte do alumnado que, logo da orientación do profesorado, así o solicite, sempre que o informe da totalidade do profesorado do alumno ou da alumna xustifique, conforme criterios obxectivos, a súa adecuada capacidade de aprendizaxe do curso actual e daquel ao cal aspire a acceder.

Na materia de Acordeón, a valoración desta capacidade terá en conta o grao de adquisición dos criterios de avaliación e indicadores de logro do curso actual, así como a evolución, autonomía e capacidade do alumnado para afrontar as aprendizaxes do curso seguinte. Cando se considere necesario

completar as evidencias dispoñibles, poderá realizarse unha proba ou actividade específica de avaliación.

8.6.4 Medidas de recuperación

Procedementos de recuperación ordinarios

Dado o carácter continuo da avaliación, a recuperación das aprendizaxes non acadadas desenvolverase ao longo do propio proceso de ensino-aprendizaxe. O profesor identificará os criterios de avaliación e indicadores de logro nos que o alumnado presente dificultades e proporá as actividades de reforzo, revisión ou estudo que resulten necesarias.

A recuperación poderá realizarse mediante a revisión do repertorio e dos exercicios traballados, a realización de novas actividades, a adaptación das estratexias de estudo ou outras tarefas que permitan superar as dificultades detectadas. Cando sexa necesario, recolleranse novas evidencias para comprobar o grao de logro alcanzado.

Poderán empregarse tamén, cando estean dispoñibles e se consideren adecuados, outros recursos de apoio ou reforzo organizados polo centro.

Probas extraordinarias

O alumnado que non supere a materia na avaliación ordinaria poderá realizar unha proba extraordinaria na que deberá demostrar o grao de adquisición dos criterios de avaliación e indicadores de logro establecidos para o curso.

Para a realización da proba, o alumnado deberá presentar un repertorio de 6 pezas ou estudos adecuados ao nivel de 2º de Grao Profesional, previamente acordado co profesor da materia. Cando unha obra estea formada por varios movementos, estes poderán contabilizarse separadamente sempre que teñan entidade musical e dificultade suficientes para o nivel.

Deste repertorio interpretaranse 4 pezas ou estudos: unha será elixida polo alumnado e as outras tres polo profesor. Polo menos unha das pezas deberá interpretarse de memoria.

A proba incluirá tamén unha actividade de lectura a primeira vista adecuada ao nivel e unha actividade de improvisación a partir de materiais rítmicos, melódicos ou harmónicos adecuados ao curso.

Cando sexa necesario, realizaranse outras actividades prácticas ou orais que permitan obter evidencias dos criterios de avaliación ou indicadores de logro que non poidan valorarse suficientemente mediante as actividades anteriores.

A interpretación do repertorio realizarase nunha situación formal de actuación, sen necesidade de presenza de público, que permita valorar os aspectos correspondentes á interpretación pública. Así mesmo, realizarase unha breve actividade de interpretación de conxunto, adaptada aos medios dispoñibles, que permita valorar os indicadores relativos á escoita, integración e coordinación co grupo.

A avaliación da proba realizarase empregando os mesmos criterios de avaliación, indicadores de logro, rúbricas e ponderacións establecidos para o curso.

Para superar a proba será necesario cumprir simultaneamente os seguintes requisitos:

→ obter unha cualificación global ponderada igual ou superior a 5;

→ alcanzar, como mínimo, a franxa 5–6 en todos os indicadores establecidos como mínimos de logro;
→ cumprir os mínimos de realización adaptados á proba extraordinaria: presentar o repertorio esixido, interpretar as catro pezas ou estudos establecidos e realizar polo menos unha delas de memoria.

Cando a cualificación global ponderada sexa igual ou superior a 5 pero non se cumpra algún destes requisitos, a cualificación da proba extraordinaria será 4.

O resultado expresarase mediante unha escala numérica de 1 a 10, sen decimais. Para obter unha cualificación positiva será necesario alcanzar unha cualificación global ponderada igual ou superior a 5 antes de expresala sen decimais; unha cualificación inferior a 5 non poderá converterse en positiva por efecto do redondeo.

Se o alumno ou alumna non comparece á proba extraordinaria, consignarase como Non Presentado (NP), coa consideración que estableza a normativa aplicable.

8.6.5 Recursos didácticos

- Bach, Johann Sebastian: Invencións a dúas voces. Ed. Urtex.
- Busseuil, Patrick: Animalia. Ed. Musique Semaphore Diffusion.
- Ganzer, Jürgen: Fünf Stücke für Akkordeon. Ed. VEB Deutscher Verlag für Musik.
- Gurbindo, Fermín: Safari. Ed. Bèrben.
- Jacobi, Wolfgang: Acht Vortragstucke. Ed. Preissler München.
- Richter, Werner: Konstellation zu H·E·G·A. Ed. VEB Deutscher Verlag für Musik.
- Valpola, Heikki: Clowns II. Ed. Hohner Verlag Trossingen.
- Zolotaryov, Vladislav: Kindersuite nº2. Ed. Intermusik Smülling.

8.7 Curso: 3º Grao Profesional

8.7.1 Obxectivos

→ Adoptar e manter no tempo unha posición equilibrada do corpo que permita interpretar con naturalidade o repertorio do curso, a través da profundización no coñecemento do contacto co instrumento.
→ Coñecer as características e as posibilidades sonoras do instrumento e sabelas empregar dentro das exixencias do nivel, para poder combinalas en favor dun resultado sonoro consciente, a través da interpretación dun repertorio adecuado.
→ Adoptar unha maior coordinación, independencia e sincronización de movementos dos diferentes elementos articulatorios que interveñen na execución instrumental, que permita interpretar un repertorio dun nivel adecuado ao curso. Desenvolver a velocidade e flexibilidade dos dedos.
→ Demostrar o uso dun pulso definido e interiorizar o uso da respiración a través da reflexión e determinación individual.
→ Desenvolver as capacidades referentes ao control do fol que permitan acadar, cunha autonomía progresivamente maior, a consecución dunha adecuada calidade do son, a execución dos diferentes tipos de produción e cese do son, unha axeitada acentuación de fol e a realización dos diferentes efectos propios do instrumento.

→ Profundar no dominio dunha técnica axeitada para a execución de diferentes tipos de articulación dixital, para acadar unha adecuada calidade do son asociada ao estilo das diferentes obras do repertorio.
→ Desenvolver as capacidades técnico-interpretativas do alumnado para que, a través dos coñecementos adquiridos, poida aplicar con autonomía progresivamente maior os distintos criterios de dixitación, organización do fol, rexistración, dinámica e fraseo.
→ Interpretar un repertorio que inclúa obras representativas de diferentes épocas e estilos, de dificultade adecuada ao nivel do curso. Profundar no coñecemento de repertorio, compositores e intérpretes relacionados co instrumento.
→ Coñecer e recoñecer auditivamente as diversas convencións interpretativas vixentes nos distintos períodos da historia da música instrumental, especialmente as referidas á escritura rítmica, á articulación, á ornamentación e as grafías contemporáneas.
→ Examinar e coñecer a forma musical e comprender a estrutura harmónica correspondente ás pezas do repertorio que se traballa, a través da súa análise e aplicación da mesma á interpretación, para conseguir unha perspectiva xeral de cada obra.
→ Demostrar un correcto hábito de estudo que permita unha montaxe fluída do repertorio programado.
→ Empregar de xeito cotiá os diferentes tipos de memoria no estudo persoal e na interpretación musical.
→ Desenvolver a capacidade de ler a primeira vista e aplicar, con autonomía progresivamente maior, os aspectos, as técnicas e as estratexias necesarias para dito propósito.
→ Desenvolver de maneira continuada e progresiva a capacidade de improvisación co acordeón.
→ Desenvolver a capacidade artística participando nos recitais e audicións públicas programadas ao longo do curso con autocontrol, dominio da memoria e capacidade comunicativa.
→ Demostrar control na interpretación musical, a través da observación dos factores que interveñen na mesma, para conseguir un apropiado resultado final.
→ Adquirir o hábito de escoitar música de maneira consciente e asistir a concertos ou recitais para formar a propia cultura musical e establecer un concepto estético que permita fundamentar e desenvolver os criterios interpretativos propios.

8.7.2 Contidos

→ Adopción e mantemento dunha axeitada posición corporal que permita a correcta colocación do instrumento e unha execución instrumental con naturalidade. Toma de conciencia das posibles posturas incorrectas. Adaptación a un posible cambio de instrumento.
→ Comprensión das características e das posibilidades sonoras do instrumento. Orixes, antecedentes e evolución do acordeón.
→ Desenvolvemento da coordinación, independencia, simultaneidade e sincronización dos diferentes elementos articulatorios que interveñen na execución instrumental.
→ Uso e mantemento dun pulso estable no transcurso da interpretación. Control rítmico. Respecto polas indicacións de tempo, agóxica e carácter.
→ Desenvolvemento da técnica de fol: control da presión e da calidade do son; organización autónoma do fol, precisión nos cambios de fol; ataque, mantemento e cese do son; execución de efectos acústicos propios do instrumento: bellows shake binario e ternario, iniciación ao ricochet, diferentes tipos de execución do vibrato.

- → Técnica de fol para o desenvolvemento da gama sonora. Dinámica, equilibrio dos niveis e calidade do son resultante.
- → Profundamento na técnica de acentuación de fol.
- → Estudo dos diferentes tipos de articulación. Afianzamento da técnica de base a través do observación atenta e o control auditivo. Variedade de modos de ataque dixital.
- → Interpretación dun repertorio que inclúa obras representativas de diferentes épocas, estilos e escolas acordeonísticas. Interpretación de música contemporánea. Práctica de conxunto.
- → Interpretación dun repertorio acorde ao nivel do curso que inclúa textura monofónica, homofónica, polifónica a dúas e tres voces, melodía acompañada e contrapunto a dúas e tres voces.
- → Execución de estudos e exercicios técnicos orientados a traballar as dificultades do repertorio programado.
- → Coñecemento das características principais dos diferentes períodos e estilos musicais. Coñecemento básico, recoñecemento auditivo e aplicación das súas convencións interpretativas.
- → Profundamento no coñecemento de repertorio, compositores e intérpretes relacionados co acordeón.
- → Dixitación de pasaxes musicais do nivel. Principios xerais e os factores que a condicionan. Hábito de dixitar sempre as obras. Realización da dixitación elixida.
- → Profundamento no estudo da rexistración.
- → O fraseo e a súa adecuación aos diferentes estilos. Emprego do fraseo como recurso expresivo.
- → Estudo dos sistemas de escritura e das grafías propias do instrumento. Continuación do estudo das grafías da música contemporánea.
- → Respecto ás indicacións da partitura. Interpretación fiel ás características de estilo, estrutura e fraseo dunha obra musical.
- → Análise estilística e estrutural do repertorio. Comprensión formal, rítmica e harmónica. Aplicación práctica na interpretación.
- → Desenvolvemento de estratexias e hábitos de estudo correctos.
- → Adestramento permanente e progresivo da memoria visual, auditiva, muscular e analítica.
- → Memorización dunha parte do repertorio do curso para ser interpretado en público.
- → Práctica da lectura a primeira vista. Aplicación dos aspectos, técnicas e estratexias necesarias para dito propósito.
- → Improvisación de pequenos fragmentos musicais fundamentada en patróns melódico-rítmicos simples, estruturas harmónicas e procesos cadenciais básicos, ampliación no uso de acordes de cada función tonal, e textura monofónica e melodía acompañada.
- → Interpretación en público dun repertorio variado con dominio da memoria e capacidade comunicativa. Aplicación de mecanismos de concentración e autocontrol. Aplicación do protocolo de concerto, tanto de intérprete coma de público.
- → Desenvolvemento do hábito de acadar control interpretativo e unha boa calidade do son a través da escoita consciente e autocrítica durante a interpretación.
- → Fomento do hábito de escoitar diferentes tipos de música —tanto gravada coma en directo— de forma consciente con frecuencia. Xuízo crítico e racional do escoitado.
- → Audicións comparadas de diferentes interpretacións dunha mesma obra por distintos intérpretes. Análise crítico das características das diferentes versións. Audición de gravacións das interpretacións realizadas polo alumnado e análise das mesmas.

8.7.3 Avaliación

A avaliación é un proceso sistemático de indagación e comprensión da realidade educativa que pretende emitir un xuízo de valor orientado á toma de decisións e á mellora. Tal e como recolle o Decreto 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música, levarase a cabo tendo en conta os obxectivos e os criterios de avaliación establecidos no currículo e será continua e integradora. Así mesmo, servirá para a mellora tanto dos procesos de ensino como da propia práctica docente.

Asemade, de acordo coa Orde do 8 de febreiro de 2008, pola que se regula a avaliación e cualificación do alumnado que cursa as ensinanzas profesionais de música, na avaliación do proceso de aprendizaxe consideraranse as características propias do alumnado e o contexto sociocultural do centro. O alumnado ten dereito a ser avaliado conforme a criterios de plena obxectividade e a coñecer os resultados das súas aprendizaxes, de xeito que a información obtida contribúa á mellora do seu proceso educativo. Tamén poderá solicitar ao profesorado responsable da materia aclaracións sobre as avaliacións realizadas. Así mesmo, terá dereito a coñecer os procedementos formais de avaliación, a súa natureza, aplicación e criterios de corrección.

Criterios de avaliación

Os criterios de avaliación concretan as aprendizaxes que se valorarán ao longo do curso. Cada criterio desenvólvese mediante varios indicadores de logro, que permiten observar e valorar de maneira máis precisa o grao de adquisición das aprendizaxes correspondentes.

Cada indicador será valorado mediante unha rúbrica organizada en cinco franxas de cualificación: **1–2, 3–4, 5–6, 7–8 e 9–10**. Asignarase a franxa máis alta cuxo descritor quede suficientemente demostrado polas evidencias dispoñibles. Dentro de cada franxa, o valor inferior corresponderá a un desempeño máis irregular ou menos consistente, e o superior ao mesmo nivel de logro manifestado con maior estabilidade e consistencia.

A ponderación indicada para cada indicador expresa a súa importancia relativa dentro do criterio de avaliación ao que pertence.

CE1. Manter con autonomía unha relación corpo-instrumento estable e funcional, regulando a posición, o movemento, o esforzo muscular, a relaxación e a respiración de acordo coas esixencias da execución.

Indicadores de logro

IL1.1. Mantén unha relación corpo-instrumento estable e funcional durante a execución.
IL1.2. Realiza os movementos necesarios para a execución con liberdade.
IL1.3. Regula o esforzo muscular evitando tensións innecesarias.
IL1.4. Mantén unha respiración fluída durante a execución.
IL1.5. Corrixe os desaxustes corporais ou instrumentais que interfiren na execución.

CE2. Aplicar con precisión e autonomía crecente a coordinación e a independencia entre manuais, os cambios de posición, os desprazamentos, a dixitación e a articulación dixital, adaptándoos ás esixencias das diferentes texturas e pasaxes do repertorio.

Indicadores de logro

IL2.1. Coordina con precisión a acción dos manuais nas diferentes texturas do repertorio.

IL2.2. Mantén a independencia entre os manuais cando realizan funcións diferenciadas.
IL2.3. Realiza os cambios de posición con seguridade e continuidade.
IL2.4. Realiza os desprazamentos con seguridade e continuidade.
IL2.5. Selecciona con crecente autonomía dixitacións adecuadas ás características das pasaxes.
IL2.6. Adapta con crecente autonomía a articulación dixital ás esixencias técnicas das diferentes pasaxes.
IL2.7. Mantén unha mobilidade dixital adecuada ás esixencias técnicas do repertorio.

CE3. Controlar con crecente autonomía o fol e a produción sonora de acordo coas esixencias do repertorio do curso, mantendo un son estable e de calidade e realizando con control os cambios de dirección, os ataques e extincións, a dinámica, a acentuación, os rexistros e os recursos sonoros correspondentes ao nivel.

Indicadores de logro
IL3.1. Controla con crecente autonomía o movemento do fol durante a execución.
IL3.2. Realiza os cambios de dirección do fol sen interromper a continuidade sonora.
IL3.3. Mantén a estabilidade da produción sonora.
IL3.4. Obtén unha calidade sonora adecuada ás esixencias do repertorio.
IL3.5. Controla con claridade os ataques e as extincións do son.
IL3.6. Realiza con crecente autonomía as variacións dinámicas requiridas polo repertorio.
IL3.7. Realiza con crecente autonomía as acentuacións de fol requiridas polo repertorio.
IL3.8. Emprega correctamente os rexistros requiridos polo repertorio.
IL3.9. Executa con crecente autonomía os demais recursos e efectos sonoros correspondentes ao curso.

CE4. Controlar con estabilidade o pulso, a precisión rítmica, a continuidade e o tempo, realizando con control os cambios de tempo e as modificacións agóxicas requiridas polo repertorio do curso.

Indicadores de logro
IL4.1. Mantén un pulso estable durante a interpretación.
IL4.2. Executa con precisión os elementos e estruturas rítmicas do repertorio.
IL4.3. Mantén a continuidade temporal da interpretación.
IL4.4. Mantén con estabilidade o tempo establecido.
IL4.5. Realiza con control os cambios de tempo requiridos polo repertorio.
IL4.6. Realiza con control as modificacións agóxicas requiridas polo repertorio.

CE5. Interpretar obras completas do repertorio adecuado ao nivel do curso con continuidade e control global, integrando de maneira coherente os recursos técnicos e musicais.

Indicadores de logro
IL5.1. Mantén a continuidade ao longo da interpretación da obra.
IL5.2. Integra de maneira coherente os recursos técnicos e musicais durante a interpretación.
IL5.3. Mantén unha realización estable ao longo das diferentes seccións da obra.

CE6. Aplicar á interpretación, con crecente autonomía, a comprensión da estrutura, o carácter e o estilo das obras e as convencións interpretativas correspondentes, fundamentando progresivamente as decisións interpretativas adoptadas.

Indicadores de logro

IL6.1. Emprega a comprensión da estrutura da obra para organizar a interpretación.
IL6.2. Mantén un carácter coherente coas características da obra.
IL6.3. Aplica as convencións interpretativas correspondentes ao estilo e á época da obra.
IL6.4. Organiza o fraseo de maneira coherente coa obra.
IL6.5. Adopta con crecente autonomía decisións interpretativas dentro das marxes de flexibilidade que ofrece o texto musical.
IL6.6. Fundamenta progresivamente as decisións interpretativas adoptadas.

CE7. Ler a primeira vista textos adecuados ao nivel do curso empregando con crecente autonomía a observación previa e a anticipación da información relevante, aplicando con seguridade a notación musical e acordeonística e mantendo unha lectura continua e coherente.

Indicadores de logro

IL7.1. Realiza con crecente autonomía unha observación previa eficaz da partitura antes de iniciar a lectura.
IL7.2. Anticipa durante a lectura a información relevante para continuar a execución.
IL7.3. Descodifica con seguridade as alturas, o ritmo e a escritura acordeonística presentes no texto.
IL7.4. Mantén a continuidade da lectura, evitando interrupcións innecesarias.
IL7.5. Integra na lectura as indicacións expresivas presentes na partitura.

CE8. Interpretar de memoria repertorio adecuado ao nivel do curso cunha memoria estable e recuperable, integrando a comprensión da obra e combinando diferentes estratexias de memorización e recuperación.

Indicadores de logro

IL8.1. Interpreta de memoria o repertorio establecido sen depender da partitura.
IL8.2. Mantén con estabilidade a información memorizada durante a interpretación.
IL8.3. Recupera a continuidade ante fallos de memoria.
IL8.4. Combina diferentes estratexias de memorización adecuadas ás características da obra.
IL8.5. Combina diferentes estratexias de recuperación ante posibles fallos de memoria.
IL8.6. Emprega a comprensión da obra como apoio á consolidación da memoria.

CE9. Planificar con autonomía o estudo persoal, analizar as dificultades técnicas e interpretativas, seleccionar e aplicar estratexias adecuadas e reorientar o traballo en función dos resultados obtidos.

Indicadores de logro

IL9.1. Planifica con autonomía o estudo persoal.
IL9.2. Analiza as dificultades técnicas e interpretativas para determinar que aspectos requiren traballo específico.
IL9.3. Selecciona con autonomía estratexias adecuadas ás dificultades analizadas.
IL9.4. Aplica de maneira planificada as estratexias de estudo seleccionadas.
IL9.5. Avalía os resultados obtidos en relación cos obxectivos do estudo.
IL9.6. Reorienta o procedemento de traballo en función dos resultados obtidos.

CE10. Analizar mediante a escoita e a autoescoita interpretacións propias e alleas, identificando os aspectos relevantes do resultado e relacionándoos cos factores técnicos e musicais que o condicionan.

Indicadores de logro
IL10.1. Identifica mediante a autoescoita aspectos relevantes da propia interpretación.
IL10.2. Identifica aspectos relevantes nas interpretacións alleas.
IL10.3. Relaciona os aspectos percibidos cos factores técnicos que condicionan o resultado.
IL10.4. Relaciona os aspectos percibidos cos factores musicais que condicionan o resultado.
IL10.5. Identifica diferenzas entre o resultado pretendido e o resultado obtido na propia interpretación.

CE11. Improvisar con crecente autonomía a partir de materiais rítmicos, melódicos e harmónicos, desenvolvéndoos e adaptándoos ao marco musical proposto.

Indicadores de logro
IL11.1. Desenvolve con crecente autonomía os materiais propostos durante a improvisación.
IL11.2. Adapta o material improvisado ao marco harmónico proposto.
IL11.3. Organiza con crecente autonomía o material en frases coherentes.
IL11.4. Mantén a continuidade do discurso improvisado.

CE12. Interpretar en público repertorio adecuado ao nivel do curso mantendo de maneira estable a concentración, o autocontrol e a comunicación musical ao longo da actuación, e xestionando adecuadamente as incidencias que poidan producirse.

Indicadores de logro
IL12.1. Mantén de maneira estable a concentración durante toda a actuación.
IL12.2. Mantén de maneira estable o autocontrol durante toda a actuación.
IL12.3. Mantén unha presenza escénica natural durante a actuación.
IL12.4. Mantén a comunicación musical ao longo da actuación.
IL12.5. Xestiona adecuadamente as incidencias que xorden durante a actuación.

CE13. Integrarse con crecente autonomía na interpretación de conxunto, escoitando activamente aos demais e adaptando a propia execución á coordinación temporal, ao equilibrio sonoro, ao fraseo, á articulación e á función desempeñada no grupo.

Indicadores de logro
IL13.1. Responde durante a interpretación ás referencias relevantes procedentes do conxunto.
IL13.2. Coordina con crecente autonomía a propia execución co tempo común do conxunto.
IL13.3. Axusta con crecente autonomía o nivel dinámico da propia parte ao equilibrio sonoro do conxunto.
IL13.4. Adapta con crecente autonomía o fraseo da propia parte ao fraseo común.
IL13.5. Adapta con crecente autonomía a articulación da propia parte á articulación común.
IL13.6. Adecua con crecente autonomía o grao de protagonismo da propia parte á función que desempeña no conxunto.

Mínimos esixibles

Para superar a materia será necesario, ademais de obter unha cualificación global ponderada igual ou superior a 5, alcanzar como mínimo a franxa 5–6 en todos os indicadores establecidos como mínimos de logro e cumprir os mínimos de realización do curso.

Mínimos de logro

IL1.3. Regula o esforzo muscular evitando tensións innecesarias.
IL2.1. Coordina con precisión a acción dos manuais nas diferentes texturas do repertorio.
IL2.5. Selecciona con crecente autonomía dixitacións adecuadas ás características das pasaxes.
IL3.1. Controla con crecente autonomía o movemento do fol durante a execución.
IL3.4. Obtén unha calidade sonora adecuada ás esixencias do repertorio.
IL4.1. Mantén un pulso estable durante a interpretación.
IL4.2. Executa con precisión os elementos e estruturas rítmicas do repertorio.
IL5.1. Mantén a continuidade ao longo da interpretación da obra.
IL6.4. Organiza o fraseo de maneira coherente coa obra.

Para considerar alcanzado cada un destes mínimos será necesario obter como mínimo unha valoración correspondente á franxa 5–6 da súa rúbrica.

Mínimos de realización

O alumnado deberá cumprir, ademais, os seguintes mínimos de realización:

- → Traballar e interpretar ao longo do curso un repertorio formado por un mínimo de 3 obras adecuadas ao nivel de 3º de Grao Profesional.
- → Interpretar de memoria, como mínimo, unha das obras do repertorio traballado durante o curso.
- → Participar como intérprete en polo menos dúas das audicións públicas organizadas polo centro ao longo do curso, aplicando as pautas propias da actuación pública, salvo causa xustificada ou imposibilidade organizativa allea ao alumnado.

Procedementos e instrumentos de avaliación

Entre os procedementos de avaliación teranse en conta os seguintes:

- → Observación sistemática, diaria e directa do traballo e das interpretacións realizadas na aula.
- → Observación e análise das interpretacións realizadas en audicións e outras actividades públicas.
- → Análise das producións e traballos realizados polo alumnado, incluídas, cando proceda, gravacións ou outras evidencias que permitan valorar a súa evolución.

Como instrumentos de avaliación empregaranse:

- → Caderno de aula do profesor.
- → Rúbricas de avaliación.
- → Listas de cotexo.

Os diferentes procedementos e instrumentos utilizaranse en función dos criterios de avaliación e dos indicadores de logro que se pretendan valorar.

Temporalización da avaliación

Segundo o momento no que se recolla a información, a avaliación será:

- → **Inicial:** permitirá coñecer a situación de partida do alumnado e orientar a planificación do proceso de ensino-aprendizaxe. Realizarase ao comezo do curso e, cando resulte necesario, ao iniciar novos procesos de aprendizaxe, mediante a observación e actividades de carácter práctico ou oral.
- → **Continua:** permitirá identificar os logros e as dificultades que vaian aparecendo ao longo do curso, realizar un seguimento da evolución do alumnado e introducir as medidas necesarias para favorecer a súa aprendizaxe. A información recollerase de maneira sistemática mediante os procedementos e instrumentos de avaliación establecidos.
- → **Final:** permitirá valorar, ao remate do proceso, o grao de adquisición das aprendizaxes previstas para o curso a partir do conxunto das evidencias recollidas durante a avaliación continua.

Para garantir unha avaliación continua e obxectiva será necesaria a recollida de evidencias suficientes ao longo do curso. Cando, como consecuencia dunha asistencia insuficiente ou por outras circunstancias, non se dispoña de evidencias suficientes para valorar un ou varios criterios de avaliación ou indicadores de logro, realizaranse as actividades ou probas específicas necesarias para obter esas evidencias. En todo caso, as evidencias así obtidas valoraranse de acordo cos mesmos criterios de avaliación, indicadores de logro e rúbricas establecidos para o curso, sen alterar os mínimos esixibles nin os criterios de cualificación.

Criterios de cualificación

A cualificación obterase a partir da valoración dos criterios de avaliación e dos seus indicadores de logro.

Cada indicador será valorado nunha escala de 1 a 10 mediante a rúbrica correspondente. A cualificación de cada criterio calcularase aplicando a ponderación establecida para os seus indicadores e, posteriormente, aplicaranse as porcentaxes asignadas aos distintos criterios para obter a cualificación global.

En **3º de Grao Profesional**, os criterios de avaliación terán a seguinte ponderación:

Criterio de avaliación	Ponderación
CE1	5 %
CE2	10 %
CE3	15 %
CE4	10 %
CE5	15 %
CE6	10 %
CE7	5 %
CE8	5 %
CE9	5 %
CE10	5 %
CE11	5 %
CE12	5 %
CE13	5 %
Total	**100 %**

As cualificacións trimestrais reflectirán o nivel de logro alcanzado polo alumnado no momento de cada avaliación. Cando nun trimestre aínda non se dispoña de evidencias suficientes para valorar algún criterio ou indicador, a cualificación calcularase proporcionalmente a partir dos que puideron ser avaliados.

A cualificación final reflectirá o grao de logro alcanzado ao remate do curso nos diferentes criterios de avaliación e indicadores de logro, tendo en conta o conxunto das evidencias recollidas durante o proceso de avaliación continua. Para determinar este nivel considerarase o desempeño que o alumnado mostre de maneira representativa e suficientemente estable, polo que un resultado puntual de nivel superior non determinará por si só a cualificación final.

De acordo coa Orde do 8 de febreiro de 2008, pola que se regula a avaliación e cualificación do alumnado que cursa as ensinanzas profesionais de música, a cualificación final será consecuencia da valoración das aprendizaxes específicas da materia e da madureza académica acadada polo alumnado en relación cos obxectivos xerais das ensinanzas de música, no marco do proceso de avaliación continua.

Para superar a materia será necesario cumprir simultaneamente os seguintes requisitos:

→ obter unha cualificación global ponderada igual ou superior a 5;
→ alcanzar, como mínimo, a franxa 5–6 en todos os indicadores establecidos como mínimos de logro;
→ cumprir os mínimos de realización establecidos para o curso.

O cumprimento dos mínimos de realización comprobarase na avaliación final.

Cando a cualificación global ponderada sexa igual ou superior a 5 pero non se cumpra algún dos mínimos de logro ou de realización establecidos para o curso, a cualificación final será 4.

O resultado da avaliación final expresarase mediante unha escala numérica de 1 a 10, sen decimais. Consideraranse positivas as cualificacións iguais ou superiores a 5 e negativas as inferiores a 5. Para obter unha cualificación positiva será necesario alcanzar unha cualificación global ponderada igual ou superior a 5 antes de expresala sen decimais; unha cualificación inferior a 5 non poderá converterse en positiva por efecto do redondeo.

Para o alumnado con avaliación negativa, o profesor da materia elaborará un informe sobre os obxectivos e contidos non acadados, indicando tamén os criterios de avaliación e indicadores de logro que requiran recuperación e propoñendo as actividades necesarias para a súa superación.

Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

Como recolle o artigo 15º do Decreto 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música, é competencia do consello escolar de cada centro autorizar, con carácter excepcional, a ampliación de matrícula ao curso seguinte do alumnado que, logo da orientación do profesorado, así o solicite, sempre que o informe da totalidade do profesorado do alumno ou da alumna xustifique, conforme criterios obxectivos, a súa adecuada capacidade de aprendizaxe do curso actual e daquel ao cal aspire a acceder.

Na materia de Acordeón, a valoración desta capacidade terá en conta o grao de adquisición dos criterios de avaliación e indicadores de logro do curso actual, así como a evolución, autonomía e capacidade do alumnado para afrontar as aprendizaxes do curso seguinte. Cando se considere necesario completar as evidencias dispoñibles, poderá realizarse unha proba ou actividade específica de avaliación.

8.7.4 Medidas de recuperación

Procedementos de recuperación ordinarios

Dado o carácter continuo da avaliación, a recuperación das aprendizaxes non acadadas desenvolverase ao longo do propio proceso de ensino-aprendizaxe. O profesor identificará os criterios de avaliación e indicadores de logro nos que o alumnado presente dificultades e proporá as actividades de reforzo, revisión ou estudo que resulten necesarias.

A recuperación poderá realizarse mediante a revisión do repertorio e dos exercicios traballados, a realización de novas actividades, a adaptación das estratexias de estudo ou outras tarefas que permitan superar as dificultades detectadas. Cando sexa necesario, recolleranse novas evidencias para comprobar o grao de logro alcanzado.

Poderán empregarse tamén, cando estean dispoñibles e se consideren adecuados, outros recursos de apoio ou reforzo organizados polo centro.

Probas extraordinarias

O alumnado que non supere a materia na avaliación ordinaria poderá realizar unha proba extraordinaria na que deberá demostrar o grao de adquisición dos criterios de avaliación e indicadores de logro establecidos para o curso.

Para a realización da proba, o alumnado deberá presentar un repertorio de 3 obras adecuadas ao nivel de 3º de Grao Profesional, previamente acordado co profesor da materia. Polo menos unha delas deberá interpretarse de memoria.

A proba incluirá tamén unha actividade de lectura a primeira vista adecuada ao nivel e unha actividade de improvisación a partir de materiais rítmicos, melódicos ou harmónicos adecuados ao curso.

Cando sexa necesario, realizaranse outras actividades prácticas ou orais que permitan obter evidencias dos criterios de avaliación ou indicadores de logro que non poidan valorarse suficientemente mediante as actividades anteriores.

A interpretación do repertorio realizarase nunha situación formal de actuación, sen necesidade de presenza de público, que permita valorar os aspectos correspondentes á interpretación pública. Así mesmo, realizarase unha breve actividade de interpretación de conxunto, adaptada aos medios dispoñibles, que permita valorar os indicadores relativos á escoita, integración e coordinación co grupo.

A avaliación da proba realizarase empregando os mesmos criterios de avaliación, indicadores de logro, rúbricas e ponderacións establecidos para o curso.

Para superar a proba será necesario cumprir simultaneamente os seguintes requisitos:

- → obter unha cualificación global ponderada igual ou superior a 5;
- → alcanzar, como mínimo, a franxa 5–6 en todos os indicadores establecidos como mínimos de logro;
- → cumprir os mínimos de realización adaptados á proba extraordinaria: presentar o repertorio esixido, interpretar as tres obras e realizar polo menos unha delas de memoria.

Cando a cualificación global ponderada sexa igual ou superior a 5 pero non se cumpra algún destes requisitos, a cualificación da proba extraordinaria será 4.

O resultado expresarase mediante unha escala numérica de 1 a 10, sen decimais. Para obter unha cualificación positiva será necesario alcanzar unha cualificación global ponderada igual ou superior a 5 antes de expresala sen decimais; unha cualificación inferior a 5 non poderá converterse en positiva por efecto do redondeo.

Se o alumno ou alumna non comparece á proba extraordinaria, consignarase como Non Presentado (NP), coa consideración que estableza a normativa aplicable.

8.7.5 Recursos didácticos

- Angelis, Franck: *Vals du Clown*. Ed. R.D.C. Records.
- Bach, Johann Sebastian: *Invencións a dúas voces*. Ed. Urtex.
- Fancelli, Luciano: *Pupazzetti*. Ed. Bèrben.
- Jacobi, Wolfgang: *6 Walzer-Bagatellen*. Ed. Musikverlag Josef Preissler München.
- Newy, Wolfgang: *Burleske*. Ed. VEB Deutscher Verlag für Musik.
- Noth, Hugo: *Aisthanomai*. Ed. Hohner Verlag.
- Semionov, Viacheslav: *Suite para nenos nº2*. Ed. Intermusik Smülling.
- Siara, Siegfried: *Suite à la Jazz*. Ed. VEB Deutscher Verlag für Musik.

8.8 Curso: 4º Grao Profesional

8.8.1 Obxectivos

→ Adoptar e manter no tempo unha posición equilibrada do corpo que permita interpretar con naturalidade o repertorio do curso, a través da profundización no coñecemento do contacto co instrumento.

→ Coñecer as características e as posibilidades sonoras do instrumento e sabelas empregar dentro das exixencias do nivel, para poder combinalas en favor dun resultado sonoro consciente, a través da interpretación dun repertorio adecuado.

→ Adoptar unha maior coordinación, independencia e sincronización de movementos dos diferentes elementos articulatorios que interveñen na execución instrumental, que permita interpretar un repertorio dun nivel adecuado ao curso. Desenvolver a velocidade e flexibilidade dos dedos.

→ Demostrar o uso dun pulso definido e interiorizar o uso da respiración a través da reflexión e determinación individual.

→ Desenvolver as capacidades referentes ao control do fol que permitan acadar, cunha autonomía progresivamente maior, a consecución dunha adecuada calidade do son, a execución dos diferentes tipos de produción e cese do son, unha axeitada acentuación de fol e a realización dos diferentes efectos propios do instrumento.

→ Profundar no dominio dunha técnica axeitada para a execución de diferentes tipos de articulación dixital, para acadar unha adecuada calidade do son asociada ao estilo das diferentes obras do repertorio.

→ Desenvolver as capacidades técnico-interpretativas do alumnado para que, a través dos coñecementos adquiridos, poida aplicar con autonomía progresivamente maior os distintos criterios de dixitación, organización do fol, rexistración, dinámica e fraseo.

→ Interpretar un repertorio que inclúa obras representativas de diferentes épocas e estilos, de dificultade adecuada ao nivel do curso. Profundar no coñecemento de repertorio, compositores e intérpretes relacionados co instrumento.
→ Coñecer e recoñecer auditivamente as diversas convencións interpretativas vixentes nos distintos períodos da historia da música instrumental, especialmente as referidas á escritura rítmica, á articulación, á ornamentación e as grafías contemporáneas.
→ Examinar e coñecer a forma musical e comprender a estrutura harmónica correspondente ás pezas do repertorio que se traballa, a través da súa análise e aplicación da mesma á interpretación, para conseguir unha perspectiva xeral de cada obra.
→ Demostrar un correcto hábito de estudo que permita unha montaxe fluída do repertorio programado.
→ Empregar de xeito cotiá os diferentes tipos de memoria no estudo persoal e na interpretación musical.
→ Ler a primeira vista de maneira fluída textos musicais propios do nivel do curso e aplicar, con autonomía progresivamente maior, os aspectos, as técnicas e as estratexias necesarias para dito propósito.
→ Desenvolver de maneira continuada e progresiva a capacidade de improvisación co acordeón.
→ Desenvolver a capacidade artística participando nos recitais e audicións públicas programadas ao longo do curso con autocontrol, dominio da memoria e capacidade comunicativa.
→ Demostrar control na interpretación musical, a través da observación dos factores que interveñen na mesma, para conseguir un apropiado resultado final.
→ Adquirir o hábito de escoitar música de maneira consciente e asistir a concertos ou recitais para formar a propia cultura musical e establecer un concepto estético que permita fundamentar e desenvolver os criterios interpretativos propios.

8.8.2 Contidos

→ Adopción e mantemento dunha axeitada posición corporal que permita a correcta colocación do instrumento e unha execución instrumental con naturalidade.
→ Comprensión das características e das posibilidades sonoras do instrumento. Incidencia das características morfolóxicas e acústicas do instrumento na interpretación. Orixes, antecedentes e evolución do acordeón.
→ Desenvolvemento da coordinación, independencia, simultaneidade e sincronización dos diferentes elementos articulatorios que interveñen na execución instrumental.
→ Uso e mantemento dun pulso estable no transcurso da interpretación. Control rítmico. Respecto polas indicacións de tempo, agóxica e carácter.
→ Desenvolvemento da técnica de fol: control da presión e da calidade do son; organización autónoma do fol, precisión nos cambios de fol; ataque, mantemento e cese do son; execución de efectos acústicos propios do instrumento: bellows shake binario e ternario, ricochet, diferentes tipos de execución do vibrato, distorsións en notas graves do MI.
→ Técnica de fol para o desenvolvemento da gama sonora. Dinámica, equilibrio dos niveis e calidade do son resultante.
→ Profundamento na técnica de acentuación de fol.
→ Estudo dos diferentes tipos de articulación. Perfeccionamento da técnica de base a través do observación atenta e o control auditivo. Variedade de modos de ataque dixital.

→ Interpretación dun repertorio que inclúa obras representativas de diferentes épocas, estilos e escolas acordeonísticas. Interpretación de música contemporánea. Práctica de conxunto.
→ Interpretación dun repertorio acorde ao nivel do curso que inclúa textura monofónica, homofónica, polifónica a dúas e tres voces, melodía acompañada e contrapunto a dúas e tres voces.
→ Execución de estudos e exercicios técnicos orientados a traballar as dificultades do repertorio programado.
→ Coñecemento das características principais dos diferentes períodos e estilos musicais. Coñecemento básico, recoñecemento auditivo e aplicación das súas convencións interpretativas.
→ Profundamento no coñecemento de repertorio, compositores e intérpretes relacionados co acordeón.
→ Dixitación de pasaxes musicais do nivel. Principios xerais e os factores que a condicionan. Hábito de dixitar sempre as obras. Realización da dixitación elixida.
→ Profundamento no estudo da rexistración.
→ O fraseo e a súa adecuación aos diferentes estilos. Emprego do fraseo como recurso expresivo.
→ Estudo dos sistemas de escritura e das grafías propias do instrumento. Continuación do estudo das grafías da música contemporánea.
→ Respecto ás indicacións da partitura. Interpretación fiel ás características de estilo, estrutura e fraseo dunha obra musical.
→ Análise estilística e estrutural do repertorio. Comprensión formal, rítmica e harmónica. Aplicación práctica na interpretación.
→ Desenvolvemento de estratexias e hábitos de estudo correctos.
→ Adestramento permanente e progresivo da memoria visual, auditiva, muscular e analítica.
→ Memorización dunha parte do repertorio do curso para ser interpretado en público.
→ Práctica da lectura a primeira vista. Aplicación dos aspectos, técnicas e estratexias necesarias para dito propósito.
→ Improvisación de pequenos fragmentos musicais fundamentada en patróns melódico-rítmicos simples, estruturas harmónicas e procesos cadenciais básicos, ampliación no uso de acordes de cada función tonal, e textura monofónica e melodía acompañada. Desenvolvemento de acompañamentos sinxelos.
→ Interpretación en público dun repertorio variado con dominio da memoria e capacidade comunicativa. Aplicación de mecanismos de concentración e autocontrol. Aplicación do protocolo de concerto, tanto de intérprete coma de público.
→ Desenvolvemento do hábito de acadar control interpretativo e unha boa calidade do son a través da escoita consciente e autocrítica durante a interpretación. Desenvolvemento do hábito de escoitar outras voces e instrumentos adaptándose ao grupo na práctica musical en conxunto. Adecuación dinámica ao grupo.
→ Fomento do hábito de escoitar diferentes tipos de música —tanto gravada coma en directo— de forma consciente con frecuencia. Predisposición ao incremento dos propios horizontes musicais. Xuízo crítico e racional do escoitado.
→ Audicións comparadas de diferentes interpretacións dunha mesma obra por distintos intérpretes. Análise crítico das características das diferentes versións. Audición de gravacións das interpretacións realizadas polo alumnado e análise das mesmas.

8.8.3 Avaliación

A avaliación é un proceso sistemático de indagación e comprensión da realidade educativa que pretende emitir un xuízo de valor orientado á toma de decisións e á mellora. Tal e como recolle o Decreto 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música, levarase a cabo tendo en conta os obxectivos e os criterios de avaliación establecidos no currículo e será continua e integradora. Así mesmo, servirá para a mellora tanto dos procesos de ensino como da propia práctica docente.

Asemade, de acordo coa Orde do 8 de febreiro de 2008, pola que se regula a avaliación e cualificación do alumnado que cursa as ensinanzas profesionais de música, na avaliación do proceso de aprendizaxe consideraranse as características propias do alumnado e o contexto sociocultural do centro. O alumnado ten dereito a ser avaliado conforme a criterios de plena obxectividade e a coñecer os resultados das súas aprendizaxes, de xeito que a información obtida contribúa á mellora do seu proceso educativo. Tamén poderá solicitar ao profesorado responsable da materia aclaracións sobre as avaliacións realizadas. Así mesmo, terá dereito a coñecer os procedementos formais de avaliación, a súa natureza, aplicación e criterios de corrección.

Criterios de avaliación

Os criterios de avaliación concretan as aprendizaxes que se valorarán ao longo do curso. Cada criterio desenvólvese mediante varios indicadores de logro, que permiten observar e valorar de maneira máis precisa o grao de adquisición das aprendizaxes correspondentes.

Cada indicador será valorado mediante unha rúbrica organizada en cinco franxas de cualificación: **1–2, 3–4, 5–6, 7–8 e 9–10**. Asignarase a franxa máis alta cuxo descritor quede suficientemente demostrado polas evidencias dispoñibles. Dentro de cada franxa, o valor inferior corresponderá a un desempeño máis irregular ou menos consistente, e o superior ao mesmo nivel de logro manifestado con maior estabilidade e consistencia.

A ponderación indicada para cada indicador expresa a súa importancia relativa dentro do criterio de avaliación ao que pertence.

CE1. Adaptar con autonomía a relación corpo-instrumento ás esixencias da execución, regulando de maneira funcional a posición, o movemento, o esforzo muscular, a relaxación e a respiración.

Indicadores de logro

IL1.1. Mantén unha relación corpo-instrumento estable e funcional durante a execución.
IL1.2. Realiza os movementos necesarios para a execución con liberdade.
IL1.3. Regula o esforzo muscular evitando tensións innecesarias.
IL1.4. Mantén unha respiración fluída durante a execución.
IL1.5. Corrixe os desaxustes corporais ou instrumentais que interfiren na execución.

CE2. Aplicar con precisión e autonomía a coordinación e a independencia entre manuais, os cambios de posición, os desprazamentos, a dixitación e a articulación dixital, adaptándoos ás esixencias das diferentes texturas e pasaxes do repertorio.

Indicadores de logro

IL2.1. Coordina con precisión a acción dos manuais nas diferentes texturas do repertorio.
IL2.2. Mantén a independencia entre os manuais cando realizan funcións diferenciadas.

IL2.3. Realiza os cambios de posición con seguridade e continuidade.
IL2.4. Realiza os desprazamentos con seguridade e continuidade.
IL2.5. Selecciona con autonomía dixitacións adecuadas ás características das pasaxes.
IL2.6. Adapta con autonomía a articulación dixital ás esixencias técnicas das diferentes pasaxes.
IL2.7. Mantén unha mobilidade dixital adecuada ás esixencias técnicas do repertorio.

CE3. Controlar con autonomía o fol e a produción sonora de acordo coas esixencias do repertorio do curso, mantendo un son estable e de calidade e realizando con control os cambios de dirección, os ataques e extincións, a dinámica, a acentuación, os rexistros e os recursos sonoros correspondentes ao nivel.

Indicadores de logro
IL3.1. Controla con autonomía o movemento do fol durante a execución.
IL3.2. Realiza os cambios de dirección do fol sen interromper a continuidade sonora.
IL3.3. Mantén a estabilidade da produción sonora.
IL3.4. Obtén unha calidade sonora adecuada ás esixencias do repertorio.
IL3.5. Controla con claridade os ataques e as extincións do son.
IL3.6. Realiza con autonomía as variacións dinámicas requiridas polo repertorio.
IL3.7. Realiza con autonomía as acentuacións de fol requiridas polo repertorio.
IL3.8. Emprega correctamente os rexistros requiridos polo repertorio.
IL3.9. Executa con autonomía os demais recursos e efectos sonoros correspondentes ao curso.

CE4. Controlar con estabilidade o pulso, a precisión rítmica, a continuidade e o tempo, realizando con control os cambios de tempo e as modificacións agóxicas requiridas polo repertorio do curso.

Indicadores de logro
IL4.1. Mantén un pulso estable durante a interpretación.
IL4.2. Executa con precisión os elementos e estruturas rítmicas do repertorio.
IL4.3. Mantén a continuidade temporal da interpretación.
IL4.4. Mantén con estabilidade o tempo establecido.
IL4.5. Realiza con control os cambios de tempo requiridos polo repertorio.
IL4.6. Realiza con control as modificacións agóxicas requiridas polo repertorio.

CE5. Interpretar con autonomía obras completas do repertorio adecuado ao nivel do curso, mantendo a continuidade e o control global e integrando de maneira coherente os recursos técnicos e musicais.

Indicadores de logro
IL5.1. Mantén a continuidade ao longo da interpretación da obra.
IL5.2. Integra de maneira coherente os recursos técnicos e musicais durante a interpretación.
IL5.3. Mantén unha realización estable ao longo das diferentes seccións da obra.
IL5.4. Sostén con autonomía a interpretación completa da obra.

CE6. Aplicar con autonomía á interpretación a comprensión da estrutura, o carácter e o estilo das obras e as convencións interpretativas correspondentes, adoptando e fundamentando decisións interpretativas coherentes.

Indicadores de logro

IL6.1. Emprega con autonomía a comprensión da estrutura para organizar a interpretación.
IL6.2. Mantén un carácter coherente coas características da obra.
IL6.3. Aplica con autonomía as convencións interpretativas correspondentes ao estilo e á época da obra.
IL6.4. Organiza con autonomía o fraseo de maneira coherente coa obra.
IL6.5. Adopta con autonomía decisións interpretativas dentro das marxes de flexibilidade que ofrece o texto musical.
IL6.6. Fundamenta as decisións interpretativas adoptadas.

CE7. Ler a primeira vista textos adecuados ao nivel do curso empregando con autonomía a observación previa e a anticipación da información relevante, aplicando con seguridade a notación musical e acordeonística e mantendo unha lectura fluída e coherente.

Indicadores de logro
IL7.1. Realiza con autonomía unha observación previa eficaz da partitura antes de iniciar a lectura.
IL7.2. Anticipa durante a lectura a información relevante para continuar a execución.
IL7.3. Descodifica con seguridade as alturas, o ritmo e a escritura acordeonística presentes no texto.
IL7.4. Mantén unha lectura fluída, evitando interrupcións innecesarias.
IL7.5. Integra na lectura as indicacións expresivas presentes na partitura.

CE8. Interpretar de memoria repertorio adecuado ao nivel do curso cunha memoria estable e recuperable, xestionando con autonomía as estratexias de memorización e recuperación máis adecuadas ás características das obras.

Indicadores de logro
IL8.1. Interpreta de memoria o repertorio establecido sen depender da partitura.
IL8.2. Mantén con estabilidade a información memorizada durante a interpretación.
IL8.3. Recupera a continuidade ante fallos de memoria.
IL8.4. Selecciona con autonomía estratexias de memorización adecuadas ás características da obra.
IL8.5. Selecciona con autonomía estratexias de recuperación adecuadas.
IL8.6. Emprega a comprensión da obra como apoio á consolidación da memoria.

CE9. Xestionar con autonomía o estudo do repertorio, identificando as causas das dificultades, seleccionando e aplicando estratexias adecuadas e reorientando o traballo en función dos resultados obtidos.

Indicadores de logro
IL9.1. Establece con autonomía as prioridades do estudo.
IL9.2. Identifica as causas das dificultades técnicas e interpretativas.
IL9.3. Selecciona con autonomía estratexias adecuadas ás causas identificadas.
IL9.4. Aplica de maneira sistemática as estratexias seleccionadas.
IL9.5. Avalía a eficacia do traballo realizado.
IL9.6. Reorienta con autonomía o procedemento cando os resultados o requiren.

CE10. Analizar con autonomía crecente interpretacións propias e alleas, discriminando os aspectos relevantes do resultado e comparando de maneira fundamentada diferentes realizacións.

Indicadores de logro

IL10.1. Analiza con autonomía aspectos relevantes da propia interpretación.
IL10.2. Analiza con autonomía aspectos relevantes de interpretacións alleas.
IL10.3. Compara diferentes realizacións interpretativas atendendo aos elementos percibidos.
IL10.4. Fundamenta as comparacións realizadas mediante criterios musicais adecuados ao nivel.

CE11. Improvisar con autonomía a partir de marcos rítmicos, melódicos e harmónicos adecuados ao nivel, organizando un discurso musical coherente.

Indicadores de logro
IL11.1. Desenvolve con autonomía os materiais empregados na improvisación.
IL11.2. Adapta con autonomía o material improvisado ao marco harmónico proposto.
IL11.3. Organiza con autonomía o discurso improvisado.
IL11.4. Mantén a continuidade do discurso improvisado.

CE12. Xestionar con autonomía a situación de actuación pública en repertorio adecuado ao nivel, mantendo a concentración, o autocontrol, unha presenza escénica natural e a comunicación musical durante toda a actuación.

Indicadores de logro
IL12.1. Mantén de maneira estable a concentración durante toda a actuación.
IL12.2. Mantén de maneira estable o autocontrol durante toda a actuación.
IL12.3. Mantén unha presenza escénica natural durante a actuación.
IL12.4. Mantén a comunicación musical ao longo da actuación.
IL12.5. Xestiona con autonomía as incidencias que xorden durante a actuación.

CE13. Integrarse con autonomía na interpretación de conxunto, adaptando de maneira flexible a propia execución ás necesidades temporais, sonoras e expresivas do grupo e á función desempeñada en cada momento.

Indicadores de logro
IL13.1. Responde durante a interpretación ás referencias relevantes procedentes do conxunto.
IL13.2. Coordina con autonomía a propia execución co tempo común do conxunto.
IL13.3. Axusta con autonomía o nivel dinámico da propia parte ao equilibrio sonoro do conxunto.
IL13.4. Adapta con autonomía o fraseo da propia parte ao fraseo común.
IL13.5. Adapta con autonomía a articulación da propia parte á articulación común.
IL13.6. Adecua con autonomía o grao de protagonismo da propia parte á función que desempeña no conxunto.

Mínimos esixibles
Para superar a materia será necesario, ademais de obter unha cualificación global ponderada igual ou superior a 5, alcanzar como mínimo a franxa 5–6 en todos os indicadores establecidos como mínimos de logro e cumprir os mínimos de realización do curso.

Mínimos de logro

IL1.3. Regula o esforzo muscular evitando tensións innecesarias.
IL2.1. Coordina con precisión a acción dos manuais nas diferentes texturas do repertorio.
IL2.5. Selecciona con autonomía dixitacións adecuadas ás características das pasaxes.
IL3.1. Controla con autonomía o movemento do fol durante a execución.

IL3.4. Obtén unha calidade sonora adecuada ás esixencias do repertorio.
IL4.1. Mantén un pulso estable durante a interpretación.
IL4.2. Executa con precisión os elementos e estruturas rítmicas do repertorio.
IL5.1. Mantén a continuidade ao longo da interpretación da obra.
IL6.4. Organiza con autonomía o fraseo de maneira coherente coa obra.

Para considerar alcanzado cada un destes mínimos será necesario obter como mínimo unha valoración correspondente á franxa 5–6 da súa rúbrica.

Mínimos de realización

O alumnado deberá cumprir, ademais, os seguintes mínimos de realización:

→ Traballar e interpretar ao longo do curso un repertorio formado por un mínimo de 3 obras adecuadas ao nivel de 4º de Grao Profesional.
→ Interpretar de memoria, como mínimo, unha das obras do repertorio traballado durante o curso.
→ Participar como intérprete en polo menos dúas das audicións públicas organizadas polo centro ao longo do curso, aplicando as pautas propias da actuación pública, salvo causa xustificada ou imposibilidade organizativa allea ao alumnado.

Procedementos e instrumentos de avaliación

Entre os procedementos de avaliación teranse en conta os seguintes:

→ Observación sistemática, diaria e directa do traballo e das interpretacións realizadas na aula.
→ Observación e análise das interpretacións realizadas en audicións e outras actividades públicas.
→ Análise das producións e traballos realizados polo alumnado, incluídas, cando proceda, gravacións ou outras evidencias que permitan valorar a súa evolución.

Como instrumentos de avaliación empregaranse:

→ Caderno de aula do profesor.
→ Rúbricas de avaliación.
→ Listas de cotexo.

Os diferentes procedementos e instrumentos utilizaranse en función dos criterios de avaliación e dos indicadores de logro que se pretendan valorar.

Temporalización da avaliación

Segundo o momento no que se recolla a información, a avaliación será:

→ **Inicial:** permitirá coñecer a situación de partida do alumnado e orientar a planificación do proceso de ensino-aprendizaxe. Realizarase ao comezo do curso e, cando resulte necesario, ao iniciar novos procesos de aprendizaxe, mediante a observación e actividades de carácter práctico ou oral.
→ **Continua:** permitirá identificar os logros e as dificultades que vaian aparecendo ao longo do curso, realizar un seguimento da evolución do alumnado e introducir as medidas necesarias para favorecer a súa aprendizaxe. A información recollerase de maneira sistemática mediante os procedementos e instrumentos de avaliación establecidos.
→ **Final:** permitirá valorar, ao remate do proceso, o grao de adquisición das aprendizaxes previstas para o curso a partir do conxunto das evidencias recollidas durante a avaliación continua.

Para garantir unha avaliación continua e obxectiva será necesaria a recollida de evidencias suficientes ao longo do curso. Cando, como consecuencia dunha asistencia insuficiente ou por outras circunstancias, non se dispoña de evidencias suficientes para valorar un ou varios criterios de avaliación ou indicadores de logro, realizaranse as actividades ou probas específicas necesarias para obter esas evidencias. En todo caso, as evidencias así obtidas valoraranse de acordo cos mesmos criterios de avaliación, indicadores de logro e rúbricas establecidos para o curso, sen alterar os mínimos esixibles nin os criterios de cualificación.

Criterios de cualificación

A cualificación obterase a partir da valoración dos criterios de avaliación e dos seus indicadores de logro.

Cada indicador será valorado nunha escala de 1 a 10 mediante a rúbrica correspondente. A cualificación de cada criterio calcularase aplicando a ponderación establecida para os seus indicadores e, posteriormente, aplicaranse as porcentaxes asignadas aos distintos criterios para obter a cualificación global.

En **4º de Grao Profesional**, os criterios de avaliación terán a seguinte ponderación:

Criterio de avaliación	Ponderación
CE1	5 %
CE2	10 %
CE3	15 %
CE4	10 %
CE5	15 %
CE6	10 %
CE7	5 %
CE8	5 %
CE9	5 %
CE10	5 %
CE11	5 %
CE12	5 %
CE13	5 %
Total	**100 %**

As cualificacións trimestrais reflectirán o nivel de logro alcanzado polo alumnado no momento de cada avaliación. Cando nun trimestre aínda non se dispoña de evidencias suficientes para valorar algún criterio ou indicador, a cualificación calcularase proporcionalmente a partir dos que puideron ser avaliados.

A cualificación final reflectirá o grao de logro alcanzado ao remate do curso nos diferentes criterios de avaliación e indicadores de logro, tendo en conta o conxunto das evidencias recollidas durante o proceso de avaliación continua. Para determinar este nivel considerarase o desempeño que o alumnado mostre de maneira representativa e suficientemente estable, polo que un resultado puntual de nivel superior non determinará por si só a cualificación final.

De acordo coa Orde do 8 de febreiro de 2008, pola que se regula a avaliación e cualificación do alumnado que cursa as ensinanzas profesionais de música, a cualificación final será consecuencia da valoración das aprendizaxes específicas da materia e da madureza académica acadada polo alumnado

en relación cos obxectivos xerais das ensinanzas de música, no marco do proceso de avaliación continua.

Para superar a materia será necesario cumprir simultaneamente os seguintes requisitos:

→ obter unha cualificación global ponderada igual ou superior a 5;
→ alcanzar, como mínimo, a franxa 5–6 en todos os indicadores establecidos como mínimos de logro;
→ cumprir os mínimos de realización establecidos para o curso.

O cumprimento dos mínimos de realización comprobarase na avaliación final.

Cando a cualificación global ponderada sexa igual ou superior a 5 pero non se cumpra algún dos mínimos de logro ou de realización establecidos para o curso, a cualificación final será 4.

O resultado da avaliación final expresarase mediante unha escala numérica de 1 a 10, sen decimais. Considerararanse positivas as cualificacións iguais ou superiores a 5 e negativas as inferiores a 5. Para obter unha cualificación positiva será necesario alcanzar unha cualificación global ponderada igual ou superior a 5 antes de expresala sen decimais; unha cualificación inferior a 5 non poderá converterse en positiva por efecto do redondeo.

Para o alumnado con avaliación negativa, o profesor da materia elaborará un informe sobre os obxectivos e contidos non acadados, indicando tamén os criterios de avaliación e indicadores de logro que requiran recuperación e propoñendo as actividades necesarias para a súa superación.

Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

Como recolle o artigo 15º do Decreto 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música, é competencia do consello escolar de cada centro autorizar, con carácter excepcional, a ampliación de matrícula ao curso seguinte do alumnado que, logo da orientación do profesorado, así o solicite, sempre que o informe da totalidade do profesorado do alumno ou da alumna xustifique, conforme criterios obxectivos, a súa adecuada capacidade de aprendizaxe do curso actual e daquel ao cal aspire a acceder.

Na materia de Acordeón, a valoración desta capacidade terá en conta o grao de adquisición dos criterios de avaliación e indicadores de logro do curso actual, así como a evolución, autonomía e capacidade do alumnado para afrontar as aprendizaxes do curso seguinte. Cando se considere necesario completar as evidencias dispoñibles, poderá realizarse unha proba ou actividade específica de avaliación.

8.8.4 Medidas de recuperación

Procedementos de recuperación ordinarios

Dado o carácter continuo da avaliación, a recuperación das aprendizaxes non acadadas desenvolverase ao longo do propio proceso de ensino-aprendizaxe. O profesor identificará os criterios de avaliación e indicadores de logro nos que o alumnado presente dificultades e proporá as actividades de reforzo, revisión ou estudo que resulten necesarias.

A recuperación poderá realizarse mediante a revisión do repertorio e dos exercicios traballados, a realización de novas actividades, a adaptación das estratexias de estudo ou outras tarefas que permitan

superar as dificultades detectadas. Cando sexa necesario, recolleranse novas evidencias para comprobar o grao de logro alcanzado.

Poderán empregarse tamén, cando estean dispoñibles e se consideren adecuados, outros recursos de apoio ou reforzo organizados polo centro.

Probas extraordinarias

O alumnado que non supere a materia na avaliación ordinaria poderá realizar unha proba extraordinaria na que deberá demostrar o grao de adquisición dos criterios de avaliación e indicadores de logro establecidos para o curso.

Para a realización da proba, o alumnado deberá presentar un repertorio de 3 obras adecuadas ao nivel de 4º de Grao Profesional, previamente acordado co profesor da materia. Polo menos unha delas deberá interpretarse de memoria.

A proba incluirá tamén unha actividade de lectura a primeira vista adecuada ao nivel e unha actividade de improvisación a partir de materiais rítmicos, melódicos ou harmónicos adecuados ao curso.

Cando sexa necesario, realizaranse outras actividades prácticas ou orais que permitan obter evidencias dos criterios de avaliación ou indicadores de logro que non poidan valorarse suficientemente mediante as actividades anteriores.

A interpretación do repertorio realizarase nunha situación formal de actuación, sen necesidade de presenza de público, que permita valorar os aspectos correspondentes á interpretación pública. Así mesmo, realizarase unha breve actividade de interpretación de conxunto, adaptada aos medios dispoñibles, que permita valorar os indicadores relativos á escoita, integración e coordinación co grupo.

A avaliación da proba realizarase empregando os mesmos criterios de avaliación, indicadores de logro, rúbricas e ponderacións establecidos para o curso.

Para superar a proba será necesario cumprir simultaneamente os seguintes requisitos:

→ obter unha cualificación global ponderada igual ou superior a 5;
→ alcanzar, como mínimo, a franxa 5–6 en todos os indicadores establecidos como mínimos de logro;
→ cumprir os mínimos de realización adaptados á proba extraordinaria: presentar o repertorio esixido, interpretar as tres obras e realizar polo menos unha delas de memoria.

Cando a cualificación global ponderada sexa igual ou superior a 5 pero non se cumpra algún destes requisitos, a cualificación da proba extraordinaria será 4.

O resultado expresarase mediante unha escala numérica de 1 a 10, sen decimais. Para obter unha cualificación positiva será necesario alcanzar unha cualificación global ponderada igual ou superior a 5 antes de expresala sen decimais; unha cualificación inferior a 5 non poderá converterse en positiva por efecto do redondeo.

Se o alumno ou alumna non comparece á proba extraordinaria, consignarase como Non Presentado (NP), coa consideración que estableza a normativa aplicable.

8.8.5 Recursos didácticos

- Angelis, Franck: *Soliloque*. Ed. Bèrben.

- Fugazza, Felice: *Preludio e Fuga*. Ed. Bèrben.
- Kunz, Hans: *Toccata*. Ed. Musikverlag Josef Preissler.
- Lundquist, Torbjörn: *Sonatina Piccola*. Ed. Hohner Verlag Trossingen.
- Rosenetzki, Ernst-Günter: *Fantasie nº1*. Ed. VEB Deutscher Verlag für Musik.
- Scarlatti, Domenico: *Sonatas para clave*. Ed. Ricordi.
- Siara, Siegfried: *Suite à la Jazz*. Ed. VEB Deutscher Verlag für Musik.
- Zolotaryov, Vladislav: *Monasterio de Firaponte*. Ed. Intermusik Smülling.

8.9 Curso: 5º Grao Profesional

8.9.1 Obxectivos

→ Adoptar e manter no tempo unha posición equilibrada do corpo que permita interpretar con naturalidade o repertorio do curso, manifestando dominio no coñecemento e aplicación do contacto co instrumento.

→ Coñecer as características e as posibilidades sonoras do instrumento e demostrar o seu uso dentro das exixencias do nivel, para poder combinalas en favor dun resultado sonoro consciente, a través da interpretación dun repertorio adecuado.

→ Adoptar unha maior coordinación, independencia e sincronización de movementos dos diferentes elementos articulatorios que interveñen na execución instrumental, que permita interpretar un repertorio dun nivel adecuado ao curso. Manifestar velocidade e flexibilidade dos dedos.

→ Ser capaz de manter un pulso constante, así como de interpretar correctamente os cambios de tempo. Amosar dominio na relación da respiración e a interpretación musical e o fraseo.

→ Demostrar capacidades referentes ao control do fol que permitan acadar a consecución dunha adecuada calidade do son, a execución dos diferentes tipos de produción e cese do son, unha axeitada acentuación de fol, a execución da dinámica e a realización dos diferentes efectos propios do instrumento.

→ Aplicar con dominio e total autonomía os coñecementos adquiridos referentes á técnica de teclado que permita a execución dos diferentes tipos de articulación dixital, para acadar unha adecuada calidade do son asociada ao estilo das diferentes obras do repertorio.

→ Aplicar con autonomía os distintos criterios de dixitación, organización do fol, rexistración, dinámica e fraseo.

→ Interpretar e analizar un repertorio que inclúa obras representativas de diferentes épocas e estilos e de dificultade adecuada ao nivel do curso, aplicando o xuízo crítico, acadando unha boa calidade sonora e empregando a técnica ao servizo da expresividade. Profundar no coñecemento de repertorio, compositores e intérpretes relacionados co instrumento.

→ Coñecer e aplicar as diversas convencións interpretativas vixentes nas diferentes épocas a través do estudo e análise de transcricións e obras orixinais para acordeón, adaptando a articulación, pulsación e rexistración ao instrumento orixinal.

→ Comprender a forma musical e a estrutura harmónica correspondente ás pezas do repertorio que se traballe, a través da súa análise e aplicación da mesma á interpretación, para conseguir unha perspectiva xeral de cada obra.

→ Demostrar un correcto hábito de estudo que permita unha montaxe fluída do repertorio programado.

→ Empregar de xeito cotiá a memoria no estudo persoal e na interpretación musical, empregando diversas e variadas técnicas de memorización.
→ Ler a primeira vista con altos niveis de concentración, atención e fluidez textos musicais propios do nivel do curso, aplicando os aspectos, as técnicas e as estratexias necesarias para dito propósito.
→ Improvisar co instrumento pequenas pezas con estruturas harmónicas e procesos cadenciais básicos en diferentes estilos.
→ Desenvolver a capacidade artística participando nos recitais e audicións públicas programadas ao longo do curso con autocontrol, dominio da técnica e da memoria, e capacidade comunicativa e de expresión co instrumento. Analizar de maneira crítica a súa interpretación.
→ Adquirir o hábito de escoitar música de maneira consciente e asistir a concertos ou recitais para formar a propia cultura musical e establecer un concepto estético que permita fundamentar e desenvolver os criterios interpretativos propios.

8.9.2 Contidos

→ Adopción e mantemento dunha axeitada posición corporal que permita a correcta colocación do instrumento e unha execución instrumental con naturalidade.
→ Comprensión das características e das posibilidades sonoras do instrumento. Incidencia das características morfolóxicas e acústicas do instrumento na interpretación. Orixes, antecedentes e evolución do acordeón.
→ Desenvolvemento da coordinación, independencia, simultaneidade e sincronización dos diferentes elementos articulatorios que interveñen na execución instrumental.
→ Uso e mantemento dun pulso estable no transcurso da interpretación. Precisión nos cambios de tempo. Control rítmico. Respecto polas indicacións de tempo, agóxica e carácter.
→ Perfeccionamento da técnica de fol: control da presión e da calidade do son; organización autónoma do fol, precisión nos cambios de fol; ataque, mantemento e cese do son; execución de efectos acústicos propios do instrumento: bellows shake binario e ternario, ricochet, diferentes tipos de execución do vibrato, distorsións.
→ Perfeccionamento da técnica do fol como medio para conseguir a execución das diversas indicacións dinámicas e o equilibrio dos niveis e calidades do son resultantes. Autonomía na aplicación dos coñecementos adquiridos.
→ Perfeccionamento da técnica de acentuación de fol. Autonomía na aplicación dos coñecementos adquiridos.
→ Perfeccionamento e afondamento na execución dos diferentes tipos de articulación e acentuación de teclado a través do observación atenta e o control auditivo. Variedade de modos de ataque dixital e de pulso. Autonomía na aplicación dos coñecementos adquiridos.
→ Interpretación dun repertorio que inclúa obras representativas de diferentes épocas, estilos e escolas acordeonísticas. Interpretación de música contemporánea. Práctica de conxunto.
→ Interpretación dun repertorio acorde ao nivel do curso que inclúa textura monofónica, homofónica, polifónica a dúas e tres voces, melodía acompañada e contrapunto a tres voces.
→ Execución de estudos e exercicios técnicos orientados a traballar as dificultades do repertorio programado.
→ Profundamento no estudo das características dos diferentes períodos e estilos musicais. Autonomía na aplicación dos coñecementos adquiridos e desenvolvemento da personalidade artística.

→ Profundamento no coñecemento de repertorio, compositores e intérpretes relacionados co acordeón.
→ Desenvolvemento progresivo da autonomía e o criterio persoal na toma de decisións e resolución de problemas que afecten á interpretación a través da aplicación dos coñecementos adquiridos referentes á dixitación, organización do fol, rexistración, dinámica e fraseo.
→ Dixitación de obras e pasaxes musicais do nivel. Principios xerais e os factores que a condicionan. Hábito de dixitar sempre as obras. Realización da dixitación elixida.
→ Profundamento no estudo da rexistración.
→ O fraseo e a súa adecuación aos diferentes estilos. Emprego do fraseo como recurso expresivo.
→ Estudo dos sistemas de escritura e das grafías propias do instrumento. Estudo das grafías da música contemporánea.
→ Respecto ás indicacións da partitura. Interpretación fiel ás características de estilo, estrutura e fraseo dunha obra musical.
→ Análise estilística e estrutural do repertorio. Comprensión formal, rítmica e harmónica. Aplicación práctica na interpretación.
→ Adopción de estratexias e hábitos de estudo correctos.
→ Adestramento permanente e progresivo da memoria visual, auditiva, muscular e analítica.
→ Memorización dunha parte do repertorio do curso para ser interpretado en público.
→ Práctica da lectura a primeira vista. Aplicación dos aspectos, técnicas e estratexias destinadas a dito propósito.
→ Improvisación de pequenos fragmentos musicais fundamentada en patróns melódico-rítmicos adecuados ao nivel, estruturas harmónicas e procesos cadenciais básicos, uso dos acordes tríade pertencentes a cada función tonal, e textura monofónica e melodía acompañada. Desenvolvemento de acompañamentos sinxelos.
→ Interpretación en público dun repertorio variado con dominio da memoria e capacidade comunicativa. Dominio técnico e estilístico das obras. Aplicación de mecanismos de concentración e autocontrol. Aplicación do protocolo de concerto, tanto de intérprete coma de público.
→ Desenvolvemento do hábito de acadar control interpretativo e unha boa calidade do son a través da escoita consciente e autocrítica durante a interpretación individual e en conxunto.
→ Fomento do hábito de escoitar diferentes tipos de música —tanto gravada coma en directo— de forma consciente con frecuencia. Xuízo crítico e racional do escoitado.
→ Audicións comparadas de diferentes interpretacións dunha mesma obra por distintos intérpretes. Análise crítico das características das diferentes versións. Audición de gravacións das interpretacións realizadas polo alumnado e análise das mesmas.

8.9.3 Avaliación

A avaliación é un proceso sistemático de indagación e comprensión da realidade educativa que pretende emitir un xuízo de valor orientado á toma de decisións e á mellora. Tal e como recolle o Decreto 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música, levarase a cabo tendo en conta os obxectivos e os criterios de avaliación establecidos no currículo e será continua e integradora. Así mesmo, servirá para a mellora tanto dos procesos de ensino como da propia práctica docente.

Asemade, de acordo coa Orde do 8 de febreiro de 2008, pola que se regula a avaliación e cualificación do alumnado que cursa as ensinanzas profesionais de música, na avaliación do proceso de aprendizaxe consideraranse as características propias do alumnado e o contexto sociocultural do centro. O alumnado ten dereito a ser avaliado conforme a criterios de plena obxectividade e a coñecer os resultados das súas aprendizaxes, de xeito que a información obtida contribúa á mellora do seu proceso educativo. Tamén poderá solicitar ao profesorado responsable da materia aclaracións sobre as avaliacións realizadas. Así mesmo, terá dereito a coñecer os procedementos formais de avaliación, a súa natureza, aplicación e criterios de corrección.

Criterios de avaliación

Os criterios de avaliación concretan as aprendizaxes que se valorarán ao longo do curso. Cada criterio desenvólvese mediante varios indicadores de logro, que permiten observar e valorar de maneira máis precisa o grao de adquisición das aprendizaxes correspondentes.

Cada indicador será valorado mediante unha rúbrica organizada en cinco franxas de cualificación: **1–2, 3–4, 5–6, 7–8 e 9–10**. Asignarase a franxa máis alta cuxo descritor quede suficientemente demostrado polas evidencias dispoñibles. Dentro de cada franxa, o valor inferior corresponderá a un desempeño máis irregular ou menos consistente, e o superior ao mesmo nivel de logro manifestado con maior estabilidade e consistencia.

A ponderación indicada para cada indicador expresa a súa importancia relativa dentro do criterio de avaliación ao que pertence.

CE1. Xestionar con autonomía un uso corporal seguro e eficiente durante a execución, regulando a posición, o movemento, o esforzo muscular, a relaxación e a respiración e corrixindo hábitos corporais pouco funcionais.

Indicadores de logro

IL1.1. Mantén unha relación corpo-instrumento estable e funcional durante a execución.
IL1.2. Adapta os movementos ás esixencias da execución con liberdade e eficacia.
IL1.3. Regula o esforzo muscular evitando tensións innecesarias.
IL1.4. Regula a respiración de acordo coas esixencias da execución.
IL1.5. Identifica hábitos corporais pouco funcionais durante a práctica e a execución.
IL1.6. Corrixe os hábitos corporais pouco funcionais identificados.

CE2. Xestionar con autonomía os recursos de teclado, seleccionando e adaptando solucións de coordinación, desprazamento, dixitación e articulación dixital ás esixencias técnicas do repertorio.

Indicadores de logro

IL2.1. Coordina con autonomía a acción dos manuais nas diferentes texturas do repertorio.
IL2.2. Mantén con autonomía a independencia entre os manuais cando realizan funcións diferenciadas.
IL2.3. Realiza os cambios de posición con seguridade e continuidade.
IL2.4. Realiza os desprazamentos con seguridade e continuidade.
IL2.5. Selecciona e adapta con autonomía as dixitacións ás características das pasaxes.
IL2.6. Adapta con autonomía a articulación dixital ás esixencias técnicas das diferentes pasaxes.
IL2.7. Mantén unha mobilidade dixital adecuada ás esixencias técnicas do repertorio.

CE3. Controlar con autonomía o fol e a produción sonora de acordo coas esixencias do repertorio do curso, mantendo un son estable e de calidade e realizando con control os cambios de dirección, os ataques e extincións, a dinámica, a acentuación, os rexistros e os recursos sonoros correspondentes ao nivel.

Indicadores de logro

IL3.1. Controla con autonomía o movemento do fol durante a execución.
IL3.2. Realiza os cambios de dirección do fol sen interromper a continuidade sonora.
IL3.3. Mantén a estabilidade da produción sonora.
IL3.4. Obtén unha calidade sonora adecuada ás esixencias do repertorio.
IL3.5. Controla con claridade os ataques e as extincións do son.
IL3.6. Realiza con autonomía as variacións dinámicas requiridas polo repertorio.
IL3.7. Realiza con autonomía as acentuacións de fol requiridas polo repertorio.
IL3.8. Emprega con autonomía os rexistros requiridos polo repertorio.
IL3.9. Executa con autonomía os demais recursos e efectos sonoros correspondentes ao repertorio.

CE4. Controlar con estabilidade e flexibilidade a organización temporal da interpretación, mantendo a precisión rítmica e a continuidade e realizando con control os cambios de tempo e as modificacións agóxicas requiridas polo repertorio do curso.

Indicadores de logro

IL4.1. Mantén un pulso estable durante a interpretación.
IL4.2. Executa con precisión os elementos e estruturas rítmicas do repertorio.
IL4.3. Mantén a continuidade temporal da interpretación.
IL4.4. Mantén con estabilidade o tempo establecido.
IL4.5. Realiza con control os cambios de tempo requiridos polo repertorio.
IL4.6. Realiza con control as modificacións agóxicas requiridas polo repertorio.
IL4.7. Emprega con control a flexibilidade temporal requirida pola interpretación.

CE5. Interpretar con autonomía obras completas do repertorio adecuado ao nivel do curso, mantendo a continuidade e o control global e integrando de maneira coherente os recursos técnicos e musicais.

Indicadores de logro

IL5.1. Mantén a continuidade ao longo da interpretación da obra.
IL5.2. Integra de maneira coherente os recursos técnicos e musicais durante a interpretación.
IL5.3. Mantén unha realización estable ao longo das diferentes seccións da obra.
IL5.4. Sostén con autonomía a interpretación completa da obra.

CE6. Construír con autonomía unha interpretación coherente e fundamentada a partir da comprensión da estrutura, o carácter e o estilo da obra, das convencións interpretativas e das posibilidades que ofrece o texto musical.

Indicadores de logro

IL6.1. Emprega con autonomía a comprensión da estrutura para organizar a interpretación.
IL6.2. Mantén un carácter coherente coas características da obra.
IL6.3. Aplica con autonomía as convencións interpretativas correspondentes ao estilo e á época da obra.

IL6.4. Organiza con autonomía o fraseo de maneira coherente coa obra.
IL6.5. Adopta con autonomía decisións interpretativas dentro das marxes de flexibilidade que ofrece o texto musical.
IL6.6. Fundamenta as decisións interpretativas adoptadas.

CE7. Ler con fluidez a primeira vista textos adecuados ao nivel do curso, empregando con autonomía a observación previa e a anticipación da información relevante e aplicando con seguridade a notación musical e acordeonística.

Indicadores de logro
IL7.1. Realiza con autonomía unha observación previa eficaz da partitura antes de iniciar a lectura.
IL7.2. Anticipa durante a lectura a información relevante para continuar a execución.
IL7.3. Descodifica con seguridade as alturas, o ritmo e a escritura acordeonística presentes no texto.
IL7.4. Mantén unha lectura fluída, evitando interrupcións innecesarias.
IL7.5. Integra con seguridade na lectura as indicacións expresivas presentes na partitura.

CE8. Interpretar de memoria repertorio adecuado ao nivel do curso cunha memoria estable, comprensiva e recuperable, xestionando con autonomía estratexias de memorización e recuperación adecuadas ás características das obras.

Indicadores de logro
IL8.1. Interpreta de memoria o repertorio establecido sen depender da partitura.
IL8.2. Mantén con estabilidade a información memorizada durante a interpretación.
IL8.3. Recupera a continuidade ante fallos de memoria.
IL8.4. Xestiona con autonomía estratexias de memorización adecuadas ás características da obra.
IL8.5. Xestiona con autonomía estratexias de recuperación ante posibles fallos de memoria.
IL8.6. Emprega a comprensión da obra como apoio á consolidación da memoria.

CE9. Autorregular con autonomía o estudo, establecendo prioridades, diagnosticando as dificultades, seleccionando e aplicando estratexias eficaces e optimizando o traballo a partir da avaliación dos resultados.

Indicadores de logro
IL9.1. Establece con autonomía as prioridades do estudo.
IL9.2. Diagnostica as dificultades técnicas e interpretativas que condicionan o resultado.
IL9.3. Selecciona estratexias adecuadas ás dificultades diagnosticadas.
IL9.4. Aplica con eficacia as estratexias de estudo seleccionadas.
IL9.5. Avalía os resultados do traballo realizado.
IL9.6. Optimiza o procedemento de estudo a partir dos resultados obtidos.

CE10. Avaliar mediante a escoita e a autoescoita interpretacións propias e alleas, identificando os factores audibles que condicionan o resultado e fundamentando as valoracións realizadas.

Indicadores de logro
IL10.1. Avalía mediante a autoescoita aspectos relevantes da propia interpretación.
IL10.2. Avalía aspectos relevantes de interpretacións alleas.
IL10.3. Identifica os factores audibles que condicionan o resultado.

IL10.4. Fundamenta as comparacións e valoracións realizadas mediante criterios musicais adecuados.

CE11. Improvisar con autonomía seleccionando, desenvolvendo e transformando materiais musicais e adaptándoos ao marco harmónico para construír un discurso coherente e continuo.

Indicadores de logro

IL11.1. Selecciona materiais adecuados para iniciar e desenvolver a improvisación.
IL11.2. Desenvolve musicalmente os materiais seleccionados.
IL11.3. Transforma os materiais empregados durante a improvisación.
IL11.4. Adapta o material improvisado ao marco harmónico.
IL11.5. Organiza de maneira coherente o discurso improvisado.
IL11.6. Mantén a continuidade do discurso improvisado.

CE12. Interpretar en público repertorio adecuado ao nivel do curso en actuacións de maior duración e esixencia, mantendo a concentración, o autocontrol, unha presenza escénica natural e a comunicación musical e xestionando con autonomía as incidencias que poidan producirse.

Indicadores de logro

IL12.1. Mantén a concentración durante actuacións de maior duración e esixencia.
IL12.2. Mantén o autocontrol durante actuacións de maior duración e esixencia.
IL12.3. Mantén unha presenza escénica natural durante a actuación.
IL12.4. Mantén a comunicación musical ao longo da actuación.
IL12.5. Xestiona con autonomía as incidencias que xorden durante a actuación.

CE13. Participar con autonomía na construción da interpretación de conxunto, escoitando e adaptando a propia execución ás necesidades do grupo e asumindo a iniciativa cando a función musical desempeñada o requira.

Indicadores de logro

IL13.1. Responde durante a interpretación ás referencias relevantes procedentes do conxunto.
IL13.2. Coordina con autonomía a propia execución co tempo común do conxunto.
IL13.3. Axusta con autonomía o nivel dinámico da propia parte ao equilibrio sonoro do conxunto.
IL13.4. Adapta con autonomía o fraseo da propia parte ao fraseo común.
IL13.5. Adapta con autonomía a articulación da propia parte á articulación común.
IL13.6. Adecua o grao de protagonismo da propia parte á función que desempeña no conxunto.
IL13.7. Asume a iniciativa cando a función musical que desempeña o require.

Mínimos esixibles

Para superar a materia será necesario, ademais de obter unha cualificación global ponderada igual ou superior a 5, alcanzar como mínimo a franxa 5–6 en todos os indicadores establecidos como mínimos de logro e cumprir os mínimos de realización do curso.

Mínimos de logro

IL1.3. Regula o esforzo muscular evitando tensións innecesarias.
IL2.1. Coordina con autonomía a acción dos manuais nas diferentes texturas do repertorio.
IL2.5. Selecciona e adapta con autonomía as dixitacións ás características das pasaxes.
IL3.1. Controla con autonomía o movemento do fol durante a execución.

IL3.4. Obtén unha calidade sonora adecuada ás esixencias do repertorio.
IL4.1. Mantén un pulso estable durante a interpretación.
IL4.2. Executa con precisión os elementos e estruturas rítmicas do repertorio.
IL5.1. Mantén a continuidade ao longo da interpretación da obra.
IL6.4. Organiza con autonomía o fraseo de maneira coherente coa obra.

Para considerar alcanzado cada un destes mínimos será necesario obter como mínimo unha valoración correspondente á franxa 5–6 da súa rúbrica.

Mínimos de realización

O alumnado deberá cumprir, ademais, os seguintes mínimos de realización:

→ Traballar e interpretar ao longo do curso un repertorio formado por un mínimo de 3 obras adecuadas ao nivel de 5º de Grao Profesional.
→ Interpretar de memoria, como mínimo, unha das obras do repertorio traballado durante o curso.
→ Participar como intérprete en polo menos dúas das audicións públicas organizadas polo centro ao longo do curso, mostrando capacidade comunicativa e aplicando as pautas propias da actuación pública, salvo causa xustificada ou imposibilidade organizativa allea ao alumnado.

Procedementos e instrumentos de avaliación

Entre os procedementos de avaliación teranse en conta os seguintes:

→ Observación sistemática, diaria e directa do traballo e das interpretacións realizadas na aula.
→ Observación e análise das interpretacións realizadas en audicións e outras actividades públicas.
→ Análise das producións e traballos realizados polo alumnado, incluídas, cando proceda, gravacións ou outras evidencias que permitan valorar a súa evolución.

Como instrumentos de avaliación empregaranse:

→ Caderno de aula do profesor.
→ Rúbricas de avaliación.
→ Listas de cotexo.

Os diferentes procedementos e instrumentos utilizaranse en función dos criterios de avaliación e dos indicadores de logro que se pretendan valorar.

Temporalización da avaliación

Segundo o momento no que se recolla a información, a avaliación será:

→ **Inicial:** permitirá coñecer a situación de partida do alumnado e orientar a planificación do proceso de ensino-aprendizaxe. Realizarase ao comezo do curso e, cando resulte necesario, ao iniciar novos procesos de aprendizaxe, mediante a observación e actividades de carácter práctico ou oral.
→ **Continua:** permitirá identificar os logros e as dificultades que vaian aparecendo ao longo do curso, realizar un seguimento da evolución do alumnado e introducir as medidas necesarias para favorecer a súa aprendizaxe. A información recollerase de maneira sistemática mediante os procedementos e instrumentos de avaliación establecidos.
→ **Final:** permitirá valorar, ao remate do proceso, o grao de adquisición das aprendizaxes previstas para o curso a partir do conxunto das evidencias recollidas durante a avaliación continua.

Para garantir unha avaliación continua e obxectiva será necesaria a recollida de evidencias suficientes ao longo do curso. Cando, como consecuencia dunha asistencia insuficiente ou por outras circunstancias, non se dispoña de evidencias suficientes para valorar un ou varios criterios de avaliación ou indicadores de logro, realizaranse as actividades ou probas específicas necesarias para obter esas evidencias. En todo caso, as evidencias así obtidas valoraranse de acordo cos mesmos criterios de avaliación, indicadores de logro e rúbricas establecidos para o curso, sen alterar os mínimos esixibles nin os criterios de cualificación.

Criterios de cualificación

A cualificación obterase a partir da valoración dos criterios de avaliación e dos seus indicadores de logro.

Cada indicador será valorado nunha escala de 1 a 10 mediante a rúbrica correspondente. A cualificación de cada criterio calcularase aplicando a ponderación establecida para os seus indicadores e, posteriormente, aplicaranse as porcentaxes asignadas aos distintos criterios para obter a cualificación global.

En **5º de Grao Profesional**, os criterios de avaliación terán a seguinte ponderación:

Criterio de avaliación	Ponderación
CE1	5 %
CE2	10 %
CE3	10 %
CE4	5 %
CE5	15 %
CE6	15 %
CE7	5 %
CE8	5 %
CE9	5 %
CE10	5 %
CE11	5 %
CE12	10 %
CE13	5 %
Total	**100 %**

As cualificacións trimestrais reflectirán o nivel de logro alcanzado polo alumnado no momento de cada avaliación. Cando nun trimestre aínda non se dispoña de evidencias suficientes para valorar algún criterio ou indicador, a cualificación calcularase proporcionalmente a partir dos que puideron ser avaliados.

A cualificación final reflectirá o grao de logro alcanzado ao remate do curso nos diferentes criterios de avaliación e indicadores de logro, tendo en conta o conxunto das evidencias recollidas durante o proceso de avaliación continua. Para determinar este nivel considerarase o desempeño que o alumnado mostre de maneira representativa e suficientemente estable, polo que un resultado puntual de nivel superior non determinará por si só a cualificación final.

De acordo coa Orde do 8 de febreiro de 2008, pola que se regula a avaliación e cualificación do alumnado que cursa as ensinanzas profesionais de música, a cualificación final será consecuencia da valoración das aprendizaxes específicas da materia e da madureza académica acadada polo alumnado

en relación cos obxectivos xerais das ensinanzas de música, no marco do proceso de avaliación continua.

Para superar a materia será necesario cumprir simultaneamente os seguintes requisitos:

→ obter unha cualificación global ponderada igual ou superior a 5;
→ alcanzar, como mínimo, a franxa 5–6 en todos os indicadores establecidos como mínimos de logro;
→ cumprir os mínimos de realización establecidos para o curso.

O cumprimento dos mínimos de realización comprobarase na avaliación final.

Cando a cualificación global ponderada sexa igual ou superior a 5 pero non se cumpra algún dos mínimos de logro ou de realización establecidos para o curso, a cualificación final será 4.

O resultado da avaliación final expresarase mediante unha escala numérica de 1 a 10, sen decimais. Considerararanse positivas as cualificacións iguais ou superiores a 5 e negativas as inferiores a 5. Para obter unha cualificación positiva será necesario alcanzar unha cualificación global ponderada igual ou superior a 5 antes de expresala sen decimais; unha cualificación inferior a 5 non poderá converterse en positiva por efecto do redondeo.

Para o alumnado con avaliación negativa, o profesor da materia elaborará un informe sobre os obxectivos e contidos non acadados, indicando tamén os criterios de avaliación e indicadores de logro que requiran recuperación e propoñendo as actividades necesarias para a súa superación.

Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

Como recolle o artigo 15º do Decreto 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música, é competencia do consello escolar de cada centro autorizar, con carácter excepcional, a ampliación de matrícula ao curso seguinte do alumnado que, logo da orientación do profesorado, así o solicite, sempre que o informe da totalidade do profesorado do alumno ou da alumna xustifique, conforme criterios obxectivos, a súa adecuada capacidade de aprendizaxe do curso actual e daquel ao cal aspire a acceder.

Na materia de Acordeón, a valoración desta capacidade terá en conta o grao de adquisición dos criterios de avaliación e indicadores de logro do curso actual, así como a evolución, autonomía e capacidade do alumnado para afrontar as aprendizaxes do curso seguinte. Cando se considere necesario completar as evidencias dispoñibles, poderá realizarse unha proba ou actividade específica de avaliación.

8.9.4 Medidas de recuperación

Procedementos de recuperación ordinarios

Dado o carácter continuo da avaliación, a recuperación das aprendizaxes non acadadas desenvolverase ao longo do propio proceso de ensino-aprendizaxe. O profesor identificará os criterios de avaliación e indicadores de logro nos que o alumnado presente dificultades e proporá as actividades de reforzo, revisión ou estudo que resulten necesarias.

A recuperación poderá realizarse mediante a revisión do repertorio e dos exercicios traballados, a realización de novas actividades, a adaptación das estratexias de estudo ou outras tarefas que permitan

superar as dificultades detectadas. Cando sexa necesario, recolleranse novas evidencias para comprobar o grao de logro alcanzado.

Poderán empregarse tamén, cando estean dispoñibles e se consideren adecuados, outros recursos de apoio ou reforzo organizados polo centro.

Probas extraordinarias

O alumnado que non supere a materia na avaliación ordinaria poderá realizar unha proba extraordinaria na que deberá demostrar o grao de adquisición dos criterios de avaliación e indicadores de logro establecidos para o curso.

Para a realización da proba, o alumnado deberá presentar un repertorio de 3 obras adecuadas ao nivel de 5º de Grao Profesional, previamente acordado co profesor da materia. Polo menos unha delas deberá interpretarse de memoria.

A proba incluirá tamén unha actividade de lectura a primeira vista adecuada ao nivel e unha actividade de improvisación a partir de materiais rítmicos, melódicos ou harmónicos adecuados ao curso.

Cando sexa necesario, realizaranse outras actividades prácticas ou orais que permitan obter evidencias dos criterios de avaliación ou indicadores de logro que non poidan valorarse suficientemente mediante as actividades anteriores.

A interpretación do repertorio realizarase nunha situación formal de actuación, sen necesidade de presenza de público, que permita valorar os aspectos correspondentes á interpretación pública. Así mesmo, realizarase unha breve actividade de interpretación de conxunto, adaptada aos medios dispoñibles, que permita valorar os indicadores relativos á escoita, integración e coordinación co grupo.

A avaliación da proba realizarase empregando os mesmos criterios de avaliación, indicadores de logro, rúbricas e ponderacións establecidos para o curso.

Para superar a proba será necesario cumprir simultaneamente os seguintes requisitos:

→ obter unha cualificación global ponderada igual ou superior a 5;
→ alcanzar, como mínimo, a franxa 5–6 en todos os indicadores establecidos como mínimos de logro;
→ cumprir os mínimos de realización adaptados á proba extraordinaria: presentar o repertorio esixido, interpretar as tres obras e realizar polo menos unha delas de memoria.

Cando a cualificación global ponderada sexa igual ou superior a 5 pero non se cumpra algún destes requisitos, a cualificación da proba extraordinaria será 4.

O resultado expresarase mediante unha escala numérica de 1 a 10, sen decimais. Para obter unha cualificación positiva será necesario alcanzar unha cualificación global ponderada igual ou superior a 5 antes de expresala sen decimais; unha cualificación inferior a 5 non poderá converterse en positiva por efecto do redondeo.

Se o alumno ou alumna non comparece á proba extraordinaria, consignarase como Non Presentado (NP), coa consideración que estableza a normativa aplicable.

8.9.5 Recursos didácticos

- Busseuil, Patrick: *Laetitia parc*. Ed. Semaphore.

- Dobler, Fritz: *Musik 1982*. Ed. Hohner Verlag Trossingen.
- Fancelli, Luciano: *Acquarelli Cubani*. Ed. Bèrben.
- Makkonen, Petri: *Like swans*. Ed. AMS Production.
- Messina, Russ: *A Trip to the Moon*. Ed. Waterloo.
- Olczak, Krzysztof: *Berceuse*. Ed. Ricordi.
- Precz, Bogdan: *3-3-2*. Ed. Bèrben.
- Trojan, Václav: *Die zertrümmerte Kathedrale*. Ed. Supranhon.

8.10 Curso: 6º Grao Profesional

8.10.1 Obxectivos

→ Adoptar e manter no tempo unha posición equilibrada do corpo que permita interpretar con naturalidade o repertorio do curso, manifestando dominio no coñecemento e aplicación do contacto co instrumento.

→ Coñecer as características e as posibilidades sonoras do instrumento e demostrar o seu uso dentro das exixencias do nivel, para poder combinalas en favor dun resultado sonoro consciente, a través da interpretación dun repertorio adecuado.

→ Demostrar coordinación, independencia e sincronización de movementos dos diferentes elementos articulatorios que interveñen na execución instrumental, a través da interpretación dun repertorio adecuado ao nivel do curso. Manifestar velocidade e flexibilidade dos dedos.

→ Ser capaz de manter un pulso constante, así como de interpretar correctamente os cambios de tempo. Amosar dominio na relación da respiración e a interpretación musical e o fraseo.

→ Demostrar capacidades referentes ao control do fol que permitan acadar a consecución dunha adecuada calidade do son, a execución dos diferentes tipos de produción e cese do son, unha axeitada acentuación de fol, a execución da dinámica e a realización dos diferentes efectos propios do instrumento.

→ Aplicar con dominio e total autonomía os coñecementos adquiridos referentes á técnica de teclado que permita a execución dos diferentes tipos de articulación dixital, para acadar unha adecuada calidade do son asociada ao estilo das diferentes obras do repertorio.

→ Aplicar de maneira autónoma, reflexiva e argumentada os distintos criterios de dixitación, organización do fol, rexistración, dinámica e fraseo.

→ Interpretar e analizar un repertorio que inclúa obras representativas de diferentes épocas e estilos e de dificultade adecuada ao nivel do curso, aplicando o xuízo crítico, acadando unha boa calidade sonora e empregando a técnica ao servizo da expresividade. Profundar no coñecemento de repertorio, compositores e intérpretes relacionados co instrumento.

→ Coñecer e aplicar as diversas convencións interpretativas vixentes nas diferentes épocas a través do estudo e análise de transcricións e obras orixinais para acordeón, adaptando a articulación, pulsación e rexistración ao instrumento orixinal.

→ Comprender a forma musical e a estrutura harmónica correspondente ás pezas do repertorio que se traballe, a través da súa análise e aplicación da mesma á interpretación, para conseguir unha perspectiva xeral de cada obra.

→ Demostrar un correcto hábito de estudo que permita unha montaxe fluída do repertorio programado.

→ Empregar de xeito cotiá a memoria no estudo persoal e na interpretación musical, empregando diversas e variadas técnicas de memorización.
→ Ler a primeira vista con altos niveis de concentración, atención e fluidez textos musicais propios do nivel do curso, aplicando os aspectos, as técnicas e as estratexias necesarias para dito propósito.
→ Improvisar co instrumento pequenas pezas con estruturas harmónicas e procesos cadenciais básicos en diferentes estilos.
→ Desenvolver a capacidade artística participando nos recitais e audicións públicas programadas ao longo do curso con autocontrol, dominio da técnica e da memoria, e capacidade comunicativa e de expresión co instrumento. Analizar de maneira crítica a súa interpretación.
→ Adquirir o hábito de escoitar música de maneira consciente e asistir a concertos ou recitais para formar a propia cultura musical e establecer un concepto estético que permita fundamentar e desenvolver os criterios interpretativos propios.

8.10.2 Contidos

→ Adopción e mantemento dunha axeitada posición corporal que permita a correcta colocación do instrumento e unha execución instrumental con naturalidade.
→ Comprensión das características e das posibilidades sonoras do instrumento. Incidencia das características morfolóxicas e acústicas do instrumento na interpretación. Orixes, antecedentes e evolución do acordeón.
→ Coordinación, independencia, simultaneidade e sincronización dos diferentes elementos articulatorios que interveñen na execución instrumental.
→ Adopción dun pulso estable no transcurso da interpretación. Precisión nos cambios de tempo. Control rítmico. Respecto polas indicacións de tempo, agóxica e carácter.
→ Perfeccionamento da técnica de fol: control da presión e da calidade do son; organización autónoma do fol, precisión nos cambios de fol; ataque, mantemento e cese do son; execución de efectos acústicos propios do instrumento: bellows shake binario e ternario, ricochet, diferentes tipos de execución do vibrato, distorsións.
→ Perfeccionamento da técnica do fol como medio para conseguir a execución das diversas indicacións dinámicas e o equilibrio dos niveis e calidades do son resultantes. Autonomía na aplicación dos coñecementos adquiridos.
→ Perfeccionamento da técnica de acentuación de fol. Autonomía na aplicación dos coñecementos adquiridos.
→ Perfeccionamento na execución dos diferentes tipos de articulación e acentuación de teclado a través do observación atenta e o control auditivo. Variedade de modos de ataque dixital e de pulso. Autonomía na aplicación dos coñecementos adquiridos.
→ Interpretación dun repertorio que inclúa obras representativas de diferentes épocas, estilos e escolas acordeonísticas. Interpretación de música contemporánea. Práctica de conxunto.
→ Interpretación dun repertorio acorde ao nivel do curso que inclúa textura monofónica, homofónica, polifónica a dúas e tres voces, melodía acompañada e contrapunto a tres voces.
→ Execución de estudos e exercicios técnicos orientados a traballar as dificultades do repertorio programado.

- → Estudo das características dos diferentes períodos e estilos musicais. Coñecemento, recoñecemento auditivo e aplicación das súas convencións interpretativas. Autonomía na aplicación dos coñecementos adquiridos e desenvolvemento da personalidade artística.
- → Profundamento no coñecemento de repertorio, compositores e intérpretes relacionados co acordeón.
- → Autonomía e criterio persoal na toma de decisións e resolución de problemas que afecten á interpretación a través da aplicación dos coñecementos adquiridos referentes á dixitación, organización do fol, rexistración, dinámica e fraseo.
- → Dixitación de obras e pasaxes musicais do nivel. Principios xerais e os factores que a condicionan. Hábito de dixitar sempre as obras. Realización da dixitación elixida.
- → Estudo da rexistración. Reflexión sobre a rexistración das obras. Elección da rexistración en obras onde non figuren tales indicacións.
- → O fraseo e a súa adecuación aos diferentes estilos. Emprego do fraseo como recurso expresivo.
- → Estudo dos sistemas de escritura e das grafías propias do instrumento. Estudo das grafías da música contemporánea.
- → Respecto ás indicacións da partitura. Interpretación fiel ás características de estilo, estrutura e fraseo dunha obra musical.
- → Análise estilística e estrutural do repertorio. Comprensión formal, rítmica e harmónica. Aplicación práctica na interpretación.
- → Adopción de estratexias e hábitos de estudo correctos.
- → Adestramento permanente e progresivo da memoria visual, auditiva, muscular e analítica.
- → Memorización dunha parte do repertorio do curso para ser interpretado en público.
- → Práctica da lectura a primeira vista. Aplicación dos aspectos, técnicas e estratexias destinadas a dito propósito.
- → Improvisación de pequenos fragmentos musicais fundamentada en patróns melódico-rítmicos adecuados ao nivel, estruturas harmónicas e procesos cadenciais básicos, uso dos acordes tríade pertencentes a cada función tonal, acordes de sétima de dominante e introdución de dominantes secundarias, textura monofónica e melodía acompañada. Desenvolvemento de acompañamentos sinxelos.
- → Interpretación en público dun repertorio variado con dominio da memoria e capacidade comunicativa. Dominio técnico e estilístico das obras. Aplicación de mecanismos de concentración e autocontrol. Aplicación do protocolo de concerto, tanto de intérprete coma de público.
- → Desenvolvemento do hábito de acadar control interpretativo e unha boa calidade do son a través da escoita consciente e autocrítica durante a interpretación individual e en conxunto.
- → Fomento do hábito de escoitar diferentes tipos de música —tanto gravada coma en directo— de forma consciente con frecuencia. Predisposición ao incremento dos propios horizontes musicais. Xuízo crítico e racional do escoitado.
- → Audicións comparadas de diferentes interpretacións dunha mesma obra por distintos intérpretes. Análise crítico das características das diferentes versións. Audición de gravacións das interpretacións realizadas polo alumnado e análise das mesmas.

8.10.3 Avaliación

A avaliación é un proceso sistemático de indagación e comprensión da realidade educativa que pretende emitir un xuízo de valor orientado á toma de decisións e á mellora. Tal e como recolle o Decreto 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música, levarase a cabo tendo en conta os obxectivos e os criterios de avaliación establecidos no currículo e será continua e integradora. Así mesmo, servirá para a mellora tanto dos procesos de ensino como da propia práctica docente.

Asemade, de acordo coa Orde do 8 de febreiro de 2008, pola que se regula a avaliación e cualificación do alumnado que cursa as ensinanzas profesionais de música, na avaliación do proceso de aprendizaxe consideraranse as características propias do alumnado e o contexto sociocultural do centro. O alumnado ten dereito a ser avaliado conforme a criterios de plena obxectividade e a coñecer os resultados das súas aprendizaxes, de xeito que a información obtida contribúa á mellora do seu proceso educativo. Tamén poderá solicitar ao profesorado responsable da materia aclaracións sobre as avaliacións realizadas. Así mesmo, terá dereito a coñecer os procedementos formais de avaliación, a súa natureza, aplicación e criterios de corrección.

Criterios de avaliación

Os criterios de avaliación concretan as aprendizaxes que se valorarán ao longo do curso. Cada criterio desenvólvese mediante varios indicadores de logro, que permiten observar e valorar de maneira máis precisa o grao de adquisición das aprendizaxes correspondentes.

Cada indicador será valorado mediante unha rúbrica organizada en cinco franxas de cualificación: **1–2, 3–4, 5–6, 7–8 e 9–10**. Asignarase a franxa máis alta cuxo descritor quede suficientemente demostrado polas evidencias dispoñibles. Dentro de cada franxa, o valor inferior corresponderá a un desempeño máis irregular ou menos consistente, e o superior ao mesmo nivel de logro manifestado con maior estabilidade e consistencia.

A ponderación indicada para cada indicador expresa a súa importancia relativa dentro do criterio de avaliación ao que pertence.

CE1. Xestionar con autonomía e consistencia a relación corpo-instrumento en situacións diversas, regulando os aspectos corporais da execución e anticipando e corrixindo os desaxustes que poidan interferir nela.

Indicadores de logro

IL1.1. Mantén unha relación corpo-instrumento estable e funcional en situacións diversas de execución.
IL1.2. Adapta os movementos ás esixencias da execución con liberdade e eficacia.
IL1.3. Regula con economía o esforzo muscular durante a execución.
IL1.4. Regula a respiración de acordo coas esixencias da execución.
IL1.5. Anticipa os axustes corporais necesarios ante as esixencias da execución.
IL1.6. Corrixe os desaxustes corporais que poidan interferir na execución.

CE2. Xestionar con autonomía, precisión e flexibilidade os recursos de teclado, adaptando as solucións técnicas ás características de repertorios e situacións diversas.

Indicadores de logro

IL2.1. Coordina con precisión e autonomía a acción dos manuais en texturas diversas.
IL2.2. Mantén con autonomía a independencia entre os manuais cando realizan funcións diferenciadas.
IL2.3. Adapta os cambios de posición ás características das pasaxes.
IL2.4. Adapta os desprazamentos ás características das pasaxes.
IL2.5. Selecciona e adapta con autonomía as dixitacións ás características do repertorio.
IL2.6. Adapta con precisión e flexibilidade a articulación dixital ás esixencias das diferentes pasaxes.
IL2.7. Adapta a mobilidade dixital ás esixencias técnicas de repertorios diversos.

CE3. Adaptar con autonomía o control do fol e da produción sonora ás esixencias de repertorios diversos, mantendo un son estable e de calidade e empregando con control os cambios de dirección, os ataques e extincións, a dinámica, a acentuación e os recursos sonoros requiridos por cada obra.

Indicadores de logro
IL3.1. Adapta con autonomía o movemento do fol ás esixencias da obra.
IL3.2. Realiza os cambios de dirección do fol sen interromper a continuidade sonora.
IL3.3. Mantén a estabilidade da produción sonora en repertorios diversos.
IL3.4. Obtén unha calidade sonora adecuada ás características de cada obra.
IL3.5. Adapta os ataques e as extincións ás características da obra.
IL3.6. Adapta con autonomía a dinámica ás esixencias da obra.
IL3.7. Adapta con autonomía as acentuacións de fol ás esixencias da obra.
IL3.8. Selecciona e emprega os rexistros requiridos pola obra.
IL3.9. Emprega con control os demais recursos e efectos sonoros requiridos pola obra.

CE4. Controlar con estabilidade e flexibilidade a organización temporal en repertorios diversos, mantendo a precisión rítmica e a continuidade e xestionando con autonomía os cambios de tempo e as modificacións agóxicas requiridas por cada obra.

Indicadores de logro
IL4.1. Mantén un pulso estable durante a interpretación.
IL4.2. Executa con precisión os elementos e estruturas rítmicas do repertorio.
IL4.3. Mantén a continuidade temporal da interpretación.
IL4.4. Mantén con estabilidade o tempo establecido.
IL4.5. Xestiona con autonomía os cambios de tempo requiridos pola obra.
IL4.6. Xestiona con autonomía as modificacións agóxicas requiridas pola obra.
IL4.7. Adapta con control a flexibilidade temporal ás características da interpretación.

CE5. Interpretar con autonomía e solvencia obras completas de repertorios diversos adecuados ao nivel do curso, mantendo a continuidade e o control global e integrando de maneira coherente os recursos técnicos e musicais.

Indicadores de logro
IL5.1. Mantén a continuidade ao longo da interpretación da obra.
IL5.2. Integra de maneira coherente os recursos técnicos e musicais durante a interpretación.
IL5.3. Mantén unha realización estable ao longo das diferentes seccións da obra.
IL5.4. Sostén con autonomía e solvencia a interpretación completa de repertorios diversos.

CE6. Desenvolver e soster un criterio interpretativo propio, coherente e fundamentado, respectando a estrutura, o estilo, as convencións interpretativas e as posibilidades do texto musical en repertorios diversos.

Indicadores de logro
IL6.1. Emprega a comprensión da estrutura para organizar con autonomía a interpretación.
IL6.2. Mantén un carácter coherente coas características de cada obra.
IL6.3. Aplica con autonomía as convencións interpretativas correspondentes ao estilo e á época.
IL6.4. Organiza con autonomía o fraseo de maneira coherente coas características da obra.
IL6.5. Adapta con autonomía as decisións interpretativas ás marxes de flexibilidade que ofrece cada obra.
IL6.6. Fundamenta as decisións interpretativas adoptadas.
IL6.7. Sostén un criterio interpretativo propio e coherente ao longo da obra.

CE7. Ler con solvencia e fluidez a primeira vista textos diversos adecuados ao nivel do curso, empregando con autonomía a observación previa e a anticipación da información relevante e aplicando con seguridade a notación musical e acordeonística.

Indicadores de logro
IL7.1. Realiza con autonomía unha observación previa eficaz da partitura antes de iniciar a lectura.
IL7.2. Anticipa durante a lectura a información relevante para continuar a execución.
IL7.3. Descodifica con solvencia as alturas, o ritmo e a escritura acordeonística presentes no texto.
IL7.4. Mantén unha lectura fluída e continua.
IL7.5. Integra con seguridade na lectura as indicacións expresivas presentes na partitura.

CE8. Interpretar de memoria repertorios diversos adecuados ao nivel do curso cunha memoria estable, comprensiva e recuperable, adaptando con autonomía as estratexias de memorización e recuperación ás características de cada obra.

Indicadores de logro
IL8.1. Interpreta de memoria o repertorio establecido sen depender da partitura.
IL8.2. Mantén con estabilidade a información memorizada durante a interpretación.
IL8.3. Recupera a continuidade ante fallos de memoria.
IL8.4. Adapta con autonomía as estratexias de memorización ás características de cada obra.
IL8.5. Adapta con autonomía as estratexias de recuperación ás características de cada obra.
IL8.6. Emprega a comprensión da obra como apoio á consolidación da memoria.

CE9. Aplicar un método de estudo propio e flexible, anticipando e diagnosticando as dificultades, adaptando e aplicando estratexias eficaces e reorientando o traballo en función da avaliación dos resultados.

Indicadores de logro
IL9.1. Organiza con autonomía o estudo en función das prioridades establecidas.
IL9.2. Anticipa posibles dificultades antes de abordar o traballo específico.
IL9.3. Diagnostica as causas das dificultades técnicas e interpretativas.
IL9.4. Adapta as estratexias de estudo ás características das dificultades diagnosticadas.
IL9.5. Aplica con eficacia as estratexias de estudo seleccionadas.
IL9.6. Avalía os resultados do traballo realizado.

IL9.7. Reorienta con autonomía o traballo en función dos resultados obtidos.

CE10. Avaliar mediante a escoita e a autoescoita interpretacións propias e alleas de repertorios diversos, relacionando os elementos percibidos co resultado sonoro e musical global e fundamentando as valoracións realizadas.

Indicadores de logro
IL10.1. Avalía mediante a autoescoita aspectos relevantes da propia interpretación en repertorios diversos.
IL10.2. Avalía aspectos relevantes de interpretacións alleas de repertorios diversos.
IL10.3. Relaciona os elementos percibidos co resultado sonoro e musical global.
IL10.4. Fundamenta as valoracións auditivas realizadas mediante criterios musicais adecuados.

CE11. Improvisar con autonomía e flexibilidade en contextos diversos, seleccionando, desenvolvendo e transformando materiais musicais e adaptándoos ao marco harmónico para construír un discurso coherente e continuo.

Indicadores de logro
IL11.1. Selecciona con autonomía materiais adecuados ao contexto da improvisación.
IL11.2. Desenvolve musicalmente os materiais seleccionados.
IL11.3. Transforma con flexibilidade os materiais empregados durante a improvisación.
IL11.4. Adapta o material improvisado ao marco harmónico.
IL11.5. Organiza de maneira coherente o discurso improvisado.
IL11.6. Mantén a continuidade do discurso improvisado.

CE12. Interpretar en público un programa de concerto adecuado ao nivel do curso, mantendo ao longo da actuación a concentración, o autocontrol, unha presenza escénica natural e a comunicación musical e xestionando con autonomía as incidencias que poidan producirse.

Indicadores de logro
IL12.1. Mantén a concentración durante todo o programa de concerto.
IL12.2. Mantén o autocontrol durante todo o programa de concerto.
IL12.3. Mantén unha presenza escénica natural durante a actuación.
IL12.4. Mantén a comunicación musical ao longo do programa de concerto.
IL12.5. Xestiona con autonomía e eficacia as incidencias que xorden durante a actuación.

CE13. Interactuar con autonomía e flexibilidade en formacións e repertorios diversos, adaptando a propia execución ás necesidades do conxunto e contribuíndo activamente á construción dun criterio interpretativo común.

Indicadores de logro
IL13.1. Responde durante a interpretación ás referencias relevantes procedentes do conxunto.
IL13.2. Coordina con autonomía a propia execución co tempo común do conxunto.
IL13.3. Axusta con autonomía o nivel dinámico da propia parte ao equilibrio sonoro do conxunto.
IL13.4. Adapta con autonomía o fraseo da propia parte ao fraseo común.
IL13.5. Adapta con autonomía a articulación da propia parte á articulación común.
IL13.6. Adecua o grao de protagonismo da propia parte á función que desempeña no conxunto.
IL13.7. Asume a iniciativa cando a función musical que desempeña o require.

IL13.8. Contribúe á construción dun criterio interpretativo común.

Mínimos esixibles

Para superar a materia será necesario, ademais de obter unha cualificación global ponderada igual ou superior a 5, alcanzar como mínimo a franxa 5–6 en todos os indicadores establecidos como mínimos de logro e cumprir os mínimos de realización do curso.

Mínimos de logro

IL1.3. Regula con economía o esforzo muscular durante a execución.
IL2.1. Coordina con precisión e autonomía a acción dos manuais en texturas diversas.
IL2.5. Selecciona e adapta con autonomía as dixitacións ás características do repertorio.
IL3.1. Adapta con autonomía o movemento do fol ás esixencias da obra.
IL3.4. Obtén unha calidade sonora adecuada ás características de cada obra.
IL4.1. Mantén un pulso estable durante a interpretación.
IL4.2. Executa con precisión os elementos e estruturas rítmicas do repertorio.
IL5.1. Mantén a continuidade ao longo da interpretación da obra.
IL6.3. Aplica con autonomía as convencións interpretativas correspondentes ao estilo e á época.
IL6.4. Organiza con autonomía o fraseo de maneira coherente coas características da obra.

Para considerar alcanzado cada un destes mínimos será necesario obter como mínimo unha valoración correspondente á franxa 5–6 da súa rúbrica.

Mínimos de realización

O alumnado deberá cumprir, ademais, os seguintes mínimos de realización:

- → Traballar e interpretar ao longo do curso un repertorio formado por un mínimo de 3 obras adecuadas ao nivel de 6º de Grao Profesional.
- → Interpretar de memoria, como mínimo, unha das obras do repertorio traballado durante o curso.
- → Participar como intérprete en polo menos dúas das audicións públicas organizadas polo centro ao longo do curso, mostrando capacidade comunicativa e aplicando as pautas propias da actuación pública, salvo causa xustificada ou imposibilidade organizativa allea ao alumnado.

Procedementos e instrumentos de avaliación

Entre os procedementos de avaliación teranse en conta os seguintes:

- → Observación sistemática, diaria e directa do traballo e das interpretacións realizadas na aula.
- → Observación e análise das interpretacións realizadas en audicións e outras actividades públicas.
- → Análise das producións e traballos realizados polo alumnado, incluídas, cando proceda, gravacións ou outras evidencias que permitan valorar a súa evolución.

Como instrumentos de avaliación empregaranse:

- → Caderno de aula do profesor.
- → Rúbricas de avaliación.
- → Listas de cotexo.

Os diferentes procedementos e instrumentos utilizaranse en función dos criterios de avaliación e dos indicadores de logro que se pretendan valorar.

Temporalización da avaliación

Segundo o momento no que se recolla a información, a avaliación será:

→ **Inicial:** permitirá coñecer a situación de partida do alumnado e orientar a planificación do proceso de ensino-aprendizaxe. Realizarase ao comezo do curso e, cando resulte necesario, ao iniciar novos procesos de aprendizaxe, mediante a observación e actividades de carácter práctico ou oral.

→ **Continua:** permitirá identificar os logros e as dificultades que vaian aparecendo ao longo do curso, realizar un seguimento da evolución do alumnado e introducir as medidas necesarias para favorecer a súa aprendizaxe. A información recollerase de maneira sistemática mediante os procedementos e instrumentos de avaliación establecidos.

→ **Final:** permitirá valorar, ao remate do proceso, o grao de adquisición das aprendizaxes previstas para o curso a partir do conxunto das evidencias recollidas durante a avaliación continua.

Para garantir unha avaliación continua e obxectiva será necesaria a recollida de evidencias suficientes ao longo do curso. Cando, como consecuencia dunha asistencia insuficiente ou por outras circunstancias, non se dispoña de evidencias suficientes para valorar un ou varios criterios de avaliación ou indicadores de logro, realizaranse as actividades ou probas específicas necesarias para obter esas evidencias. En todo caso, as evidencias así obtidas valoraranse de acordo cos mesmos criterios de avaliación, indicadores de logro e rúbricas establecidos para o curso, sen alterar os mínimos esixibles nin os criterios de cualificación.

Criterios de cualificación

A cualificación obterase a partir da valoración dos criterios de avaliación e dos seus indicadores de logro.

Cada indicador será valorado nunha escala de 1 a 10 mediante a rúbrica correspondente. A cualificación de cada criterio calcularase aplicando a ponderación establecida para os seus indicadores e, posteriormente, aplicaranse as porcentaxes asignadas aos distintos criterios para obter a cualificación global.

En **6º de Grao Profesional**, os criterios de avaliación terán a seguinte ponderación:

Criterio de avaliación	Ponderación
CE1	5 %
CE2	10 %
CE3	10 %
CE4	5 %
CE5	15 %
CE6	15 %
CE7	5 %
CE8	5 %
CE9	5 %
CE10	5 %
CE11	5 %
CE12	10 %
CE13	5 %
Total	**100 %**

As cualificacións trimestrais reflectirán o nivel de logro alcanzado polo alumnado no momento de cada avaliación. Cando nun trimestre aínda non se dispoña de evidencias suficientes para valorar algún criterio ou indicador, a cualificación calcularase proporcionalmente a partir dos que puideron ser avaliados.

A cualificación final reflectirá o grao de logro alcanzado ao remate do curso nos diferentes criterios de avaliación e indicadores de logro, tendo en conta o conxunto das evidencias recollidas durante o proceso de avaliación continua. Para determinar este nivel considerarase o desempeño que o alumnado mostre de maneira representativa e suficientemente estable, polo que un resultado puntual de nivel superior non determinará por si só a cualificación final.

De acordo coa Orde do 8 de febreiro de 2008, pola que se regula a avaliación e cualificación do alumnado que cursa as ensinanzas profesionais de música, a cualificación final será consecuencia da valoración das aprendizaxes específicas da materia e da madureza académica acadada polo alumnado en relación cos obxectivos xerais das ensinanzas de música, no marco do proceso de avaliación continua.

Para superar a materia será necesario cumprir simultaneamente os seguintes requisitos:

→ obter unha cualificación global ponderada igual ou superior a 5;
→ alcanzar, como mínimo, a franxa 5–6 en todos os indicadores establecidos como mínimos de logro;
→ cumprir os mínimos de realización establecidos para o curso.

O cumprimento dos mínimos de realización comprobarase na avaliación final.

Cando a cualificación global ponderada sexa igual ou superior a 5 pero non se cumpra algún dos mínimos de logro ou de realización establecidos para o curso, a cualificación final será 4.

O resultado da avaliación final expresarase mediante unha escala numérica de 1 a 10, sen decimais. Consideraranse positivas as cualificacións iguais ou superiores a 5 e negativas as inferiores a 5. Para obter unha cualificación positiva será necesario alcanzar unha cualificación global ponderada igual ou superior a 5 antes de expresala sen decimais; unha cualificación inferior a 5 non poderá converterse en positiva por efecto do redondeo.

Para o alumnado con avaliación negativa, o profesor da materia elaborará un informe sobre os obxectivos e contidos non acadados, indicando tamén os criterios de avaliación e indicadores de logro que requiran recuperación e propoñendo as actividades necesarias para a súa superación.

8.10.4 Medidas de recuperación

Procedementos de recuperación ordinarios

Dado o carácter continuo da avaliación, a recuperación das aprendizaxes non acadadas desenvolverase ao longo do propio proceso de ensino-aprendizaxe. O profesor identificará os criterios de avaliación e indicadores de logro nos que o alumnado presente dificultades e proporá as actividades de reforzo, revisión ou estudo que resulten necesarias.

A recuperación poderá realizarse mediante a revisión do repertorio e dos exercicios traballados, a realización de novas actividades, a adaptación das estratexias de estudo ou outras tarefas que permitan superar as dificultades detectadas. Cando sexa necesario, recolleranse novas evidencias para comprobar o grao de logro alcanzado.

Poderán empregarse tamén, cando estean dispoñibles e se consideren adecuados, outros recursos de apoio ou reforzo organizados polo centro.

Probas extraordinarias

O alumnado que non supere a materia na avaliación ordinaria poderá realizar unha proba extraordinaria na que deberá demostrar o grao de adquisición dos criterios de avaliación e indicadores de logro establecidos para o curso.

Para a realización da proba, o alumnado deberá presentar un repertorio de 3 obras adecuadas ao nivel de 6º de Grao Profesional, previamente acordado co profesor da materia. Polo menos unha delas deberá interpretarse de memoria.

A proba incluirá tamén unha actividade de lectura a primeira vista adecuada ao nivel e unha actividade de improvisación a partir de materiais rítmicos, melódicos ou harmónicos adecuados ao curso.

Cando sexa necesario, realizaranse outras actividades prácticas ou orais que permitan obter evidencias dos criterios de avaliación ou indicadores de logro que non poidan valorarse suficientemente mediante as actividades anteriores.

A interpretación do repertorio realizarase nunha situación formal de actuación, sen necesidade de presenza de público, que permita valorar os aspectos correspondentes á interpretación pública. Así mesmo, realizarase unha breve actividade de interpretación de conxunto, adaptada aos medios dispoñibles, que permita valorar os indicadores relativos á escoita, integración e coordinación co grupo.

A avaliación da proba realizarase empregando os mesmos criterios de avaliación, indicadores de logro, rúbricas e ponderacións establecidos para o curso.

Para superar a proba será necesario cumprir simultaneamente os seguintes requisitos:

→ obter unha cualificación global ponderada igual ou superior a 5;
→ alcanzar, como mínimo, a franxa 5–6 en todos os indicadores establecidos como mínimos de logro;
→ cumprir os mínimos de realización adaptados á proba extraordinaria: presentar o repertorio esixido, interpretar as tres obras e realizar polo menos unha delas de memoria.

Cando a cualificación global ponderada sexa igual ou superior a 5 pero non se cumpra algún destes requisitos, a cualificación da proba extraordinaria será 4.

O resultado expresarase mediante unha escala numérica de 1 a 10, sen decimais. Para obter unha cualificación positiva será necesario alcanzar unha cualificación global ponderada igual ou superior a 5 antes de expresala sen decimais; unha cualificación inferior a 5 non poderá converterse en positiva por efecto do redondeo.

Se o alumno ou alumna non comparece á proba extraordinaria, consignarase como Non Presentado (NP), coa consideración que estableza a normativa aplicable.

8.10.5 Recursos didácticos

- Bach, Johann Sebastian: *Das wohltemperierte Klavier*. Ed. Urtext.
- Fiala, Petr: *Aphorisms*. Ed. Trio-Förlaget.
- Ganzer, Jürgen: *Fantasía 84*. Ed. Bala Musik.

- Gurbindo, Fermín: *Fantasía para acordeón*. Ed. Bèrben.
- Lundquist, Torbjörn: *Partita Piccola*. Ed. Hohner Verlag Trossingen.
- Makkonen, Petri: *The Flight Beyond The Time*. Ed. Finnish Accordion Institute.
- Repnikov, Albin: *Scherzo*. Ed. Intermusik Smülling.
- Trojan, Václav: *Die zertrümmerte Kathedrale*. Ed. Supranhon.

9 Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica

Seguindo o establecido no artigo 2º da Orde do 8 de febreiro de 2008 pola que se regula a avaliación e cualificación do alumnado que cursa as ensinanzas profesionais de música, no cal se indica que a avaliación terá un carácter formativo e orientador do proceso educativo e proporcionará unha información constante que permita mellorar tanto os procesos coma os resultados da intervención educativa, desde o departamento levarase a cabo tanto a avaliación do proceso de aprendizaxe, coma a avaliación da programación didáctica e da labor docente.

Ao finalizar o curso realizarase unha avaliación co fin de analizar a adecuación dos elementos curriculares ás necesidades específicas e nivel do alumnado; a idoneidade e a adecuación entre criterios de avaliación, técnicas e procedementos, así coma entre criterios de avaliación, contidos e obxectivos; a adecuación, eficiencia e coherencia dos criterios metodolóxicos; a atención á diversidade, a adecuación das actividades aos intereses e ritmos de aprendizaxe do alumnado; os criterios para a elección de medios e recursos didácticos e a súa adecuación aos obxectivos propostos; a xestión do clima da aula e a relación co alumnado e as familias.

10 Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento

As reunións do departamento serán o foro onde se realice, de forma permanente, a avaliación interna das estratexias metodolóxicas do departamento, valorando o grao de cumprimento da programación, os resultados académicos, os resultados artísticos, etc. Todo isto, tendo en conta a idiosincrasia propia das materias do departamento —en concreto a de Acordeón—, así como a individualidade de cada un dos alumnos.

Comentarase regularmente os resultados globais de cada avaliación en calquera cuestión que os membros do departamento consideren oportuna. Trasladaranse á Comisión de Coordinación Pedagóxica os puntos que os profesores estimen necesarios. Finalmente, revisaranse as porcentaxes finais de aprobados e suspensos e unificaranse criterios para obter un óptimo desenvolvemento musical, artístico e instrumental dos alumnos.

Por outra banda, dentro desta avaliación interna, terase en conta os medios físicos e humanos cos que conta o departamento: material impreso, instrumentos e o seu estado, ordenadores, equipos de audio, software, mobiliario adecuado, orzamento para actividades, cursos, clases maxistrais, dispoñibilidade de aulas para clases de apoio, número de profesores axeitado en relación coa demanda, cursos de formación específicos para o profesorado e flexibilidade para a súa reciclaxe, flexibilidade para a realización de proxectos artísticos por parte dos profesores etc. En definitiva, os medios básicos para alcanzar un ensino profesional de calidade que permita ao profesorado e alumnado levar a cabo os obxectivos que a programación expón.

11 Anexos

11.1 Probas de acceso a 1º de Grao Profesional

1. Contido da proba

A proba de acceso ao 1º curso de Grao Profesional constará de dous exercicios:

a. Exercicio instrumental, consistente na interpretación de tres obras de diferentes estilos, adecuadas ao nivel de acceso a 1º de Grao Profesional, das cales como mínimo unha deberá interpretarse de memoria. No conxunto das tres obras deberán estar presentes tanto o MII (baixos estándar) como o MIII (baixos libres), podendo empregarse en obras diferentes ou dentro dunha mesma obra.
b. Exercicio para avaliar a capacidade auditiva e os coñecementos teóricos e prácticos da linguaxe musical, de acordo co establecido na Programación Didáctica de Linguaxe Musical.

As persoas aspirantes deberán presentarse provistas do documento acreditativo da súa identidade, do xustificante da matrícula e das partituras orixinais das obras que vaian interpretar.

Cando algunha das obras requira acompañamento musical, este correrá a cargo da persoa aspirante.

2. Criterios de avaliación do exercicio instrumental

A. Dominio técnico — 35 %

CE1. Manter de maneira estable unha posición corporal e instrumental equilibrada e funcional, realizando as correccións básicas necesarias para preservar a liberdade de movemento e evitar tensións innecesarias.

IL1.1. Mantén de maneira estable unha posición corporal equilibrada e funcional durante a interpretación.
IL1.2. Mantén unha colocación estable e funcional do acordeón sen limitar os movementos necesarios para a execución.
IL1.3. Realiza os movementos instrumentais con liberdade e economía, evitando tensións innecesarias que interfiran na execución.
IL1.4. Detecta e corrixe de maneira autónoma os desaxustes básicos da posición corporal ou instrumental que aparecen durante a interpretación.

CE3. Aplicar de maneira estable e funcional a coordinación, a independencia entre manuais, os cambios de posición e a dixitación necesarios para interpretar repertorio adecuado ao nivel.

IL3.1. Coordina de maneira estable e precisa a acción das dúas mans nas texturas propias do nivel.
IL3.2. Mantén con estabilidade a independencia entre os manuais cando realizan funcións diferenciadas.
IL3.3. Realiza cambios de posición e desprazamentos con seguridade, continuidade e control suficientes.
IL3.4. Emprega dixitacións funcionais e adecuadas ás características das pasaxes, realizando eleccións básicas con suficiente autonomía.

CE4. Controlar con precisión suficiente o fol e a articulación dixital para producir un son estable e de calidade adecuada ao nivel e realizar os recursos sonoros requiridos polo repertorio.

IL4.1. Manexa o fol con fluidez e precisión suficientes, realizando de maneira controlada os cambios de dirección requiridos polo repertorio.
IL4.2. Mantén de maneira consistente un son estable e controlado nas diferentes esixencias do repertorio.
IL4.3. Executa con claridade e precisión suficientes os distintos tipos de ataque e extinción requiridos polo repertorio.
IL4.4. Executa con precisión e estabilidade as articulacións dixitais requiridas polo repertorio.
IL4.5. Controla con precisión suficiente os matices, as gradacións dinámicas e as acentuacións de fol requiridos polo repertorio.

B. Interpretación — 35 %

CE5. Controlar de maneira estable o pulso, a precisión rítmica, a continuidade e o tempo nas diferentes esixencias do repertorio.

IL5.1. Mantén un pulso estable e controlado nas diferentes situacións rítmicas do repertorio.
IL5.2. Executa con precisión suficiente os elementos e combinacións rítmicas propios do nivel.
IL5.3. Mantén a continuidade temporal e resolve pequenos desaxustes rítmicos sen interromper innecesariamente a execución.
IL5.4. Mantén con estabilidade o tempo establecido ao longo da peza.

CE6. Interpretar o repertorio integrando de maneira coherente a estrutura, o fraseo, o carácter, o tempo e os recursos acordeonísticos básicos propios do nivel.

IL6.1. Emprega a comprensión da estrutura da peza para organizar de maneira coherente a interpretación.
IL6.2. Mantén un fraseo claro e coherente ao longo da interpretación.
IL6.3. Define e mantén con claridade o carácter das pezas interpretadas.
IL6.4. Emprega un tempo adecuado ao carácter e ás características da peza.
IL6.6. Emprega unha rexistración adecuada ás características da peza e realiza eleccións básicas coherentes.

C. Adecuación estilística — 15 %

CE6. Aplicar de maneira coherente os criterios básicos de interpretación correspondentes ao estilo das obras presentadas.

IL6.5. Aplica de maneira coherente os criterios estilísticos básicos correspondentes ás obras interpretadas.

D. Madurez musical e autonomía — 15 %

CE8. Interpretar de memoria repertorio adecuado ao nivel cunha memoria estable e recuperable.

IL8.1. Interpreta de memoria a obra seleccionada sen depender da partitura.
IL8.2. Mantén con estabilidade a secuencia memorizada e recupera a interpretación con autonomía ante pequenos fallos de memoria.

CE11. Interpretar repertorio adecuado ao nivel con seguridade, autocontrol e capacidade básica de comunicación musical.

IL11.1. Mantén o control da situación interpretativa durante toda a actuación e resolve con autonomía pequenas incidencias que poidan producirse.
IL11.2. Mostra unha presenza escénica natural e orientada á comunicación musical.

3. Criterios de cualificación

A cualificación do exercicio instrumental obterase aplicando as seguintes ponderacións:

→ Dominio técnico: 35 %.
→ Interpretación: 35 %.
→ Adecuación estilística: 15 %.
→ Madurez musical e autonomía: 15 %.

As tres obras presentadas constituirán as fontes de evidencia para a aplicación dos criterios establecidos.

O exercicio instrumental cualificarase de **0 a 10 puntos**, e será necesario obter unha cualificación mínima de **5 puntos** para superalo.

O exercicio de capacidade auditiva e linguaxe musical cualificarase igualmente de **0 a 10 puntos**, e será necesario obter unha cualificación mínima de **5 puntos** para superalo.

Unha vez superados ambos os exercicios, a cualificación definitiva da proba obterase mediante a seguinte media ponderada:

→ Exercicio instrumental: 70 %.
→ Exercicio de capacidade auditiva e linguaxe musical: 30 %.

A puntuación definitiva deberá ser igual ou superior a **5 puntos** para superar a proba.

4. Repertorio orientativo

- Bach, Johann Sebastian: *Pequeños Preludios y Fugas*. Ed. Boileau.
- Fraga, Fernando: *A man lixeira*. Ed. Dos Acordes.
- Gurbindo, Fermín: *Pequeñas piezas*. Ed. Real Musical.
- Jacobi, Wolfgang: 10 polyphone Stücke nach spanischen Volksliedern. Ed. Preissler.
- Lundquist, Torbjörn: *Neun zweistimmige Inventionen*. Ed. Hohner Verlag Trossingen.
- Makkonen, Petri: *The Dance of Four Virtuosos*. Ed. Finnish Accordion Institute.
- Pleyel, Ignace Joseph: *Rondo*. Editions Musicales André Astier.
- Przybylski, Bronislaw Kazimierz: *A Porcellain dancer*. Ed. Astra.

11.2 Probas de acceso a outros cursos

11.2.1 Proba de acceso a 2º de Grao Elemental

1. Contido da proba

A proba de acceso ao 2º curso de Grao Elemental constará de dous exercicios, ambos de carácter eliminatorio:

a. **Exercicio instrumental**, consistente en:

- interpretación de **tres obras de libre elección**, adecuadas ao nivel correspondente a 1º de Grao Elemental;
- interpretación dunha **obra ou exercicio a primeira vista** proposto polo tribunal, adecuado ao nivel.

b. **Exercicio teórico-práctico** para avaliar a capacidade auditiva e vocal, así como os coñecementos de linguaxe musical, de acordo co establecido na Programación Didáctica de Linguaxe Musical.

Cando algunha das obras requira acompañamento musical, este correrá a cargo da persoa aspirante.

2. Criterios de avaliación do exercicio instrumental

A. Dominio técnico — 50 %

CE1. Adoptar unha posición corporal e instrumental equilibrada que permita unha colocación estable do acordeón e a realización dos movementos básicos sen tensión innecesaria.

IL1.1. Adopta unha posición corporal estable e equilibrada para tocar o acordeón.

IL1.2. Coloca o acordeón de maneira estable, empregando adecuadamente os puntos básicos de apoio.

IL1.3. Realiza os movementos instrumentais básicos con suficiente liberdade e sen tensións innecesarias que dificulten a execución.

CE3. Coordinar os movementos básicos das dúas mans e aplicar os recursos técnicos elementais dos manuais necesarios para interpretar o repertorio correspondente ao nivel.

IL3.1. Coordina os movementos das dúas mans no repertorio correspondente ao nivel.
IL3.2. Realiza con independencia suficiente os movementos básicos de cada manual.
IL3.3. Realiza os cambios de posición e desprazamentos básicos requiridos polo repertorio.
IL3.4. Emprega dixitacións funcionais e adecuadas ás características das pasaxes.

CE4. Controlar o fol e a articulación para iniciar, manter e finalizar o son e realizar os contrastes dinámicos básicos propios do nivel.

IL4.1. Controla os movementos básicos de apertura e peche do fol e realiza adecuadamente os cambios de dirección.
IL4.2. Produce e mantén un son suficientemente estable e controlado.
IL4.3. Realiza de maneira diferenciada os ataques e as extincións do son requiridos polo repertorio.
IL4.4. Aplica as articulacións dixitais básicas requiridas polo repertorio.
IL4.5. Realiza os contrastes dinámicos básicos mediante o control do fol.

B. Interpretación — 40 %

CE5. Manter un pulso regular, realizar os elementos rítmicos básicos e conservar a continuidade nas interpretacións correspondentes ao nivel.

IL5.1. Mantén un pulso suficientemente regular durante a interpretación.
IL5.2. Realiza con suficiente precisión os elementos rítmicos correspondentes ao nivel.
IL5.3. Mantén a continuidade da interpretación ante pequenas dificultades ou desaxustes.

CE6. Interpretar o repertorio atendendo á estrutura básica das pezas e aplicando de maneira elemental o fraseo, o carácter e a rexistración correspondentes.

IL6.1. Reflicte na interpretación as estruturas musicais básicas das pezas.
IL6.2. Organiza as frases musicais de maneira perceptible durante a interpretación.
IL6.3. Adapta a interpretación ao carácter básico da peza.
IL6.4. Emprega unha rexistración adecuada ás necesidades básicas da peza.

CE7. Ler e interpretar a notación musical e acordeonística correspondente ao nivel, aplicando estratexias básicas de observación previa e lectura a primeira vista.

IL7.1. Recoñece e aplica as grafías musicais e acordeonísticas correspondentes ao nivel.
IL7.2. Observa previamente os elementos básicos da partitura antes de iniciar a lectura.
IL7.3. Mantén a continuidade na lectura a primeira vista de fragmentos adecuados ao nivel.
IL7.4. Integra durante a lectura as indicacións básicas da partitura, ademais das notas e do ritmo.

C. Madurez musical e autonomía básica — 10 %

CE11. Afrontar a interpretación ante o tribunal mantendo un control suficiente da actuación.

IL11.1. Mantén un control suficiente para iniciar, desenvolver e finalizar a interpretación.

3. Criterios de cualificación

A cualificación do exercicio instrumental obterase aplicando as seguintes ponderacións:

→ Dominio técnico: 50 %.
→ Interpretación: 40 %.
→ Madurez musical e autonomía básica: 10 %.

As tres obras preparadas e a lectura a primeira vista constituirán as fontes de evidencia para a aplicación dos criterios establecidos. Non se asignará unha ponderación independente a cada obra nin á lectura a primeira vista.

O exercicio instrumental cualificarase de **1 a 10 puntos**, e será necesario obter unha cualificación mínima de **5 puntos** para superalo.

O exercicio teórico-práctico deberá superarse igualmente cunha cualificación mínima de **5 puntos**.

Unha vez superados ambos os exercicios, a cualificación definitiva da proba obterase mediante a seguinte media ponderada:

→ Exercicio instrumental: 60 %.
→ Exercicio auditivo, vocal e de linguaxe musical: 40 %.

A puntuación definitiva deberá ser igual ou superior a **5 puntos** para superar a proba.

4. Repertorio orientativo

- Bloch, Waldemar: *35 Miniaturen für Akkordeon*. Ed. Hohner Verlag Trossingen.
- Didas Flory, Angelika: *Ferdinand Maus und seine Freunde*. Ed. Wunn.
- Garbatini, Sandro: *Simple Songs*. Ed. Bèrben.
- Harris, Eddie: Preparatory Studies for Beginners. Ed. Waterloo.
- Jacomucci, Claudio: Tecnica I per Fisarmonica a Bottoni. Ed. Bèrben.
- Llanos, Ricardo: *Acordeón divertido*. Ed. Antza.
- Noth, Hugo: *Zwanzig Spielstücke*. Ed. Musikverlag Heinz Oettinger.

- Saira, Ari-Matti: *The Little Accordion Player's Toy Box*. Ed. AMS Production.

11.2.2 Proba de acceso a 3º de Grao Elemental

1. Contido da proba

A proba de acceso ao 3º curso de Grao Elemental constará de dous exercicios, ambos de carácter eliminatorio:

a. **Exercicio instrumental**, consistente en:
   - interpretación de **tres obras de libre elección**, adecuadas ao nivel correspondente a 2º de Grao Elemental;
   - interpretación dunha **obra ou exercicio a primeira vista** proposto polo tribunal, adecuado ao nivel.

b. **Exercicio teórico-práctico** para avaliar a capacidade auditiva e vocal, así como os coñecementos de linguaxe musical, de acordo co establecido na Programación Didáctica de Linguaxe Musical.

Cando algunha das obras requira acompañamento musical, este correrá a cargo da persoa aspirante.

2. Criterios de avaliación do exercicio instrumental

A. Dominio técnico — 45 %

CE1. Manter de maneira estable unha posición corporal e instrumental equilibrada durante a execución.

IL1.1. Mantén de maneira estable unha posición corporal equilibrada durante a interpretación.
IL1.2. Mantén unha colocación estable e funcional do acordeón durante os movementos requiridos pola execución.
IL1.3. Realiza os movementos instrumentais con liberdade e economía suficientes, evitando tensións innecesarias.

CE3. Coordinar con precisión suficiente os movementos necesarios para os cambios de posición, a dixitación e a independencia entre manuais nas texturas correspondentes ao nivel.

IL3.1. Coordina con precisión suficiente a acción das dúas mans nas texturas e pasaxes correspondentes ao nivel.
IL3.2. Mantén a independencia entre os manuais cando realizan funcións diferenciadas.
IL3.3. Realiza cambios de posición e desprazamentos con suficiente seguridade e continuidade.
IL3.4. Aplica dixitacións adecuadas ás características das pasaxes.

CE4. Aplicar de maneira consciente o control do fol e da articulación para manter a estabilidade sonora e realizar os recursos sonoros correspondentes ao nivel.

IL4.1. Controla con precisión suficiente o movemento do fol e os cambios de dirección.
IL4.2. Mantén un son estable e controlado ao longo da interpretación.
IL4.3. Diferencia e executa con control suficiente os diferentes tipos de ataque e extinción correspondentes ao nivel.
IL4.4. Mantén con suficiente precisión a diferenciación das articulacións dixitais.
IL4.5. Realiza con control suficiente os matices, as gradacións dinámicas e as acentuacións de fol correspondentes ao nivel.

B. Interpretación — 35 %

CE5. Controlar con suficiente estabilidade o pulso, a precisión rítmica, a continuidade e o tempo nas pezas correspondentes ao nivel.

IL5.1. Mantén un pulso estable ao longo da interpretación.
IL5.2. Executa con precisión os elementos e combinacións rítmicas correspondentes ao nivel.
IL5.3. Mantén a continuidade temporal e restablece con rapidez o fluxo da interpretación ante pequenos desaxustes rítmicos.
IL5.4. Mantén de maneira suficientemente estable o tempo establecido para a peza.

CE6. Interpretar o repertorio aplicando de maneira consciente criterios básicos de estrutura, fraseo, carácter, tempo e rexistración.

IL6.1. Relaciona a estrutura básica da peza coa organización da súa interpretación.
IL6.2. Realiza un fraseo claro e coherente coas características das pezas interpretadas.
IL6.3. Mantén e diferencia adecuadamente o carácter das pezas interpretadas.
IL6.4. Emprega un tempo adecuado ao carácter da peza, dentro das posibilidades técnicas propias do nivel.
IL6.5. Emprega unha rexistración adecuada ás características das pezas interpretadas.

CE7. Comprender e aplicar a notación correspondente ao nivel e realizar a primeira vista pezas sinxelas mediante unha observación previa básica, anticipando a información relevante e mantendo a continuidade.

IL7.1. Comprende e aplica con seguridade suficiente as grafías musicais e acordeonísticas correspondentes ao nivel.
IL7.2. Identifica antes da lectura os principais elementos que poden condicionar a execución e anticipa as dificultades máis evidentes.
IL7.3. Realiza a primeira vista pezas sinxelas mantendo a continuidade ante pequenas dificultades.
IL7.4. Integra na lectura as principais indicacións musicais da partitura correspondentes ao nivel.

C. Adecuación estilística — 10 %

CE6. Interpretar as pezas presentadas mantendo de maneira suficientemente clara o carácter correspondente.
IL6.3. Mantén de maneira suficientemente clara o carácter das pezas interpretadas.

D. Madurez musical e autonomía básica — 10 %

CE11. Interpretar repertorio adecuado ao nivel con preparación e seguridade básicas, mantendo o control da actuación ante pequenas incidencias.

IL11.2. Mantén un control básico da situación interpretativa e continúa a actuación ante pequenas incidencias.

3. Criterios de cualificación

A cualificación do exercicio instrumental obterase aplicando as seguintes ponderacións:

→ Dominio técnico: 45 %.
→ Interpretación: 35 %.

→ Adecuación estilística: 10 %.
→ Madurez musical e autonomía básica: 10 %.

As tres obras preparadas e a lectura a primeira vista constituirán as fontes de evidencia para a aplicación dos criterios establecidos. Non se asignará unha ponderación independente a cada obra nin á lectura a primeira vista.

O exercicio instrumental cualificarase de **1 a 10 puntos**, e será necesario obter unha cualificación mínima de **5 puntos** para superalo.

O exercicio teórico-práctico deberá superarse igualmente cunha cualificación mínima de **5 puntos**.

Unha vez superados ambos os exercicios, a cualificación definitiva da proba obterase mediante a seguinte media ponderada:

→ Exercicio instrumental: 60 %.
→ Exercicio auditivo, vocal e de linguaxe musical: 40 %.

A puntuación definitiva deberá ser igual ou superior a **5 puntos** para superar a proba.

4. Repertorio orientativo

- Abbott, Alain: *Pour fabrice*. Ed. Gérard Billaudot.
- Bloch, Waldemar: *35 Miniaturen für Akkordeon*. Ed. Hohner Verlag Trossingen.
- Garbatini, Sandro: *Tre Studietti Facili*. Ed. Bèrben.
- Jacomucci, Claudio: Tecnica I per Fisarmonica a Bottoni. Ed. Bèrben.
- Llanos, Ricardo: *Acordeón divertido*. Ed. Antza.
- Lundquist, Torbjörn: *Allerlei*. Ed. Hohner Verlag Trossingen.
- Ravasio, Luigi: *Ricreazioni*. Ed. Bèrben.
- Takács, Jenö: *Von Fernen Küsten*. Universal Editions.

11.2.3 Proba de acceso a 4º de Grao Elemental

1. Contido da proba

A proba de acceso ao 4º curso de Grao Elemental constará de dous exercicios, ambos de carácter eliminatorio:

a. **Exercicio instrumental**, consistente en:
   - interpretación de **tres obras de diferentes estilos**, adecuadas ao nivel correspondente a 3º de Grao Elemental, das cales **como mínimo unha deberá interpretarse de memoria**;
   - interpretación dunha **obra ou exercicio a primeira vista** proposto polo tribunal, adecuado ao nivel.

   No conxunto das tres obras deberá estar presente o emprego de **MII (baixos estándar)** e de **MIII (baixos libres)**, sen que sexa necesario que ambos os sistemas aparezan en cada obra.

b. **Exercicio teórico-práctico** para avaliar a capacidade auditiva e vocal, así como os coñecementos de linguaxe musical, de acordo co establecido na Programación Didáctica de Linguaxe Musical.

Cando algunha das obras requira acompañamento musical, este correrá a cargo da persoa aspirante.

2. Criterios de avaliación do exercicio instrumental

A. Dominio técnico — 40 %

CE1. Manter de maneira estable unha posición corporal e instrumental equilibrada e funcional durante a execución.

IL1.1. Mantén de maneira estable unha posición corporal equilibrada durante a interpretación.
IL1.2. Mantén unha colocación estable e funcional do acordeón durante os movementos requiridos pola execución.
IL1.3. Realiza os movementos instrumentais con liberdade e economía suficientes, evitando tensións innecesarias.

CE3. Coordinar con precisión suficiente os movementos necesarios para os cambios de posición, a dixitación e a independencia entre manuais nas texturas correspondentes ao nivel.

IL3.1. Coordina con precisión suficiente a acción das dúas mans nas texturas e pasaxes correspondentes ao nivel.
IL3.2. Mantén a independencia entre os manuais cando realizan funcións diferenciadas.
IL3.3. Realiza cambios de posición e desprazamentos con suficiente seguridade e continuidade.
IL3.4. Aplica dixitacións adecuadas ás características das pasaxes.

CE4. Aplicar de maneira consciente o control do fol e da articulación para manter a estabilidade sonora e realizar os recursos sonoros propios do nivel.

IL4.1. Controla con precisión suficiente o movemento do fol e os cambios de dirección.
IL4.2. Mantén un son estable e controlado ao longo da interpretación.
IL4.3. Diferencia e executa con control suficiente os diferentes tipos de ataque e extinción correspondentes ao nivel.
IL4.4. Mantén con suficiente precisión a diferenciación das articulacións dixitais.
IL4.5. Realiza con control suficiente os matices, as gradacións dinámicas e as acentuacións de fol correspondentes ao nivel.

B. Interpretación — 30 %

CE5. Controlar con suficiente estabilidade o pulso, a precisión rítmica, a continuidade e o tempo nas pezas correspondentes ao nivel.

IL5.1. Mantén un pulso estable ao longo da interpretación.
IL5.2. Executa con precisión os elementos e combinacións rítmicas correspondentes ao nivel.
IL5.3. Mantén a continuidade temporal e restablece con rapidez o fluxo da interpretación ante pequenos desaxustes rítmicos.
IL5.4. Mantén de maneira suficientemente estable o tempo establecido para a peza.

CE6. Interpretar o repertorio aplicando de maneira consciente criterios básicos de estrutura, fraseo, carácter, tempo e rexistración.

IL6.1. Relaciona a estrutura básica da peza coa organización da súa interpretación.
IL6.2. Realiza un fraseo claro e coherente coas características das pezas interpretadas.
IL6.3. Mantén e diferencia adecuadamente o carácter das pezas interpretadas.
IL6.4. Emprega un tempo adecuado ao carácter da peza, dentro das posibilidades técnicas propias do nivel.

IL6.6. Emprega unha rexistración adecuada ás características das pezas interpretadas.

CE7. Comprender e aplicar a notación correspondente ao nivel e realizar a primeira vista pezas sinxelas mediante unha observación previa básica, anticipando a información relevante e mantendo a continuidade.

IL7.1. Comprende e aplica con seguridade suficiente as grafías musicais e acordeonísticas correspondentes ao nivel.
IL7.2. Identifica antes da lectura os principais elementos que poden condicionar a execución e anticipa as dificultades máis evidentes.
IL7.3. Realiza a primeira vista pezas sinxelas mantendo a continuidade ante pequenas dificultades.
IL7.4. Integra na lectura as principais indicacións musicais da partitura correspondentes ao nivel.

C. Adecuación estilística — 15 %

CE6. Aplicar criterios básicos de interpretación propios do estilo das obras presentadas.

IL6.5. Aplica criterios básicos de interpretación propios do estilo das obras.

D. Madurez musical e autonomía — 15 %

CE8. Interpretar de memoria unha obra adecuada ao nivel cunha memoria suficientemente estable e recuperable.

IL8.1. Interpreta de memoria a obra seleccionada sen depender da partitura.
IL8.2. Mantén de maneira estable a secuencia memorizada e recupera a interpretación ante pequenos fallos de memoria.

CE11. Interpretar repertorio adecuado ao nivel con seguridade e autocontrol, recuperándose de pequenos erros ou incidencias sen perder o control da situación.

IL11.1. Mantén o autocontrol durante a interpretación e recupérase de pequenos erros ou incidencias sen perder o control da situación.

3. Criterios de cualificación

A cualificación do exercicio instrumental obterase aplicando as seguintes ponderacións:

→ Dominio técnico: 40 %.
→ Interpretación: 30 %.
→ Adecuación estilística: 15 %.
→ Madurez musical e autonomía: 15 %.

As tres obras preparadas e a lectura a primeira vista constituirán as fontes de evidencia para a aplicación dos criterios establecidos. Non se asignará unha ponderación independente a cada obra nin á lectura a primeira vista.

O exercicio instrumental cualificarase de **1 a 10 puntos**, e será necesario obter unha cualificación mínima de **5 puntos** para superalo.

O exercicio teórico-práctico deberá superarse igualmente cunha cualificación mínima de **5 puntos**.

Unha vez superados ambos os exercicios, a cualificación definitiva da proba obterase mediante a seguinte media ponderada:

→ Exercicio instrumental: 60 %.
→ Exercicio auditivo, vocal e de linguaxe musical: 40 %.

A puntuación definitiva deberá ser igual ou superior a **5 puntos** para superar a proba.

4. Repertorio orientativo

- Fleming, Robert: *Puppet Pantomime*. Ed. Waterloo.
- Fraga, Fernando: *A man lixeira*. Ed. Dos Acordes.
- Gurbindo, Fermín: *Saludo a Larri*. Ed. Real Musical.
- Lundquist, Torbjörn: *Allerlei*. Ed. Hohner Verlag Trossingen.
- Newy, Wolfgang: *Kleine Suite für Akkordeon*. Ed. VEB Deutscher Verlag für Musik.
- Przybylski, Bronislaw Kazimierz: *The Four Seasons*. Ed. PWM.
- Schwaen, Kurt: *Weiter Landschaft*. Ed. VEB Deutscher Verlag für Musik.
- VV. AA.: Álbum para Anna Magdalena Bach. Ed. Boileau.

11.2.4 Proba de acceso a 2º de Grao Profesional

1. Contido da proba

A proba de acceso ao 2º curso de Grao Profesional constará de dous exercicios:

a. **Exercicio instrumental**, consistente en:
   - interpretación de **tres obras de diferentes estilos**, adecuadas ao nivel correspondente a 1º de Grao Profesional, das cales **como mínimo unha deberá interpretarse de memoria**;
   - interpretación dunha **obra ou exercicio a primeira vista** proposto polo tribunal, adecuado ao nivel.

   No conxunto das tres obras deberán estar presentes tanto o **MII (baixos estándar)** como o **MIII (baixos libres)**, podendo empregarse en obras diferentes ou dentro dunha mesma obra.

b. **Exercicio teórico-práctico** para valorar os coñecementos das materias dos cursos anteriores ao que se opta.

Cando algunha das obras requira acompañamento musical, este correrá a cargo da persoa aspirante.

2. Criterios de avaliación do exercicio instrumental

A. Dominio técnico — 35 %

CE1. Manter unha relación corpo-instrumento estable e funcional, regulando a posición, o movemento, o esforzo muscular, a relaxación e a respiración de acordo coas esixencias da execución.

IL1.1. Mantén unha relación corpo-instrumento estable e funcional durante a execución.
IL1.2. Realiza os movementos necesarios para a execución con liberdade.
IL1.3. Regula o esforzo muscular evitando tensións innecesarias.
IL1.4. Mantén unha respiración fluída durante a execución.
IL1.5. Corrixe os desaxustes corporais ou instrumentais que interfiren na execución.

CE2. Aplicar con precisión e continuidade a coordinación e a independencia entre manuais, os cambios de posición, os desprazamentos, a dixitación e a articulación dixital, mantendo unha mobilidade dos dedos adecuada ás esixencias do repertorio.

IL2.1. Coordina con precisión a acción dos dous manuais durante a execución.
IL2.2. Mantén a independencia entre os manuais cando realizan funcións diferenciadas.
IL2.3. Realiza os cambios de posición con seguridade e continuidade.
IL2.4. Realiza os desprazamentos con seguridade e continuidade.
IL2.5. Emprega dixitacións adecuadas ás características das pasaxes.
IL2.6. Executa con claridade a articulación dixital requirida polo repertorio.
IL2.7. Mantén unha mobilidade dixital adecuada ás esixencias técnicas do repertorio.

CE3. Controlar o fol e a produción sonora de acordo coas esixencias do repertorio, mantendo un son estable e de calidade e realizando con control os recursos sonoros correspondentes ao nivel.

IL3.1. Controla o movemento do fol durante a execución.
IL3.2. Realiza os cambios de dirección do fol sen interromper a continuidade sonora.
IL3.3. Mantén a estabilidade da produción sonora.
IL3.4. Obtén unha calidade sonora adecuada ás esixencias do repertorio.
IL3.5. Controla con claridade os ataques e as extincións do son.
IL3.6. Realiza as variacións dinámicas requiridas polo repertorio.
IL3.7. Realiza as acentuacións de fol requiridas polo repertorio.
IL3.8. Emprega correctamente os rexistros requiridos polo repertorio.
IL3.9. Executa con control os demais recursos e efectos sonoros correspondentes ao nivel.

B. Interpretación — 35 %

CE4. Controlar con estabilidade o pulso, a precisión rítmica, a continuidade e o tempo, realizando con control os cambios de tempo e as modificacións agóxicas requiridas polo repertorio.

IL4.1. Mantén un pulso estable durante a interpretación.
IL4.2. Executa con precisión os elementos e estruturas rítmicas do repertorio.
IL4.3. Mantén a continuidade temporal da interpretación.
IL4.4. Mantén con estabilidade o tempo establecido.
IL4.5. Realiza con control os cambios de tempo requiridos polo repertorio.
IL4.6. Realiza con control as modificacións agóxicas requiridas polo repertorio.

CE5. Interpretar obras completas adecuadas ao nivel con continuidade e control global, integrando de maneira coherente os recursos técnicos e musicais.

IL5.1. Mantén a continuidade ao longo da interpretación da obra.
IL5.2. Integra de maneira coherente os recursos técnicos e musicais durante a interpretación.
IL5.3. Mantén unha realización estable ao longo das diferentes seccións da obra.

CE7. Ler a primeira vista textos adecuados ao nivel mediante unha observación previa eficaz e a anticipación da información relevante, aplicando con seguridade a notación musical e acordeonística e mantendo unha lectura suficientemente continua e coherente.

IL7.1. Realiza unha observación previa eficaz da partitura antes de iniciar a lectura.
IL7.2. Anticipa durante a lectura a información relevante para continuar a execución.
IL7.3. Descodifica con seguridade as alturas, o ritmo e a escritura acordeonística presentes no texto.
IL7.4. Mantén unha continuidade suficiente durante a lectura, evitando interrupcións innecesarias.
IL7.5. Integra na lectura as indicacións expresivas presentes na partitura.

C. Adecuación estilística — 15 %

CE6. Aplicar á interpretación a comprensión da estrutura, o carácter e o estilo das obras, as convencións interpretativas correspondentes e decisións interpretativas coherentes.

IL6.1. Emprega a comprensión da estrutura da obra para organizar a interpretación.
IL6.2. Mantén un carácter coherente coas características da obra.
IL6.3. Aplica as convencións interpretativas correspondentes ao estilo e á época da obra.
IL6.4. Organiza o fraseo de maneira coherente coa obra.
IL6.5. Adopta decisións interpretativas coherentes dentro das marxes de flexibilidade que ofrece o texto musical.

D. Madurez musical e autonomía — 15 %

CE8. Interpretar de memoria repertorio adecuado ao nivel cunha memoria estable e recuperable.

IL8.1. Interpreta de memoria a obra seleccionada sen depender da partitura.
IL8.2. Mantén con estabilidade a información memorizada durante a interpretación.
IL8.3. Recupera a continuidade ante posibles fallos de memoria.

CE12. Interpretar repertorio adecuado ao nivel mantendo a concentración, o autocontrol e unha presenza escénica natural, comunicando musicalmente e xestionando adecuadamente as incidencias que poidan producirse.

IL12.1. Mantén a concentración durante a interpretación.
IL12.2. Mantén o autocontrol durante a interpretación.
IL12.3. Mostra unha presenza escénica natural durante a interpretación.
IL12.4. Comunica musicalmente durante a interpretación.
IL12.5. Xestiona adecuadamente as incidencias que xorden durante a interpretación.

3. Criterios de cualificación

A cualificación do exercicio instrumental obterase aplicando as seguintes ponderacións:

→ Dominio técnico: 35 %.
→ Interpretación: 35 %.
→ Adecuación estilística: 15 %.
→ Madurez musical e autonomía: 15 %.

As tres obras presentadas e a lectura a primeira vista constituirán as fontes de evidencia para a aplicación dos criterios establecidos.

O exercicio instrumental cualificarase de **0 a 10 puntos**, e será necesario obter unha cualificación mínima de **5 puntos** para superalo.

O exercicio teórico-práctico cualificarase igualmente de **0 a 10 puntos**, e será necesario obter unha cualificación mínima de **5 puntos** para superalo.

Unha vez superados ambos os exercicios, a cualificación definitiva da proba obterase mediante a seguinte media ponderada:

→ Exercicio instrumental: 70 %.
→ Exercicio teórico-práctico: 30 %.

A puntuación definitiva deberá ser igual ou superior a **5 puntos** para superar a proba.

4. Repertorio orientativo

- Cárcamo, Juan Carlos: *Akelarre*. Ed. Bèrben.
- Feld, Jindrich: *Zweistimmige Partita*. Ed. Hohner Verlag Trossingen.
- Lundquist, Torbjörn: *Neun zweistimmige Inventionen*. Ed. Hohner Verlag Trossingen.
- Olczak, Krzysztof: *Suite para nenos nº 3*. Ed. Fata.
- Rueda, Jesús: *Invenciones*. Ed. Acco-Music.
- Schwaen, Kurt: *Etüde*. Ed. VEB Deutscher Verlag für Musik.
- Valpola, Heikki: *Clowns*. Ed. Hohner Verlag Trossingen.
- Zolotaryov, Vladislav: *Kindersuite nº 1*. Ed. Intermusik Smülling.

11.2.5 Proba de acceso a 3º de Grao Profesional

1. Contido da proba

A proba de acceso ao 3º curso de Grao Profesional constará de dous exercicios:

a. **Exercicio instrumental**, consistente en:
   - interpretación de **tres obras de diferentes estilos**, adecuadas ao nivel correspondente a 2º de Grao Profesional, das cales **como mínimo unha deberá interpretarse de memoria**;
   - interpretación dunha **obra ou exercicio a primeira vista** proposto polo tribunal, adecuado ao nivel.

   No conxunto das tres obras deberán estar presentes tanto o **MII (baixos estándar)** como o **MIII (baixos libres)**, podendo empregarse en obras diferentes ou dentro dunha mesma obra.

b. **Exercicio teórico-práctico** para valorar os coñecementos das materias dos cursos anteriores ao que se opta.

Cando algunha das obras requira acompañamento musical, este correrá a cargo da persoa aspirante.

2. Criterios de avaliación do exercicio instrumental

A. Dominio técnico — 35 %

CE1. Manter unha relación corpo-instrumento estable e funcional, regulando con suficiente autonomía a posición, o movemento, o esforzo muscular, a relaxación e a respiración de acordo coas esixencias da execución.

IL1.1. Mantén unha relación corpo-instrumento estable e funcional durante a execución.
IL1.2. Realiza os movementos necesarios para a execución con liberdade.
IL1.3. Regula o esforzo muscular evitando tensións innecesarias.
IL1.4. Mantén unha respiración fluída durante a execución.
IL1.5. Corrixe os desaxustes corporais ou instrumentais que interfiren na execución.

CE2. Aplicar con precisión e continuidade a coordinación e a independencia entre manuais, os cambios de posición, os desprazamentos, a dixitación e a articulación dixital, mantendo unha mobilidade dos dedos adecuada ás esixencias do repertorio.

IL2.1. Coordina con precisión a acción dos dous manuais durante a execución.

IL2.2. Mantén a independencia entre os manuais cando realizan funcións diferenciadas.
IL2.3. Realiza os cambios de posición con seguridade e continuidade.
IL2.4. Realiza os desprazamentos con seguridade e continuidade.
IL2.5. Emprega dixitacións adecuadas ás características das pasaxes.
IL2.6. Executa con claridade a articulación dixital requirida polo repertorio.
IL2.7. Mantén unha mobilidade dixital adecuada ás esixencias técnicas do repertorio.

CE3. Controlar o fol e a produción sonora de acordo coas esixencias do repertorio, mantendo un son estable e de calidade e realizando con control os recursos sonoros correspondentes ao nivel.

IL3.1. Controla o movemento do fol durante a execución.
IL3.2. Realiza os cambios de dirección do fol sen interromper a continuidade sonora.
IL3.3. Mantén a estabilidade da produción sonora.
IL3.4. Obtén unha calidade sonora adecuada ás esixencias do repertorio.
IL3.5. Controla con claridade os ataques e as extincións do son.
IL3.6. Realiza as variacións dinámicas requiridas polo repertorio.
IL3.7. Realiza as acentuacións de fol requiridas polo repertorio.
IL3.8. Emprega correctamente os rexistros requiridos polo repertorio.
IL3.9. Executa con control os demais recursos e efectos sonoros correspondentes ao nivel.

B. Interpretación — 35 %

CE4. Controlar con estabilidade o pulso, a precisión rítmica, a continuidade e o tempo, realizando con control os cambios de tempo e as modificacións agóxicas requiridas polo repertorio.

IL4.1. Mantén un pulso estable durante a interpretación.
IL4.2. Executa con precisión os elementos e estruturas rítmicas do repertorio.
IL4.3. Mantén a continuidade temporal da interpretación.
IL4.4. Mantén con estabilidade o tempo establecido.
IL4.5. Realiza con control os cambios de tempo requiridos polo repertorio.
IL4.6. Realiza con control as modificacións agóxicas requiridas polo repertorio.

CE5. Interpretar obras completas adecuadas ao nivel con continuidade e control global, integrando de maneira coherente os recursos técnicos e musicais.

IL5.1. Mantén a continuidade ao longo da interpretación da obra.
IL5.2. Integra de maneira coherente os recursos técnicos e musicais durante a interpretación.
IL5.3. Mantén unha realización estable ao longo das diferentes seccións da obra.

CE7. Ler a primeira vista textos adecuados ao nivel mediante unha observación previa eficaz e a anticipación da información relevante, aplicando con seguridade a notación musical e acordeonística e mantendo unha lectura continua e coherente.

IL7.1. Realiza unha observación previa eficaz da partitura antes de iniciar a lectura.
IL7.2. Anticipa durante a lectura a información relevante para continuar a execución.
IL7.3. Descodifica con seguridade as alturas, o ritmo e a escritura acordeonística presentes no texto.
IL7.4. Mantén a continuidade da lectura, evitando interrupcións innecesarias.
IL7.5. Integra na lectura as indicacións expresivas presentes na partitura.

C. Adecuación estilística — 15 %

CE6. Aplicar á interpretación, con suficiente autonomía, a comprensión da estrutura, o carácter e o estilo das obras, as convencións interpretativas correspondentes e decisións interpretativas coherentes.

IL6.1. Emprega a comprensión da estrutura da obra para organizar a interpretación.
IL6.2. Mantén un carácter coherente coas características da obra.
IL6.3. Aplica as convencións interpretativas correspondentes ao estilo e á época da obra.
IL6.4. Organiza o fraseo de maneira coherente coa obra.
IL6.5. Adopta con suficiente autonomía decisións interpretativas dentro das marxes de flexibilidade que ofrece o texto musical.

D. Madurez musical e autonomía — 15 %

CE8. Interpretar de memoria repertorio adecuado ao nivel cunha memoria estable e recuperable.

IL8.1. Interpreta de memoria a obra seleccionada sen depender da partitura.
IL8.2. Mantén con estabilidade a información memorizada durante a interpretación.
IL8.3. Recupera a continuidade ante posibles fallos de memoria.

CE12. Interpretar repertorio adecuado ao nivel mantendo a concentración, o autocontrol e unha presenza escénica natural, comunicando musicalmente e xestionando adecuadamente as incidencias que poidan producirse.

IL12.1. Mantén a concentración durante a interpretación.
IL12.2. Mantén o autocontrol durante a interpretación.
IL12.3. Mostra unha presenza escénica natural durante a interpretación.
IL12.4. Comunica musicalmente durante a interpretación.
IL12.5. Xestiona adecuadamente as incidencias que xorden durante a interpretación.

3. Criterios de cualificación

A cualificación do exercicio instrumental obterase aplicando as seguintes ponderacións:

→ Dominio técnico: 35 %.
→ Interpretación: 35 %.
→ Adecuación estilística: 15 %.
→ Madurez musical e autonomía: 15 %.

As tres obras presentadas e a lectura a primeira vista constituirán as fontes de evidencia para a aplicación dos criterios establecidos.

O exercicio instrumental cualificarase de **0 a 10 puntos**, e será necesario obter unha cualificación mínima de **5 puntos** para superalo.

O exercicio teórico-práctico cualificarase igualmente de **0 a 10 puntos**, e será necesario obter unha cualificación mínima de **5 puntos** para superalo.

Unha vez superados ambos os exercicios, a cualificación definitiva da proba obterase mediante a seguinte media ponderada:

→ Exercicio instrumental: 70 %.
→ Exercicio teórico-práctico: 30 %.

A puntuación definitiva deberá ser igual ou superior a **5 puntos** para superar a proba.

4. Repertorio orientativo

- Bach, Johann Sebastian: *Invencións a dúas voces*. Ed. Urtex.
- Busseuil, Patrick: *Animalia*. Ed. Musique Semaphore Diffusion.
- Ganzer, Jürgen: *Fünf Stücke für Akkordeon*. Ed. VEB Deutscher Verlag für Musik.
- Gurbindo, Fermín: *Safari*. Ed. Bèrben.
- Jacobi, Wolfgang: *Acht Vortragstucke*. Ed. Preissler München.
- Richter, Werner: *Konstellation zu H·E·G·A*. Ed. VEB Deutscher Verlag für Musik.
- Valpola, Heikki: *Clowns II*. Ed. Hohner Verlag Trossingen.
- Zolotaryov, Vladislav: *Kindersuite nº 2*. Ed. Intermusik Smülling.

11.2.6 Proba de acceso a 4º de Grao Profesional

1. Contido da proba

A proba de acceso ao 4º curso de Grao Profesional constará de dous exercicios:

a. **Exercicio instrumental**, consistente en:
   - interpretación de **tres obras de diferentes estilos**, adecuadas ao nivel correspondente a 3º de Grao Profesional, das cales **como mínimo unha deberá interpretarse de memoria**;
   - interpretación dunha **obra ou exercicio a primeira vista** proposto polo tribunal, adecuado ao nivel.

   No conxunto das tres obras deberán estar presentes tanto o **MII (baixos estándar)** como o **MIII (baixos libres)**, podendo empregarse en obras diferentes ou dentro dunha mesma obra.

b. **Exercicio teórico-práctico** para valorar os coñecementos das materias dos cursos anteriores ao que se opta.

Cando algunha das obras requira acompañamento musical, este correrá a cargo da persoa aspirante.

2. Criterios de avaliación do exercicio instrumental

A. Dominio técnico — 35 %

CE1. Manter con autonomía unha relación corpo-instrumento estable e funcional, regulando a posición, o movemento, o esforzo muscular, a relaxación e a respiración de acordo coas esixencias da execución.

IL1.1. Mantén unha relación corpo-instrumento estable e funcional durante a execución.
IL1.2. Realiza os movementos necesarios para a execución con liberdade.
IL1.3. Regula o esforzo muscular evitando tensións innecesarias.
IL1.4. Mantén unha respiración fluída durante a execución.
IL1.5. Corrixe os desaxustes corporais ou instrumentais que interfiren na execución.

CE2. Aplicar con precisión e autonomía suficiente a coordinación e a independencia entre manuais, os cambios de posición, os desprazamentos, a dixitación e a articulación dixital, adaptándoos ás esixencias das diferentes texturas e pasaxes do repertorio.

IL2.1. Coordina con precisión a acción dos manuais nas diferentes texturas do repertorio.

IL2.2. Mantén a independencia entre os manuais cando realizan funcións diferenciadas.
IL2.3. Realiza os cambios de posición con seguridade e continuidade.
IL2.4. Realiza os desprazamentos con seguridade e continuidade.
IL2.5. Selecciona con autonomía suficiente dixitacións adecuadas ás características das pasaxes.
IL2.6. Adapta con autonomía suficiente a articulación dixital ás esixencias técnicas das diferentes pasaxes.
IL2.7. Mantén unha mobilidade dixital adecuada ás esixencias técnicas do repertorio.

CE3. Controlar con autonomía suficiente o fol e a produción sonora de acordo coas esixencias do repertorio, mantendo un son estable e de calidade e realizando con control os recursos sonoros correspondentes ao nivel.

IL3.1. Controla con autonomía suficiente o movemento do fol durante a execución.
IL3.2. Realiza os cambios de dirección do fol sen interromper a continuidade sonora.
IL3.3. Mantén a estabilidade da produción sonora.
IL3.4. Obtén unha calidade sonora adecuada ás esixencias do repertorio.
IL3.5. Controla con claridade os ataques e as extincións do son.
IL3.6. Realiza con autonomía suficiente as variacións dinámicas requiridas polo repertorio.
IL3.7. Realiza con autonomía suficiente as acentuacións de fol requiridas polo repertorio.
IL3.8. Emprega correctamente os rexistros requiridos polo repertorio.
IL3.9. Executa con autonomía suficiente os demais recursos e efectos sonoros correspondentes ao nivel.

B. Interpretación — 35 %

CE4. Controlar con estabilidade o pulso, a precisión rítmica, a continuidade e o tempo, realizando con control os cambios de tempo e as modificacións agóxicas requiridas polo repertorio.

IL4.1. Mantén un pulso estable durante a interpretación.
IL4.2. Executa con precisión os elementos e estruturas rítmicas do repertorio.
IL4.3. Mantén a continuidade temporal da interpretación.
IL4.4. Mantén con estabilidade o tempo establecido.
IL4.5. Realiza con control os cambios de tempo requiridos polo repertorio.
IL4.6. Realiza con control as modificacións agóxicas requiridas polo repertorio.

CE5. Interpretar obras completas adecuadas ao nivel con continuidade e control global, integrando de maneira coherente os recursos técnicos e musicais.

IL5.1. Mantén a continuidade ao longo da interpretación da obra.
IL5.2. Integra de maneira coherente os recursos técnicos e musicais durante a interpretación.
IL5.3. Mantén unha realización estable ao longo das diferentes seccións da obra.

CE7. Ler a primeira vista textos adecuados ao nivel empregando con autonomía suficiente a observación previa e a anticipación da información relevante, aplicando con seguridade a notación musical e acordeonística e mantendo unha lectura continua e coherente.

IL7.1. Realiza con autonomía suficiente unha observación previa eficaz da partitura antes de iniciar a lectura.
IL7.2. Anticipa durante a lectura a información relevante para continuar a execución.
IL7.3. Descodifica con seguridade as alturas, o ritmo e a escritura acordeonística presentes no texto.

IL7.4. Mantén a continuidade da lectura, evitando interrupcións innecesarias.
IL7.5. Integra na lectura as indicacións expresivas presentes na partitura.

C. Adecuación estilística — 15 %

CE6. Aplicar á interpretación, con autonomía suficiente, a comprensión da estrutura, o carácter e o estilo das obras e as convencións interpretativas correspondentes, adoptando e fundamentando decisións interpretativas coherentes.

IL6.1. Emprega a comprensión da estrutura da obra para organizar a interpretación.
IL6.2. Mantén un carácter coherente coas características da obra.
IL6.3. Aplica as convencións interpretativas correspondentes ao estilo e á época da obra.
IL6.4. Organiza o fraseo de maneira coherente coa obra.
IL6.5. Adopta con autonomía suficiente decisións interpretativas dentro das marxes de flexibilidade que ofrece o texto musical.
IL6.6. Fundamenta as decisións interpretativas adoptadas.

D. Madurez musical e autonomía — 15 %

CE8. Interpretar de memoria repertorio adecuado ao nivel cunha memoria estable e recuperable.

IL8.1. Interpreta de memoria a obra seleccionada sen depender da partitura.
IL8.2. Mantén con estabilidade a información memorizada durante a interpretación.
IL8.3. Recupera a continuidade ante posibles fallos de memoria.

CE12. Interpretar repertorio adecuado ao nivel mantendo de maneira estable a concentración, o autocontrol e a comunicación musical, e xestionando adecuadamente as incidencias que poidan producirse.

IL12.1. Mantén de maneira estable a concentración durante a interpretación.
IL12.2. Mantén de maneira estable o autocontrol durante a interpretación.
IL12.3. Mantén unha presenza escénica natural durante a interpretación.
IL12.4. Mantén a comunicación musical ao longo da interpretación.
IL12.5. Xestiona adecuadamente as incidencias que xorden durante a interpretación.

3. Criterios de cualificación

A cualificación do exercicio instrumental obterase aplicando as seguintes ponderacións:

- → Dominio técnico: 35 %.
- → Interpretación: 35 %.
- → Adecuación estilística: 15 %.
- → Madurez musical e autonomía: 15 %.

As tres obras presentadas e a lectura a primeira vista constituirán as fontes de evidencia para a aplicación dos criterios establecidos.

O exercicio instrumental cualificarase de **0 a 10 puntos**, e será necesario obter unha cualificación mínima de **5 puntos** para superalo.

O exercicio teórico-práctico cualificarase igualmente de **0 a 10 puntos**, e será necesario obter unha cualificación mínima de **5 puntos** para superalo.

Unha vez superados ambos os exercicios, a cualificación definitiva da proba obterase mediante a seguinte media ponderada:

→ Exercicio instrumental: 70 %.
→ Exercicio teórico-práctico: 30 %.

A puntuación definitiva deberá ser igual ou superior a **5 puntos** para superar a proba.

4. Repertorio orientativo

- Angelis, Franck: *Vals du Clown*. Ed. R.D.C. Records.
- Bach, Johann Sebastian: *Invencións a dúas voces*. Ed. Urtex.
- Fancelli, Luciano: *Pupazzetti*. Ed. Bèrben.
- Jacobi, Wolfgang: *6 Walzer-Bagatellen*. Ed. Musikverlag Josef Preissler München.
- Newy, Wolfgang: *Burleske*. Ed. VEB Deutscher Verlag für Musik.
- Noth, Hugo: *Aisthanomai*. Ed. Hohner Verlag.
- Semionov, Viacheslav: *Suite para nenos nº 2*. Ed. Intermusik Smülling.
- Siara, Siegfried: *Suite à la Jazz*. Ed. VEB Deutscher Verlag für Musik.

11.2.7 Proba de acceso a 5º de Grao Profesional

1. Contido da proba

A proba de acceso ao 5º curso de Grao Profesional constará de dous exercicios:

a. **Exercicio instrumental**, consistente en:
   - interpretación de **tres obras de diferentes estilos**, adecuadas ao nivel correspondente a 4º de Grao Profesional, das cales **como mínimo unha deberá interpretarse de memoria**;
   - interpretación dunha **obra ou exercicio a primeira vista** proposto polo tribunal, adecuado ao nivel.

   No conxunto das tres obras deberán estar presentes tanto o **MII (baixos estándar)** como o **MIII (baixos libres)**, podendo empregarse en obras diferentes ou dentro dunha mesma obra.

b. **Exercicio teórico-práctico** para valorar os coñecementos das materias dos cursos anteriores ao que se opta.

Cando algunha das obras requira acompañamento musical, este correrá a cargo da persoa aspirante.

2. Criterios de avaliación do exercicio instrumental

A. Dominio técnico — 35 %

CE1. Adaptar con autonomía a relación corpo-instrumento ás esixencias da execución, regulando de maneira funcional a posición, o movemento, o esforzo muscular, a relaxación e a respiración.

IL1.1. Mantén unha relación corpo-instrumento estable e funcional durante a execución.
IL1.2. Realiza os movementos necesarios para a execución con liberdade.
IL1.3. Regula o esforzo muscular evitando tensións innecesarias.
IL1.4. Mantén unha respiración fluída durante a execución.
IL1.5. Corrixe os desaxustes corporais ou instrumentais que interfiren na execución.

CE2. Aplicar con precisión e autonomía a coordinación e a independencia entre manuais, os cambios de posición, os desprazamentos, a dixitación e a articulación dixital, adaptándoos ás esixencias das diferentes texturas e pasaxes do repertorio.

IL2.1. Coordina con precisión a acción dos manuais nas diferentes texturas do repertorio.
IL2.2. Mantén a independencia entre os manuais cando realizan funcións diferenciadas.
IL2.3. Realiza os cambios de posición con seguridade e continuidade.
IL2.4. Realiza os desprazamentos con seguridade e continuidade.
IL2.5. Selecciona con autonomía dixitacións adecuadas ás características das pasaxes.
IL2.6. Adapta con autonomía a articulación dixital ás esixencias técnicas das diferentes pasaxes.
IL2.7. Mantén unha mobilidade dixital adecuada ás esixencias técnicas do repertorio.

CE3. Controlar con autonomía o fol e a produción sonora de acordo coas esixencias do repertorio, mantendo un son estable e de calidade e realizando con control os recursos sonoros correspondentes ao nivel.

IL3.1. Controla con autonomía o movemento do fol durante a execución.
IL3.2. Realiza os cambios de dirección do fol sen interromper a continuidade sonora.
IL3.3. Mantén a estabilidade da produción sonora.
IL3.4. Obtén unha calidade sonora adecuada ás esixencias do repertorio.
IL3.5. Controla con claridade os ataques e as extincións do son.
IL3.6. Realiza con autonomía as variacións dinámicas requiridas polo repertorio.
IL3.7. Realiza con autonomía as acentuacións de fol requiridas polo repertorio.
IL3.8. Emprega correctamente os rexistros requiridos polo repertorio.
IL3.9. Executa con autonomía os demais recursos e efectos sonoros correspondentes ao nivel.

B. Interpretación — 35 %

CE4. Controlar con estabilidade o pulso, a precisión rítmica, a continuidade e o tempo, realizando con control os cambios de tempo e as modificacións agóxicas requiridas polo repertorio.

IL4.1. Mantén un pulso estable durante a interpretación.
IL4.2. Executa con precisión os elementos e estruturas rítmicas do repertorio.
IL4.3. Mantén a continuidade temporal da interpretación.
IL4.4. Mantén con estabilidade o tempo establecido.
IL4.5. Realiza con control os cambios de tempo requiridos polo repertorio.
IL4.6. Realiza con control as modificacións agóxicas requiridas polo repertorio.

CE5. Interpretar con autonomía obras completas adecuadas ao nivel, mantendo a continuidade e o control global e integrando de maneira coherente os recursos técnicos e musicais.

IL5.1. Mantén a continuidade ao longo da interpretación da obra.
IL5.2. Integra de maneira coherente os recursos técnicos e musicais durante a interpretación.
IL5.3. Mantén unha realización estable ao longo das diferentes seccións da obra.
IL5.4. Sostén con autonomía a interpretación completa da obra.

CE7. Ler a primeira vista textos adecuados ao nivel empregando con autonomía a observación previa e a anticipación da información relevante, aplicando con seguridade a notación musical e acordeonística e mantendo unha lectura fluída e coherente.

IL7.1. Realiza con autonomía unha observación previa eficaz da partitura antes de iniciar a lectura.

IL7.2. Anticipa durante a lectura a información relevante para continuar a execución.
IL7.3. Descodifica con seguridade as alturas, o ritmo e a escritura acordeonística presentes no texto.
IL7.4. Mantén unha lectura fluída, evitando interrupcións innecesarias.
IL7.5. Integra na lectura as indicacións expresivas presentes na partitura.

C. Adecuación estilística — 15 %

CE6. Aplicar con autonomía á interpretación a comprensión da estrutura, o carácter e o estilo das obras e as convencións interpretativas correspondentes, adoptando e fundamentando decisións interpretativas coherentes.

IL6.1. Emprega con autonomía a comprensión da estrutura para organizar a interpretación.
IL6.2. Mantén un carácter coherente coas características da obra.
IL6.3. Aplica con autonomía as convencións interpretativas correspondentes ao estilo e á época da obra.
IL6.4. Organiza con autonomía o fraseo de maneira coherente coa obra.
IL6.5. Adopta con autonomía decisións interpretativas dentro das marxes de flexibilidade que ofrece o texto musical.
IL6.6. Fundamenta as decisións interpretativas adoptadas.

D. Madurez musical e autonomía — 15 %

CE8. Interpretar de memoria repertorio adecuado ao nivel cunha memoria estable e recuperable.

IL8.1. Interpreta de memoria a obra seleccionada sen depender da partitura.
IL8.2. Mantén con estabilidade a información memorizada durante a interpretación.
IL8.3. Recupera a continuidade ante posibles fallos de memoria.

CE12. Xestionar con autonomía a situación de interpretación, mantendo a concentración, o autocontrol, unha presenza escénica natural e a comunicación musical ao longo da actuación.

IL12.1. Mantén de maneira estable a concentración durante toda a interpretación.
IL12.2. Mantén de maneira estable o autocontrol durante toda a interpretación.
IL12.3. Mantén unha presenza escénica natural durante a interpretación.
IL12.4. Mantén a comunicación musical ao longo da interpretación.
IL12.5. Xestiona con autonomía as incidencias que xorden durante a interpretación.

3. Criterios de cualificación

A cualificación do exercicio instrumental obterase aplicando as seguintes ponderacións:

→ Dominio técnico: 35 %.
→ Interpretación: 35 %.
→ Adecuación estilística: 15 %.
→ Madurez musical e autonomía: 15 %.

As tres obras presentadas e a lectura a primeira vista constituirán as fontes de evidencia para a aplicación dos criterios establecidos.

O exercicio instrumental cualificarase de **0 a 10 puntos**, e será necesario obter unha cualificación mínima de **5 puntos** para superalo.

O exercicio teórico-práctico cualificarase igualmente de **0 a 10 puntos**, e será necesario obter unha cualificación mínima de **5 puntos** para superalo.

Unha vez superados ambos os exercicios, a cualificación definitiva da proba obterase mediante a seguinte media ponderada:

→ Exercicio instrumental: 70 %.
→ Exercicio teórico-práctico: 30 %.

A puntuación definitiva deberá ser igual ou superior a **5 puntos** para superar a proba.

4. Repertorio orientativo

- Angelis, Franck: *Soliloque*. Ed. Bèrben.
- Fugazza, Felice: *Preludio e Fuga*. Ed. Bèrben.
- Kunz, Hans: *Toccata*. Ed. Musikverlag Josef Preissler.
- Lundquist, Torbjörn: *Sonatina Piccola*. Ed. Hohner Verlag Trossingen.
- Rosenetzki, Ernst-Günter: *Fantasie nº 1*. Ed. VEB Deutscher Verlag für Musik.
- Scarlatti, Domenico: *Sonatas para clave*. Ed. Ricordi.
- Siara, Siegfried: *Suite à la Jazz*. Ed. VEB Deutscher Verlag für Musik.
- Zolotaryov, Vladislav: *Monasterio de Firaponte*. Ed. Intermusik Smülling.

11.2.8 Proba de acceso a 6º de Grao Profesional

1. Contido da proba

A proba de acceso ao 6º curso de Grao Profesional constará de dous exercicios:

a. **Exercicio instrumental**, consistente en:
   - interpretación de **tres obras de diferentes estilos**, adecuadas ao nivel correspondente a 5º de Grao Profesional, das cales **como mínimo unha deberá interpretarse de memoria**;
   - interpretación dunha **obra ou exercicio a primeira vista** proposto polo tribunal, adecuado ao nivel.

   No conxunto das tres obras deberán estar presentes tanto o **MII (baixos estándar)** como o **MIII (baixos libres)**, podendo empregarse en obras diferentes ou dentro dunha mesma obra.

b. **Exercicio teórico-práctico** para valorar os coñecementos das materias dos cursos anteriores ao que se opta.

Cando algunha das obras requira acompañamento musical, este correrá a cargo da persoa aspirante.

2. Criterios de avaliación do exercicio instrumental

A. Dominio técnico — 35 %

CE1. Xestionar con autonomía un uso corporal seguro e eficiente durante a execución, regulando a posición, o movemento, o esforzo muscular, a relaxación e a respiración e corrixindo hábitos corporais pouco funcionais.

IL1.1. Mantén unha relación corpo-instrumento estable e funcional durante a execución.
IL1.2. Adapta os movementos ás esixencias da execución con liberdade e eficacia.
IL1.3. Regula o esforzo muscular evitando tensións innecesarias.

IL1.4. Regula a respiración de acordo coas esixencias da execución.
IL1.5. Corrixe os hábitos corporais pouco funcionais que interfiren na execución.

CE2. Xestionar con autonomía os recursos de teclado, seleccionando e adaptando solucións de coordinación, desprazamento, dixitación e articulación dixital ás esixencias técnicas do repertorio.

IL2.1. Coordina con autonomía a acción dos manuais nas diferentes texturas do repertorio.
IL2.2. Mantén con autonomía a independencia entre os manuais cando realizan funcións diferenciadas.
IL2.3. Realiza os cambios de posición con seguridade e continuidade.
IL2.4. Realiza os desprazamentos con seguridade e continuidade.
IL2.5. Selecciona e adapta con autonomía as dixitacións ás características das pasaxes.
IL2.6. Adapta con autonomía a articulación dixital ás esixencias técnicas das diferentes pasaxes.
IL2.7. Mantén unha mobilidade dixital adecuada ás esixencias técnicas do repertorio.

CE3. Controlar con autonomía o fol e a produción sonora de acordo coas esixencias do repertorio, mantendo un son estable e de calidade e realizando con control os recursos sonoros correspondentes ao nivel.

IL3.1. Controla con autonomía o movemento do fol durante a execución.
IL3.2. Realiza os cambios de dirección do fol sen interromper a continuidade sonora.
IL3.3. Mantén a estabilidade da produción sonora.
IL3.4. Obtén unha calidade sonora adecuada ás esixencias do repertorio.
IL3.5. Controla con claridade os ataques e as extincións do son.
IL3.6. Realiza con autonomía as variacións dinámicas requiridas polo repertorio.
IL3.7. Realiza con autonomía as acentuacións de fol requiridas polo repertorio.
IL3.8. Emprega con autonomía os rexistros requiridos polo repertorio.
IL3.9. Executa con autonomía os demais recursos e efectos sonoros correspondentes ao nivel.

B. Interpretación — 35 %

CE4. Controlar con estabilidade e flexibilidade a organización temporal da interpretación, mantendo a precisión rítmica e a continuidade e realizando con control os cambios de tempo e as modificacións agóxicas requiridas polo repertorio.

IL4.1. Mantén un pulso estable durante a interpretación.
IL4.2. Executa con precisión os elementos e estruturas rítmicas do repertorio.
IL4.3. Mantén a continuidade temporal da interpretación.
IL4.4. Mantén con estabilidade o tempo establecido.
IL4.5. Realiza con control os cambios de tempo requiridos polo repertorio.
IL4.6. Realiza con control as modificacións agóxicas requiridas polo repertorio.
IL4.7. Emprega con control a flexibilidade temporal requirida pola interpretación.

CE5. Interpretar con autonomía obras completas adecuadas ao nivel, mantendo a continuidade e o control global e integrando de maneira coherente os recursos técnicos e musicais.

IL5.1. Mantén a continuidade ao longo da interpretación da obra.
IL5.2. Integra de maneira coherente os recursos técnicos e musicais durante a interpretación.
IL5.3. Mantén unha realización estable ao longo das diferentes seccións da obra.

IL5.4. Sostén con autonomía a interpretación completa da obra.

CE7. Ler con fluidez a primeira vista textos adecuados ao nivel, empregando con autonomía a observación previa e a anticipación da información relevante e aplicando con seguridade a notación musical e acordeonística.

IL7.1. Realiza con autonomía unha observación previa eficaz da partitura antes de iniciar a lectura.
IL7.2. Anticipa durante a lectura a información relevante para continuar a execución.
IL7.3. Descodifica con seguridade as alturas, o ritmo e a escritura acordeonística presentes no texto.
IL7.4. Mantén unha lectura fluída, evitando interrupcións innecesarias.
IL7.5. Integra con seguridade na lectura as indicacións expresivas presentes na partitura.

C. Adecuación estilística — 15 %

CE6. Construír con autonomía unha interpretación coherente e fundamentada a partir da comprensión da estrutura, o carácter e o estilo da obra, das convencións interpretativas e das posibilidades que ofrece o texto musical.

IL6.1. Emprega con autonomía a comprensión da estrutura para organizar a interpretación.
IL6.2. Mantén un carácter coherente coas características da obra.
IL6.3. Aplica con autonomía as convencións interpretativas correspondentes ao estilo e á época da obra.
IL6.4. Organiza con autonomía o fraseo de maneira coherente coa obra.
IL6.5. Adopta con autonomía decisións interpretativas dentro das marxes de flexibilidade que ofrece o texto musical.
IL6.6. Fundamenta as decisións interpretativas adoptadas.

D. Madurez musical e autonomía — 15 %

CE8. Interpretar de memoria repertorio adecuado ao nivel cunha memoria estable, comprensiva e recuperable.

IL8.1. Interpreta de memoria a obra seleccionada sen depender da partitura.
IL8.2. Mantén con estabilidade a información memorizada durante a interpretación.
IL8.3. Recupera a continuidade ante posibles fallos de memoria.

CE12. Interpretar repertorio adecuado ao nivel mantendo a concentración, o autocontrol, unha presenza escénica natural e a comunicación musical, e xestionando con autonomía as incidencias que poidan producirse.

IL12.1. Mantén a concentración durante a interpretación.
IL12.2. Mantén o autocontrol durante a interpretación.
IL12.3. Mantén unha presenza escénica natural durante a interpretación.
IL12.4. Mantén a comunicación musical ao longo da interpretación.
IL12.5. Xestiona con autonomía as incidencias que xorden durante a interpretación.

3. Criterios de cualificación

A cualificación do exercicio instrumental obterase aplicando as seguintes ponderacións:

→ Dominio técnico: 35 %.
→ Interpretación: 35 %.

→ Adecuación estilística: 15 %.
→ Madurez musical e autonomía: 15 %.

As tres obras presentadas e a lectura a primeira vista constituirán as fontes de evidencia para a aplicación dos criterios establecidos.

O exercicio instrumental cualificarase de **0 a 10 puntos**, e será necesario obter unha cualificación mínima de **5 puntos** para superalo.

O exercicio teórico-práctico cualificarase igualmente de **0 a 10 puntos**, e será necesario obter unha cualificación mínima de **5 puntos** para superalo.

Unha vez superados ambos os exercicios, a cualificación definitiva da proba obterase mediante a seguinte media ponderada:

→ Exercicio instrumental: 70 %.
→ Exercicio teórico-práctico: 30 %.

A puntuación definitiva deberá ser igual ou superior a **5 puntos** para superar a proba.

4. Repertorio orientativo

- Busseuil, Patrick: *Laetitia parc*. Ed. Semaphore.
- Dobler, Fritz: *Musik 1982*. Ed. Hohner Verlag Trossingen.
- Fancelli, Luciano: *Acquarelli Cubani*. Ed. Bèrben.
- Makkonen, Petri: *Like swans*. Ed. AMS Production.
- Messina, Russ: *A Trip to the Moon*. Ed. Waterloo.
- Olczak, Krzysztof: *Berceuse*. Ed. Ricordi.
- Precz, Bogdan: *3-3-2*. Ed. Bèrben.
- Trojan, Václav: *Die zertrümmerte Kathedrale*. Ed. Supranhon.

11.3 Criterios para a obtención dos premios fin de grao

Poderán presentarse todos aqueles alumnos e alumnas do Conservatorio Profesional de Música de Carballo que finalizaran 6º de Grao Profesional cunha cualificación media de 8 ou máis, e que non teñan ningunha materia pendente do curso anterior.

O concurso terá lugar ante un tribunal de tres membros, único para todos os candidatos.

Os candidatos interpretarán unha obra ou obras dun nivel axeitado á categoría da proba.

Os candidatos presentarán tres copias de cada obra ao tribunal.

O tribunal, proposto pola dirección do centro, será publicado con antelación no taboleiro de anuncios do centro, así como os horarios exactos de celebración do concurso.

Os candidatos terán que aportar o seu pianista nas especialidades que así o precisen.

Tanto a selección como posibles concertos derivados desta convocatoria poderán ser gravados polo centro e empregados con fins pedagóxicos.

O tribunal terá plena liberdade para interrumpir a interpretación dos candidatos cando o considere oportuno. A duración de cada intervención non superará os 20 minutos, e terá unha duración mínima de 15.

Criterios de avaliación

→ Interpretar as obras amosando o control técnico do instrumento. Con este criterio comprobaráse que o alumno ou alumna demostra unha excelente capacidade e control técnico pleno do instrumento e valoraráse segundo os seguintes indicadores:
  - Dificultade do repertorio.
  - Control do ritmo e medida das figuras.
  - Claridade e igualdade de dixitación.
  - Calidade do son.

→ Interpretar as obras con coherencia no estilo interpretativo en concordancia coa estética das mesmas. Con este criterio valorarase o estilo interpretativo do alumno ou alumna mediante os seguintes indicadores:
  - Aplicación das articulacións segundo o estilo da obra.
  - Adecuación sonora aos diferentes estilos.
  - Adaptación das dinámicas a cada estilo de interpretación.
  - Corrección na execución dos ornamentos.

→ Interpretar as partituras con rigor e calidade respecto a movementos, notas e tempos. Con este criterio comprobarase o rigor do alumno ou alumna na interpretación das obras que se valorará mediante os seguintes indicadores:
  - Respecto dos aires e movementos.
  - Fidelidade nas indicacións agóxicas e dinámicas contidas na partitura.
  - Exactitude na exposición das notas.

→ Amosar as dotes artísticas e unha excepcional capacidade de comunicación musical. Con este criterio valorarase a interpretación artística do alumno ou alumna mediante os seguintes indicadores:
  - Capacidade de comunicación musical.
  - Concentración ao longo do recital.